

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 16.**

**SESION ORDINARIA DO 26 DE DECEMBRO DE 2018**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Rodríguez Rodríguez, Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO  
POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE  
VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista)  
Figueroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)  
López Barreiro, Margarida (concelleira do grupo municipal de Marea)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día vinte e seis de decembro do ano dous mil dezaioito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín,

González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señores/as concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello ordinario, número 16, convocado en tempo en forma, coa orde do día que obra en poder de tódalas concelleiras/os, constatamos quórum, abrimos sesión pública e iniciamos o Pleno.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(227).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 31.10.2018).**

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta ordinaria do 31 de outubro do 2018.

#### **2(228).- COMPARECENCIA DE D<sup>a</sup> ELISA M. AUSÍN RODRÍGUEZ PARA EXPLICAR A SITUACIÓN ACTUAL DA ATENCIÓN PRIMARIA E DOS PACS NA ÁREA DE VIGO. REXISTRO PLENO 1933/1101.**

ANTECEDENTES: Con data 19.12.2018, número do Rexistro Pleno 1933/1101, D<sup>a</sup> Elisa M. Ausín Rodríguez, solicita comparecer ante ao Pleno do Concello para explicar a situación actual da Atención Primaria e dos PACs na Área de Vigo.

PRESIDENCIA: Benvida D<sup>a</sup> Elisa M. Ausín Rodríguez nesta intervención solicitada por escrito por vostedes e a norma de funcionamento nunha intervención é de aproximadamente 5 minutos, expoñer as súas razón e despois o grupos se así o desexan intervirán facendo mención a súa intervención, ten vostede a palabra.

SRA. AUSÍN RODRÍGUEZ: Moitas grazas, o primeiro que quería dicir é dar a grazas pola oportunidade que me brindan de vir aquí a explicarlles a realidade do meu traballo. Chámome Elisa Ausín, son médico de familia, son traballadora da Sanidade pública desde o ano 2002. O meu percorrido profesional sempre estivo ligado ao PAC, aos Puntos de Atención Continuada, e tiven a oportunidade de traballar en varios, tanto da área de Vigo como doutros puntos Galicia e mesmo noutras comunidades autónomas. Non existe esta categoría pero atreveríame de dicir de min mesma que son “médico especialista en urxencias extrahospitalarias”, en PAC, e desde hai uns meses traballo no PAC de Vigo, nunha praza que gañei por concurso de traslados, despois de aprobar unha oposición isto a min me chega despois de moitos anos, de ter pasado por todos os contratos posibles na sanidade pública, traballei como eventual, como interina, tiven contratos de días, de semanas, de meses y todo isto llo conto porque é a trallectoria que podería ter seguido calquer médico da miña xeración, como veño en representación deles é por isto polo que llo conto, a miña carta de presentación podería ser moi similiar a de calquera outro compañeiro.

O PAC de Vigo no que traballo agora e que é do que lles veño a falar está no antigo hospital Xeral, no lugar que antes ocupaban as urxencias de Pediatría, e é o resultado da fusión dos antigos PACs da rúa Bolivia e de Coia e temos a “sorte” de poder contar nestes momentos cunhas instalacións amplas e suficientes. O cometido que temos no PAC que é un dos dispositivos dos gran esquecidos da sanidade porque non estamos en grandes hospitais nin tampouco facemos cousas especialmente chamativas pero nos encargamos da asistencia extrahospitalaria da poboación fóra do horario dos Centros de Saúde, isto significa que o groso das nosas horas de traballo desenvólvense en horario nocturno, en fins de semana, festivos e polas tardes e encargarse da asistencia extrahospitalaria quere dicir que calquera urxencia e emerxencia que suceda fora do hospital é responsabilidade nosa. Nós asistimos aos pacientes dentro do centro por calquera patoloxía

imaxinable pero tamén nos encargamos das asistenciais en domicilio e na vía pública, tamén temos actividade programada en domicilios, no propio centro. Temos unha variedade e unha posibilidade de situacións que é moi extensa e co cal non sería raro pensar que o persoal sanitario dos PACs tanto enfermeiros como os médicos debería ser persoal altamente cualificado e moi preparado e a realidade é que así é.

Dun tempo a esta parte, a política sanitaria de recortes que a Xunta nos vén impondo fixo un menoscabo importante na calidade da asistencia que se presta tamén nos PACs. Nós somos dispositivos e profesionais que estamos deseñados e acostumados a facer moito con moi pouco, non nos resentimos tanto das carencias materiais, podemos ir sacando adiante o traballo con moi pouco, grazas á nosa vontade e experiencia, pero si que nos afecta moito a carencia de persoal porque do capital humano é do que nos nutrimos e iso é precisamente do que adoecemos a día de hoxe, no momento actual non hai médicos dispostos a traballar nos nosos dispositivos e en ningún e prevese que vaia a ir a peor nos próximos anos. Respecto a este titular de que non hai médicos se dixo moito nos últimos días, a verdade é que eu estiven revisando estadísticas e números de diferentes fontes e a realidade é que non hai médicos que queiran traballar aquí, durante a época de recortes non se fixo nada para invitar os residentes que ían rematando o seu período de formación na nosa áre, non se fixo nada para convidalos a quedarse a traballar con nós, non se ofertaron contratos atractivos e a xente foise marchando a outros lugares. Os médicos xoves non teñen agora mesmo ningunha necesidade de quedarse traballando en áreas que lles ofrecen contratos por días soltos ou contratos continuado que rozan a escravitude, sen calendarios programados entón a efectos prácticos isto supón que non temos o número de traballadores suficientes para ofrecer á poboación unha cobertura suficiente.

Entón, sen efectivos suficientes, os centros de saúde satúranse, as asistenciais que non se poden atender no centro de saúde, acoden ao PAC, no PAC atendemos a todo o mundo que entra pola porta pero se o PAC se satura os traballadores traballamos cun stress engadido, se hai moita xente para atender, o tempo que se pode dedicar é menor, o cansancio aumenta e a posibilidade de erro tamén é maior, cunha situación de sobrecarga asistencial os traballadores tamén nos

vemos afectados, maior stress, maior incidencia de patoloxías como ansiedade, insomnio, hipertensión, xa imos tendo unha idade e por este motivo hai máis posibilidade de baixas laborais, "a pescadilla mórdese a cola" hai menos persoal, aumenta a sobrecarga de traballo, diminúe a calidade da asistencia, aumenta o stress no persoal e con todo isto aumenta a posibilidade de cometer erros e lle lembro que aumenta o número de derivacións ao hospital innecesarias, nos traballamos en atención primaria entre o 80% e 90% dos cadros que atendemos se poden resolver sen necesidade de ser derivados ao segundo nivel, cando sobrecargamos o primeiro nivel, o de atención primaria pois o hospital tamén se ve afectado porque se satura por este motivo, eu creo que todos saímos perdendo.

A falla de persoal en Atención Primaria Ordinaria, nos centros de saúde súplese con axendas máis apertadas, o habitual é comezar a xornada con 37 ocos na axenda que poden aumentar case ata o infinito, os meus compañeiros lle chaman axendas chicle porque sempre se poden estirar un pouco máis e as veces a práctica é que se pode rematar ás veces con ata 60 pacientes atendidos por xornada tranquilamente. No PAC é diferente, nós non funcionamos con axenda, aténdese a todo o mundo que entra pola porta e a xente non vai con cita, as ausencias de persoal deberían estar sempre cubertas, non sempre é posible, como as ausencias deberían sempre estar cubertas pois no PAC conséguese a base de privar ao traballador de dereitos laborais básicos, non quería complicarlles moito con esta historia pero o caso é que os traballadores do PAC poden aumentar a súa xornada por necesidades do servizo, practicamente ata o infinito e se temos en conta que a maior parte desas horas son en tramo nocturno ou en nos fins de semana e festivos pois xa se dan conta que a conciliación familiar para os traballadores como eu pois, nestes momentos e na área da Eoxi de Vigo directamente deixou de existir, a volta de torca de una a nosa Xerencia este verán cando algúns traballadores intentamos acollernos a reducións de xornada por coidado de fillo durante o período estival e nos veu denegada por necesidades de servizo, estamos obrigados a traballar, e botarlle horas e non temos posibilidade de escapatoria, negarnos todo este tipo de dereitos pois a práctica é que deixamos as familias desatendidas e a traballar imos cabreados.

Eu falaba de que as ausencias deberían de estar sempre cubertas no PAC pero isto non é sempre así, entón se non hai persoal nas listas e xurden ausencias

inesperadas, se solucionaría de seguinte maneira, no propio PAC de Vigo, ata a data e segundo a xente que estamos alí traballando está correctamente dimensionado, temos unhas boas instalacións e temos unha boa dotación de persoal, pero nalgún momento nos vimos obrigados a pretar algún dos nosos efectivos médicos para suplir ausencias noutros PACs da área. Entón ocorreu no último ano e con preocupante frecuencia que un médico que comeza a súa xornada no PAC de Vigo e a remete en Redondela ou en Cangas porque a falla dun médico nese dispositivo e temos que prestalo, pois sería un pouco desvestir un santo neste caso perdemos un médico no PAC de Vigo e llo prestamos ao PAC da área que é deficitaria. Como traballadora de PAC, os traballadores do PAC temos moitas máis fronteas abertos, levamos máis dun ano de protestas para pedir dereitos laborais que se nos antollan básicos pero que a día de hoxe non temos recoñecidos, pois o simple feito de caer enfermos, de necesitar unha baixa laboral, de pedir un permiso por falecemento de familiar nos penaliza no cómputo horario anual, para que nos entedamos calquera traballador sanitario do PAC que se colle unha baixa as horas que deixa de ir a traballar ten que recuperalas de maneira parcial ou lle son devengadas do período de vacacións ou dos días de libre disposición.

Necesitamos uniformes adecuados porque os traballadores do PAC somos os que imos asistir aos accidentes de tráfico, as catástrofes, e non temos equipos de protección individual adecuados para prestar ese tipo de asistencia, como poderían ter os bombeiros ou a Policía que fan traballos similares neste tipo de continxencias.

Necesitamos, que si é verdade que a crise rematou que se nos desconxelen o soldo porque levamos dez anos cuns complementos conxelados e na Xunta de Galicia xa nos dixeron que non hai visos de que nolos vaian a desconxelar próximamente e logo necesitamos que non no PAC de Vigo pero si na maioría da súa área como podería ser Tuy ou Redondela que o número de persoal de enfermería sexa igual ao de médicos para que non se dea o caso de que unha emerxencia deba ser atendida só por un facultativo, só coa axuda das súas dúas mans son tamén situacións que se dan frecuentemente e que non teñen ningún sentido.

Necesitamos, en definitiva, que a administración empece a tomarnos en serio aos

PACs e necesitamos deixar de presumir dela atención sanitaria que prestamos aos cidadáns porque se esta é verdade que segue sendo excelente é grazas ao esforzo dun capital humano que está ao bordo da extenuación, e todo iso só pode conducir ao desastre.

Depois de todo isto que lles contei eu vin aquí tamén para convidalos a participar mañá na marcha pola defensa da Sanidade Pública e da Atención primaria que se convocou nesta cidade e que terá lugar mañá as oito da tarde que vai saír precisamente do PAC do Xeral e cuxo final está previsto na farola de Urzaiz, esperamos que a asistencia sexa masiva, está invitado todo o mundo independentemente da súa filiación, partido político, asociación e gustaríame contar con vostedes alí tamén, grazas.

PRESIDENCIA: Moitas grazas D<sup>a</sup> Elisa M. Ausín Rodríguez pola súa clara e brillante exposición da situación dos PACs do seu persoal e iniciamos a quenda de grupos.

SR. PÉREZ CORREA: Agradecer a D<sup>a</sup> Elisa M. Ausín Rodríguez a súa presenza, sobre todo a claridade coa que se expón unha situación que non é descoñecida por este Pleno, entre outras cousas porque a situación dos PACs é análoga á situación da atención primaria, a situación que vivimos non só na área de Vigo senón non conxunto das áreas sanitarias e Galicia e ademais neste Pleno de intervencións recorrentes de profesionais sanitarios tamén houbo unha moción deste grupo precisamente en protesta desa pretensión da reforma da lei sanitaria de Galicia que entre outras cousas eliminaba áreas sanitarias pero que consagraba o modelo que o Partido Popular leva moitos anos intentando converter en case norma xeral neoliberal sobre a xestión sanitaria, problema ademais dos PACs acaba de ser visto de maneira crúa e de maneira descarnada e ademais amosa un pouco a deshumanización do Partido Popular pretende coa situación sanitaria deste país, coa situación da persoa falecida no PAC da Estrada, ademais unha comparecencia da familia desta persoa proposta polos grupos da oposición e rexeitada polo goberno da Xunta de Galicia e do Partido Popular, rexeitada porque nin sequera se quixo ver cal é a realidade de, como dicimos nós, dos todos terreos da sanidade pública, moitas veces descoñecido, incluso das administracións, da importancia dos PACs entre outras cousas porque están a suplir as ineficacias brutais na

atención primaria, os PACs están suplindo moitas veces a falla de médicos de cabeceira e os médicos de atención primaria nos propios centros de saúde e os PACs están suplindo moitas veces os colapsos e a situación das urxencias de Galicia, polo tanto, debería de ser esa parte máis sensible da sanidade que atende a todas horas, que sae cando hai un accidente de tráfico, cando hai unha catástrofe, cando hai unha situación extrema e o que non pode ser é que unha persoa se morra nun PAC porque nese momento non hai ningún facultativo porque está atendendo unha urxencia externa, esa é a crúa realidade da sanidades deste país é a crúa realidade tamén dun goberno que non quere ver, xa non dicimos de anos vista, de facer unha planificación da sanidade pública con vista a ese cambio da pirámide da poboación, a ese envellecemento da poboación galega que vai a provocar problemas importantes a futuros, xa os está a provocar pero a futuro na sanidade é o que está a pagar agora mesmo e si é certo, nós perdemos médicos e perdemos miles de médicos, 15.000 nos últimos cinco anos e non que vai de ano dende xaneiro a novembro 3.200 médicos pediron o certificado de habilitación para irse a outros países, se isto fora Cuba que exporta médicos a gran parte de países de latino América eu estaría agradecido porque isto significa que facemos un esforzo en sanidade pública para que países da nosa contorna ou países de fora, temos misións médicas aquí preto, en Portugal pero non estamos nun país que solidariamente exporta médicos, estamos nun país que os médicos escapan pola situación precisamente de destrucións da sanidade pública e porque non hai moitas veces expectativas máis alá deses contratos en precario e esa precarización do traballo na sanidade pública e iso é un problema porque estamos a facer un esforzo titánico de formar facultativos, enfermeiras, de formar persoal sanitario que ao final escolle marchar e polo tanto, non é unha planificación, non vale que a pirámide de poboación está envellecida, non vale nin sequera as cuestións de problemas orzamentarios, e cuestión de priorizar e claro se ao final a través de reformas constitucionais priorizamos o pago da débeda antes que buscar mecanismos de financiación dos servizos públicos esenciais, pois o problemas van estar enriba da mesa, pero que ademais a situación dos PACs é coñecida pola administración porque todos e cada un dos PACs están recorrentemente avisando da situación de saturación, de que moitas veces a saída dese médicos do centro significa que o centro queda baleiro e que non hai posibilidade de dar o servizo



que figura no catálogo de servizos sanitarios, como é coñecida pola administración o lóxico era que tivera un percorrido por exemplo no Parlamento de Galicia, non nunha comisión boicoteada polo Partido Popular, onde se vetan intervencións importantes como a que acabo de citar e sobre todo onde se coloca unha comisión de investigación que non pretende resolver ou polo menos facer unha análise, xa digo, simplemente aínda que esteamos de acordo os grupos políticos na diagnose senón o que se pretende é esconder pois unha xestión ademais buscada para xustificar a entrada de capital privado na sanidade pública, a borbotóns e con mecanismos de financiamento que xa por desgracia tiveramos neste país e parece que algúns non entenden que non van a mellorar a sanidade pública senón que van converter nun pequeno mercado e a nosa solidariedade vaise expresar coa presenza mañá de tódolos homes e mulleres da Marea de Vigo na mobilización que pensamos ademais estamos de acordo, non só é un problema dos PACs de Vigo, na área sanitaria de Vigo pero tamén debería ser unha pequena mecha que sexamos capaces dunha vez por todas de que a xente vexa o que está a pasar.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Benvida D<sup>a</sup> Elisa M. Ausín Rodríguez amiga e compañeira. O primeiro é poñer en valor loxicamente o traballo que se fai nos PACs, dis que non facedes nada chamativo, facedes algo moito máis que chamativo poñer en valor que a nosa atención primaria segue sendo un servizo moi valorado en tódolos barómetros sanitarios pola súa cercanía, pola súa capacidade de resolución e que ven dada polos excelentes profesionais que a desenvolven, traballa D<sup>a</sup> Elisa M. Ausín Rodríguez nun elemento resolutivo de cercanía para os pacientes en atención urxente e que ademais apoiades á atención primaria nesas pequenas cousas ou grandes cousas nas que non chegan e moitas veces axudades á consulta ordinaria.

O modelo organizativo que fixemos durante todos estes anos deu cobertura a miles de galegos cun elevado porcentaxe de pacientes lonxevas maiores e sempre cun elevado nivel de satisfacción por parte da poboación, loxicamente se fixo gracias ao gran esforzo de tódolos profesionais e ao esforzo na creación de novos centros de saúde como poden ser o de Oia, o de Panxón, o de Tui, o propio PAC de Vigo como ben dicías e os próximos que se van facer, levamos un gran cambio na sanidade viguesa co novo hospital público Álvaro Cunqueiro e a creación dunha

Xerencia única que é todo un desafío pero o maior esforzo o fixemos tódolos profesionais nos anos máis complicados da crise, anos complicados a nivel económico e que permitiu que este país sostivera unha asistencia sanitaria a nivel dos mellores do mundo, un gran esforzo con programacións de xornada, intersubstitucións, rebaixa de salario e denegación de permisos que moitos sufrimos, en todo momento a profesionalidade e a vocación sostiveron o sistema público cunha alta esixencia e cuns recursos limitados e é de entender que a estas alturas os profesionais esteades, esteamos cansados e que necesitamos un cambio. A nosa situación económica mellorou pero sufrimos outro problema que ben dicías temos un problema de falla de médicos, temos que atraer aos médicos, que non se nos vaian os médicos e atraer novos médicos, temos que cambiar o modelo de contratación e temos que mellorar as condicións laborais de todos nós, iso é unha obviade, estanse implementando medidas para fidelizar e dotar de emprego estable aos médicos dispoñibles pero aínda así necesitamos máis, necesitamos dotar aos PACs de máis material, non só os traxes que tamén, senón darlle como dicíamos antes un pequeno restyling e unha actualización. Dende o noso grupo municipal compartimos esa necesidade, tanto na atención primaria como na urxencia extra hospitalaria e desexamos que sexa este momento un punto de inflexión e que tanto a Xerencia, a dirección e os representantes profesionais podamos resolver con efectividade unha situación que está durando demasiado tempo, é momento de avanzar coa participación de todos e as medidas a adoptar pasan exclusivamente pola implicación da administración, dos profesionais e da cidadanía, porque todos somos responsables de manter o noso sistema sanitario, enfrontámonos a unha situación complexa na que temos que aportar en positivo e entendemos que estar en pe de guerra ten un obxectivo moi máis alá que a soa protesta e debe ter unha resposta baseada no diálogo e a adopción de medidas concretas por parte da consellería para mellorar as condicións de traballo dos puntos de atención continuada e da atención primaria, e por iso que nos unimos ás peticións dos profesionais e por iso que nos gustaría que se establecera unha mesa de negociación efectiva para avanzar en positivo e dar un cambio a esta situación.

Dª Elisa M. Ausín Rodríguez moitas grazas pola súa achega, eu creo que foi moi clara, moi concisa e vemos que te atenderon con moita atención, o Alcalde e todos

os demais, nos gustaría que o Alcalde tamén puidera invitar a outros colectivos que reclaman a atención e moitas grazas.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: É realmente emocionante acudir a un Pleno e poder participar da exposición que fixo D<sup>a</sup> Elisa M. Ausín Rodríguez, é emocionante porque realmente reconcíate co mellor do que é a profesionalidade, do sistema público, cos valores que nunca deberon perderse e que realmente imos loitar todos xuntos para que nunca se perdan, como son as da sanidade pública e a sanidade pública especificamente en Galicia.

Dende logo, dende o primeiro momento, en nome do grupo Socialista neste Pleno pois a nosa solidariedade e a nosa gratitude pola súa presenza e sobre todo pola vosa loita, unha loita lexítima, realmente conmovedora, e unha loita que realmente como dicía nos reconcilia co mellor da condición dos profesionais pero tamén coa mellor da condición humana.

Non estamos a falar dunha crise simplemente de profesionais como ti dicías D<sup>a</sup> Elisa M. Ausín Rodríguez é algo máis que transcende a falla de profesionais, é unha crise global é unha crise sistémica da sanidade pública e da sanidade pública en Galicia e que grazas precisamente ás vosas reivindicacións, á vosa loita profesional se puxo en valor e en coñecemento dos cidadáns e polo tanto outro motivo máis de agradecemento, e é unha crise que non poidamos dicir que pasa en tódolos sitios porque non é verdade, se os profesionais se marchan de Galicia é porque as condicións específicas de contratación en Galicia son peores que noutros sitios e iso os datos o avalan e a evidencia, o demais é xustificar o inxustificable, é mentir por mentir, é poñer en evidencia o que foi permanentemente a actitude do Sr. Feijóo nas políticas sanitarias, a mentira, listas de espera que son mentiras auténticas permanentemente, coñecidas en toda España pola gran mentira do Sr. Feijóo no manexo das listas de espera e xa non falemos dos procesos de privatización, etc. que se fixeron sistémicos e que gracias precisamente a movementos sociais se puideron parar como se puido parar o hospital de Pontevedra recentemente, pero estamos a falar da atención primaria fundamentalmente, a base e a esencia do sistema sanitario e iso realmente aínda está máis penalizado que o resto do sistema sanitario público, como o evidencia por exemplo que no 2007 se proxectara, se fixera co apoio de tódolos profesionais,

sociedades científicas, sindicatos, o Plan de Mellora no goberno do Sr. Touriño, cando chegou o Sr. Feijóo anulou completamente o Plan e o fixo por que? Por motivos ideolóxicos contra a esencia do sistema sanitario público, no ano 2015 o Consello de Médicos de Galicia urxía medidas para a reforma da atención primaria, non se fixo caso, a Sociedade Española de Medicina Familiar Comunitaria e concretamente Galicia advertiu da deriva que se estaba facendo en Galicia sobre a atención primaria, tampouco se fixo caso, no 2016 se crearon 4 grupos de traballo, ningunha das conclusións deses catro grupos de traballo se levaron a efecto, ningunha, porque imos a crer agora que estes meses que se acaban de facer van a ter o mesmo percorrido porque o único que pretenden é precisamente non actuar senón deixar que se morra o noso sistema sanitario e deixalo simplemente para a beneficencia porque é a onde levamos o noso sistema sanitario, a deslexitimación social, ausencia verdadeiramente dos valores de cohesión, universalidade e realmente da esencia do que é o profesionalidade e compromiso social cos cidadáns.

Por todo elo, eu creo que esta crise, insisto, que non é un tema de atención primaria, é unha crise sistémica puxo a evidencia do que é realidade, de que o emperador estaba espío como no conto de Andersen, non había tal vestido, era todo falacia o que pasa que neste caso o emperador estaba en bañador e na cuberta dun barco cun narcotraficante.

PRESIDENCIA: Á vista do debate quería facer unha proposta ao Pleno que votemos e acordemos o apoio á manifestación convocada para mañá as oito da tarde. Polo tanto vou someter á votación a proposta de apoio global deste Pleno aos efectos da manifestación convocada para mañá como resolución do debate, despois deste debates se poden facer propostas como vostedes saben, está no Regulamento e esta vez o propón o Presidente, o Alcalde.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Aquí na orde do día, por iso lle quería preguntar ao Sr. Secretario, o que aparece é unha comparecencia para explicar a situación actual, non hai ningunha resolución que teña que ser votada, se iso é unha modificación da orde do día, haberá que facer un receso no Pleno e ver se se pode modificar.

PRESIDENCIA: De acordo co Regulamento vou someter a votación o apoio deste Pleno á concentración e á manifestación convocada para mañá.

VOTACIÓN: Cos votos a favor do Partido Socialista e de Marea de Vigo e polo tanto por unanimidade deste Pleno queda aprobada sen que participe na votación o grupo Popular.

D<sup>a</sup> Elisa M. Ausín Rodríguez transmita ao seus compañeiros/as o apoio de dous grupos deste Pleno, do grupo Socialista e do grupo de Marea de Vigo e quero que lle transmita o apoio fervorizado do goberno que eu presido, están vostedes facendo unha defensa dos intereses dos cidadáns de Vigo, dos pacientes potenciais e reais do seu centro de traballo e polo tanto llo agradecemos en nome desta cidade e alí estaremos na manifestación de mañá as oito da tarde. Moitas grazas D<sup>a</sup> Elisa M. Ausín Rodríguez pola súa comparecencia.

#### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### **3(229).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DA PARCELA MUNICIPAL DENOMINADA "EDIFICIO RECTORADO". EXPTE. 20170/240 (REXISTRO PLENO 1929/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 28 de novembro de 2018, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial co conforme do concelleiro delegado da Área de Patrimonio, emiten o seguinte informe proposta,

"1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Patrimonio, en data 17.10.2018 resolveu iniciar expediente para a desafectación do inmovible núm. 3600 do Inventario de Bens e dereitos do Concello de Vigo coñecido como "antigo Rectorado", á vista da comunicación do Delegado especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, de data 27.09.18, na que traslado o acordo do Comité executivo CZF para iniciar os trámites necesarios para adquirir os edificios do antigo Rectorado e do edificio anexo ao mesmo.

2.- Durante a instrucción do expediente, a Concellería delegada de Participación cidadá e a Concellería de Xestión municipal informan, ós efectos do disposto nos artigos 8.1. RBEL, 30.2 LPAP e 269 LALG, sobre a oportunidade de desafectar o inmovible, toda vez que non é necesario para prestar o servizo público administrativo ó que parcialmente se adica o edificio

3.- En data 23.10.2018, a arquitecta municipal informa sobre o réxime urbanístico da parcela.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### II.1 Normativa aplicable

- Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.

### II.2 Calificación do inmovible segundo IMBD e planeamento urbanístico

O Concello de Vigo é propietario do edificio demanial afecto ao servizo público coñecido como "Antigo Rectorado", ocupado en parte por Oficinas municipais, sito no núm. 46 da rúa Areal, propiedade municipal segundo IMBD 3600 e referencia catastral 3665001NG2736N.. Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte, en liña 19 m. Rúa Areal

Sur, en liñas 18,75 m. o núm. 3 da rúa Oporto

Leste, en liña quebrada con zoa de uso público edif. 48-50 da rúa Areal

Oeste, en liña 41,5 m. Rúa Oporto

Superficie 812 m<sup>2</sup>.

Superficie construída: 2711 m<sup>2</sup>.

Plantas:3

Título: de compravenda num. 1472 do protocolo do Notario José Piñeiro Prieto, de data 31 de xullo de 2000

Inscrita no RP ao tomo 1180, libro 1180, folio 127, finca 5015M, inscrición sesta.

Cargas: servidume de medianería a prol do colindante

Acordo: Pleno de 25 de outubro de 1999, complementado por outro do 28 de xullo de 2000, polo que se presta aprobación ao convenio a subscribir entre o Concello e o Ministerio de Defensa para a adquisición do edificio e se faculta ó sr. Alcalde para asinar a escritura pública de adquisición

Como ben de dominio público é inalienable, poidendo ser enaxenado sempre que se siga o procedemento e previo cumprimento dos requisitos normativos, esto é previa desafectación pola que perda o carácter demanial.

O edificio está catalogado coa protección de “estructural” no Plan especial e catálogo complementario de edificios, elementos e conxuntos a conservar, aprobado definitivamente en data 25.10.90, sen posibilidades de adición de plantas,e nunha parcela clasificada como solo urbano no Documento de subsnación de deficiencias na adaptación do PXM 1988 á e de adaptación da do solo a Galicia e calificada coa ordenanza 4.5 de zonas para outras institucións do PEEC.

### III.- Procedemento

A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecido nos arts. 30.2 LPAP , 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do R.D. 1372/86 RBEL, ó dispor que dita alteración xurídica levaráse a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente no que se acredite a súa oportunidade e legalidade, requirindo a súa adopción a cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece.

No presente caso, a alteración xustifícase tanto por non ser necesaria dita parcela e edificación para prestar o servizo de oficina pública municipal, tal e como sinalan o servizo municipal de Emprego no seu informe do 16.10.2018, e a Alcaldía, informe do 17.10.18, pola infrautilización do inmovible, no que se viña prestando un servizo de administración municipal somentes en parte do inmovible, na conseguinte redución dos gastos de mantemento correntes do mesmo, luz, auga, telefonía, garda, como na posibilidade de incrementar liquidez do erario público municipal a través dunha posible venda do mesmo, sendo de interese para o Concello de Vigo que o Consorcio da Zona Franca adquira presenza institucional no centro da cidade y incorpore novos usos que dinamicen e diversifiquen a zona residencial da rúa Areal, con gran presenza de locais adicados a actividades de restauración e terciarias. Por estas razóns procede a súa desafectación do servizo público administrativo ao que figura vencellado na ficha de propiedade do inventario municipal de bens, rectificandose, unha vez acadada a alteración da natureza xurídica, dita clasificación inventarial.

O expediente someteráse a información pública durante o prazo de un mes e polo procedemento regulamentario mediante as publicacións correspondentes no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, debendo resultar aprobado definitivamente se no prazo de información pública non se formulan alegacións ó mesmo, e noutro caso, trala resolución que para o efecto adopte o órgano municipal competente.

O ben inmovible perderá a condición de demanial, adquirindo a de patrimonial, cando se produza con carácter definitivo a desafectación, por deixar de estar destiñado ao servizo público, artigo 69.1 LPAP.

Aprobada que sexa a desafectación, deberán facerse as anotacións pertinentes no Inventario de Bens do Concello, e para que quede constancia rexistral do cambio, notificarse ao Rexistro da Propiedade e ao Catastro.

En consecuencia propónse, previo informe do Secretario Xeral do Pleno respecto da competencia plenaria a adopción do seguinte...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

En data 30 de novembro de 2018, o secretario xeral do Pleno emite o seguinte informe xurídico.

“Asunto. Órgano competente na alteración da cualificación xurídica de ben inmovible municipal (Expediente 20170/240).

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

LALGA. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

LMMGL. Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

RB. Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Antecedentes.

I. O Concello de Vigo é propietario do edificio coñecido como “Antigo Reitorado”, ocupado en parte por oficinas municipais; atópase localizado no número 46 da rúa Areal, a súa referencia catastral é 3665001NG2736N; súa descrición e lindeiros, segundo o Inventario Municipal de Bens, é a seguinte:

Natureza do ben: demanial adscrito ao servizo público.

Norte, en liña 19,00 m. Rúa Areal.

Sur, en liña 18,75 m. o número 3 da rúa Oporto.

Leste, en liña quebrada con zoa de uso público edificio 48-50 rúa Areal.

Oeste, en liña 41,50m. Rúa Oporto.

Superficie parcela: 812 m<sup>2</sup>.

Superficie construída: 2.711 m<sup>2</sup>.

Prantas:3

Título: Compravenda ao Ministerio de Defensa segundo escritura pública de data 31 de xullo de 2000 outorgada polo notario José Piñeiro Prieto baixo o número



1.472 do seu protocolo.

Inscripción: no Rexistro da Propiedade número 3 de Vigo, ao Tomo 1.180, Libro 1.180, Folio 127, Finca 5015M, Inscripción sexta.

Cargas: servidume de medianeira a prol do lindeiro.

II. A Área de Xestión Patrimonial ten incoado Expediente para a alteración da natureza xurídica do inmovible ao obxecto da súa conversión en ben patrimonial e posterior venda; na proposta indícase que a Secretaría xeral do Pleno pronunciarase sobre o órgano competente para tal acordo; cumprimentado o peticionado emítese o seguinte,

#### INFORME

I. A LBRL, no artigo 123.1 concluíndo as atribucións plenarias que cita, advirte no seu último epígrafe p) que serán atribucións do Pleno, *“as demais que expresamente lle confiran as leis”*.

O concepto “leis”, neste caso, refírese tanto a Lei formal -a aprobada en sede parlamentaria-, como a lei material -Regulamento-.

O réxime xurídico dos bens das entidades locais, no que se refire ao órgano competente para acordar a alteración da cualificación dun ben municipal, ven establecido, (i) na propia LBRL, que, sen prexuízo do sinalado no artigo 22.2.1) respecto dos municipios de réxime común, nada concreto sinala para os municipios de grande poboación, e (ii), na lexislación de desenvolvemento, xa sexa autonómica, LALGA, ou estatal de tales características, RB. Segundo a Disposición adicional undécima da LMMGL, ambas normas, LALGA e RB, resultan de aplicación aos municipios de grande poboación cando non se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co previsto no Título X da LBRL.

II. A LALGA, no artigo 269.1, e o RB, no artigo 8.2, sinalan que a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais (de “todas” as entidades locais, xa sexan de réxime común ou de grande poboación) require expediente no que se acredite a súa oportunidade e legalidade e que tal expediente, *será resolto polo Pleno* co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do mesmo; esta atribución que as normas citadas confiren ao Pleno nin se opón, nin contradí ao Título X da LBRL, artigo 123, mais ben complementa as atribucións previstas neste precepto; tampouco resulta incompatible con dito Título.

O inciso, *“maioría absoluta do número legal de membros do mesmo”* si resulta incompatible co réxime de funcionamento do Pleno nos municipios de grande poboación, Título X LBRL. En efecto, a LBRL, no primeiro parágrafo do artigo 123.2, enumera, a modo de *númerus clausus*, os acordos que requiren o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno; no parágrafo segundo advirte, *“os demais acordos [é dicir, os restantes, calquera outro] adoptaranse por maioría simple de votos”*.

Conclusión. O órgano municipal competente para acordar a alteración da cualificación xurídica dun ben de propiedade municipal é, de conformidade co sinalado no artigo 123.1.p) da LBRL e en relación cos artigos 269.1 da LALGA e 8.2 do RB, o *Pleno do Concello* mediante acordo adoptado por *maioría simple*, artigo 123.2 LBRL.”

A Comisión Informativa de Fomento, Limpeza e Contratación, na súa sesión ordinaria do 19.12.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

#### DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Moi bo nadal a todos os que hoxe estamos aquí e aos que nos están escoitando, a tódolos vigueses/as e por suposto tamén lles desexo a todos vostedes que o ano 2019 sexa no familiar e no persoal un ano magnífico.

Hoxe traemos unha cuestión que ten que ver co expediente de aprobación inicial da desafectación da parcela municipal denominada edificio do Rectorado, un edificio que coñecen vostedes ben, un edificio que é de titularidade do Concello de Vigo dende o ano 2000, que ocupa unha posición emblemática na cidade, un edificio ademais que é un edificio singular, catalogado, un edificio cun nivel de protección estrutural no que non se lle poden engadir pois máis andares, anexos, etc. e que forma un conxunto co edificio denominado edificio anexo, onde hoxe están as oficinas da Deputación de Pontevedra, que tamén é de titularidade do Concello de Vigo e que polo tanto son unha peza fundamental na presenza que na parte máis urbana da cidade teñen as institucións.

Por ese mesmo motivo dada a intención da Zona Franca de Vigo de mellorar a impronta na cidade, de mellorar a súa presenza no tecido máis urbano da cidade, de visibilizarse e de facerse un punto de encontro para empresarios e para a sociedade civil que teña unha presenza máis directa coa cidade, no mesmo tempo coa avocación de deixar os terreos que hoxe ocupa as oficinas da Zona Franca en Bouzas, que pertencen a Zona Franca para a actividade que é preciso manter en Vigo, tanto manter como potenciar, como ampliar que a actividade empresarial na Zona Franca, polo tanto aquelas que se poden beneficiar dese entorno de Zona Franca, é fundamental polo tanto como dicía que a Zona Franca mellore a súa presenza na cidade, e un lugar idóneo para facelo é o edificio do antigo Rectorado,

e o edificio anexo, de tal xeito que a Zona Franca trasladaría toda a súa sede e polo tanto as súas oficinas centrais cara o Rectorado e o edificio anexo mantendo a presenza da Deputación de Pontevedra na parte que precisa dese edificio anexo, para poder desenvolver esa operación é imprescindible facer un trámite previo que hoxe iniciamos neste Pleno porque o edificio do Rectorado é un ben que se corresponde co dominio público do Concello de Vigo, polo tanto, é un ben catalogado como demanial, é un ben inalienable, polo tanto, para poder facer esa operación e que unha institución pública que hoxe ten unha presenza nunha parte illada da cidade ocupe unha parte central da cidade, necesitamos transformar ese ben demanial nun ben patrimonial, e polo tanto, que poida ser como dicía vendido para que unha institución pública se instale nela, esa operación polo tanto, como cumpre cos requisitos fundamentais, hai informes municipais que avalan e como ben coñecen os vigueses/as que non é un edificio que teña unha utilización moi intensa, é un edificio onde non hai as principais sedes institucionais deste Concello, é un edificio onde polo tanto, o traslado desas actividades cara outras dependencias municipais non suporía ningún prexuízo, cando pola contra suporía unha grande vantaxe que a Zona Franca mellorara a súa presenza na cidade. Por certo, ademais aínda que a mobilidade das oficinas da Zona Franca cara ese edificio é unha idea nova presentada polo novo delegado, non é unha idea que a Zona Franca descartara mercar o edificio do Rectorado, de feito, xa estaba nun convenio entre o Concello de Vigo e a Zona Franca que ese edificio pasara a ser unha das sedes da Zona Franca, unha das sedes non institucional de Zona Franca pero si para desenvolver actividades empresariais nela. Polo tanto, agora reforzamos esa idea e a reforzamos cumprindo tódolos requisitos, o ben por suposto mantería o seu nivel de catalogación existente, catalogación estrutural, un ben patrimonial, cunha importante impronta na cidade, pero un ben que pasará a ser a sede institucional da Zona Franca de Vigo mellorando a súa presenza e a relación entre a sociedade, a sociedade empresarial e a sociedade civil de Vigo e dende logo apostando polo futuro da cidade e a súa implicación económica.

SR. PÉREZ CORREA: Estamos outra vez nun debate como o do día da marmota sobre este edificio, porque este edificio ten unha historia e ademais no expediente figura esa historia que este grupo municipal parece que a última vez que se lle

dotou de contido real parece que foi cando foi un edificio militar porque a partires de aí todo foron improvisacións, incluso a propia universidade, nos que estábamos naquela altura na universidade era un edificio completamente insuficiente para unha universidade como o de Vigo en crecemento. O problema que temos aquí non é a cuestión do que quere a Zona Franca, Zona Franca o que debería preocuparse primeiro é de darlle contido aos miles de quilómetros que ten de uso industrial, empresarial e todos os mortos que ten Zona Franca que non son poucos, e que debería priorizar a xestión de Zona Franca pero como estamos, só hai que ver o inicio de expediente con esa carta practicamente de amor, "Querido Alcalde" de puño e letra entre o delegado da Zona Franca e o Alcalde, cal é a realidade, non da necesidade de Zona Franca que como xa digo nós pensamos que é un problema de xestión que nalgún momento haberá que abordar senón cal é a necesidade para que o Concello liquide e vende patrimonio público, e este debate este grupo municipal o trouxo a este Pleno en numerosas ocasións, cal é a necesidade de liquidar 23 vivendas que había en Rosalía de Castro? É certo había unha necesidade dunha parte para comprar eses terreos da Cidade da Xustiza pero todos eses cartos que se adquiriu con esa venda está depositado nunha conta bancaria sen que se lle dea ningún uso, polo tanto, ademais parello a esa venda de vivendas tamén se venderon numerosos solares no termo municipal de Vigo, para que liquidamos patrimonio público? E ademais para que xustificamos nun expediente que non hai ningunha necesidade dese edificio para servizo público, este grupo municipal pode dar 50 utilizades públicas para ese edificio e ademais en consonancia cos centos de solicitudes de asociación de tecido cultural que está solicitando espazos públicos, ata o de agora nin o Auditorio, nin a Fundación Abanca, nin tódolos mecanismos que tiña o asociacionismo para facer un acto, para facer un ciclo de conferencias, un seminario, todo isto en Vigo era opción obviamente sempre privada, dicir que non hai ningunha necesidade pública para un edificio desas características, cando menos é ter poucas ideas do que pode facer unha administración pública cun edificio deste calibre, porque ademais é un edificio onde hai actividades que aquí non queda claro se se van poder seguir facendo, unha das actividades máis numerosas que se fai en Vigo é precisamente o Club Faro de Vigo, que vai pasar coa chegada de Zona Franca? Cales son as necesidades de espazo que require nesta altura a Zona Franca, aquí incluso no

propio expediente figura que é unha zona onde hai moita restauración, se o que queren a xente de Zona Franca é ter unha cafetería ao carón en Bouzas hai cafeterías bastante interesantes as que tamén poden ir, ademais creo que ese non é un argumento para liquidar patrimonio público, non é unha cuestión menor nunha cidade carente de edificios, se o que se quere é ir facendo caixa para ir pagando o Auditorio Mar de Vigo, para ir pagando outras cuestións tamén que se diga, se hai unha necesidade de financiamento entón que tampouco se nos poña aquí que a situación financeira do Concello de Vigo é excelente porque de repente temos que liquidar un edificio que ademais se conseguiu nunhas condicións moi vantaxosas pola desafectación do uso militar do edificio, se o que quere agora que necesitamos cartos, pois tamén comecemos a vender sangue e órganos aos concelleiros e ó persoal municipal, cal é o problema agora para ter que liquidar patrimonio público, cal é a urxencia? Porque non hai suficientes recursos económicos, pois dende logo o que debería facer este Concello é velar polo interese do Concello e non pola Zona Franca e o interese do Concello é que o patrimonio público se manteña para o servizo público, aquí hai cuestións que ademais servizo que se dan que lle podemos dicir que son secundarios ou non pero vostedes o puxeron como importantes para pedir fondos europeos como é a orientación laboral, os cursos do CEMIT de alfabetización dixital para menores de 55 anos, é dicir, aquí se poden facer plans de empregos, aquí se pode utilizar dunha maneira aberta e plural para o tecido asociativo, teñen vostedes moitas solicitudes de asociacións que non teñen local onde desenvolver e atender usuarios, dende as asociacións de pacientes crónicos, asociacións culturais, non entendemos cal é a venda, simplemente unha cuestión estética de que Zona Franca ten que estar no centro de Vigo, pois ao mellor Zona Franca tería que diversificar e saber que quere facer co seu patrimonio porque Porto do Molle, Salvaterra un motón de patrimonio en solo e investimento público que se ten feito, tamén habería que buscarlle unha realidade. Nós estamos en contra de que se liquide patrimonio público, sempre, patrimonio público non é noso, non é desta Corporación, ten que quedar para as seguintes corporacións e ten que quedar para o futuro porque seguramente os condicionantes e as necesidades da cidade dentro de 20 anos será outras.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Estou basicamente de acordo co que di Marea de Vigo porque isto ven do que hai detrás, que o que está a pasar en Zona Franca é algo que se vía vir e do que xa alertou o Partido Popular, pero é moi grave, lamentablemente como sempre ven sendo habitual o tempo estanos dando a razón e o que o Alcalde decidiu para a Zona Franca é que esa institución deixe de estar ao servizo do desenvolvemento económico da cidade e pase a estar ao servizo dos seus intereses políticos e electorais, a Zona Franca pasou de ser unha institución para a defensa da economía da cidade a ser unha institución ao servizo do interese electoral do Partido Socialista do Sr. Sánchez, un presidente que ata está facendo bo ao Sr. Zapatero e que tamén é o que manda nun Partido Socialista en absoluta decadencia e descomposición, que non entende de democracia como acabamos de ver hai 5 minutos, porque é lamentable que unha institución tan importante para Vigo, con 70 anos de servizo para a cidade se convertera en 5 meses nun “chiringuito” do Alcalde, ata houbo que interromper un Pleno do Concello para que puideran ir á toma de posesión do novo delegado, algo que non tiña precedentes na cidade, primeiro eliminaron calquera indicio de pluralidade para colocar aos seus amigos en Zona Franca, para que ninguén puidera cuestionar as súas decisións, dixemos que había toneladas de propaganda, e despois de adxudicar un sucuculento contrato de publicidade á axencia preferida do Alcalde, comezamos a ver nos medios de comunicación o book de fotos ao máis puro estilo “Pedro Sánchez”, e agora Zona Franca en lugar de investir en infraestruturas que melloren a competitividade de Vigo, en lugar de buscar en Vigo un lugar para construír por exemplo, o aparcadoiro de camións, algo que parece que se quere levar a O Porriño, pois o que se pretende é gastar máis de 5 millóns de euros nun despacho no centro de Vigo, ou sexa o que pretende Zona Franca é comprarse un despacho de máis de 5 millóns de euros no centro de Vigo porque non lle vale, non lle gusta o que ten en Bouzas.

E, este expediente que traen hoxe ao Pleno pois é o primeiro paso para esta decisión, significa desafectar un edificio municipal, desmantelar un servizo municipais que se prestan correctamente dende a rúa Areal, como é o Centro Municipal de Emprego e as aulas CEMIT que ademais teñen bastante actividade, non é o que di a señora concelleira, traballan con fondos da Xunta de Galicia para conseguir a alfabetización dixital e a inclusión tecnolóxica sobre todo para a xente

maior, pero isto dálles igual ao Partido Socialista, o que subxace é varias cousas que hai un gran mentira por detrás que é gran mentira da débeda cero porque o que se está a facer é intentando facer caixa para pagar o rescate do auditorio Mar de Vigo, por exemplo xa se vendeu o hotel Samil por 3,2 millóns de euros pero tamén o que se está a ocultar son os 16 millóns de euros de débeda que ten o Concello con Zona Franca por a venda dos terreos da ETEA, 11,5 millóns de euros de principal e máis de 4 millóns de euros de intereses, tal e como reflicten as contas consolidadas da Zona Franca non é porque o diga o Partido Popular, dino as contas consolidadas de Zona Franca e o informe de auditoría publicado no BOE do 25 de outubro deste ano.

Unha débeda que tal e como está o tipo de interese legal dos cartos que é do 3%, está crescendo a uns 500.000 euros ao ano, esta débeda que o Concello ten con Zona Franca é cada vez maior, 500.000 euros máis ao ano, polo que é moi probable que a venda do edificio non chegue nin para pagar os intereses da débeda, iso no caso de haxa unha transferencia de fondos e non se faga mediante compensación de débeda porque ao mellor nin sequera chegan os cartos ao Concello, por iso imos votar en contra desta desafección porque sinceramente esperábase algo máis de Zona Franca, hai moitos outros edificios que rehabilitar no centro de Vigo, por exemplo o Cine Fraga, outro que hai máis en desuso que o Rectorado como é o edificio de Aduanas e non entendemos porque se está a vender un ben dos vigueses, algúns si e outros non.

SR. CARIDE ESTÉVEZ: Eu a verdade que pensaba sinceramente que se unirían vostedes a prol dunha iniciativa que é boa para a cidade porque falan do interese de Vigo e claro que vai para Vigo que a sede central de Zona Franca non marche para o Porto de Molle nin para Plisan, que sega en Vigo e que os terreos situados en Bouzas, eses terreos son imprescindibles para a actividade económica, para aproveitar as avantaxes de estar en solo franco, non sei se vostede dáse conta do que significa, non se precisan oficinas en solo franco, se precisa actividade económica en solo franco pero xa que parece que non imos de bo talante e de botar a andar por unha iniciativa que é boa para a cidade, senón de enredar, a verdade é que non sei como non lle da vergoña Sr. Fidalgo, o pai da persoa que ten vostede sentado a súa dereita comprou por 30 millóns de euros a ETEA, un

escándalo manifesto, unha ETEA que non valía ese importe nin moito menos e por certo o Concello de Vigo á Zona Franca non lle debe nada, sabe vostede por que non lle debe nada? Porque é a Xunta de Galicia a que ten que expropiar uns terreos se hai incumprimento por parte de tódalas partes, como de feito existe no convenio da ETEA, pero sabe vostede o que está hoxe votando en contra? Vostede vota en contra de que o Concello de Vigo poida vender un ben para que a Zona Franca de Vigo se instale no centro da cidade e pola contra o seu partido apoiaba que a anterior delegada da Zona Franca recomprara un edificio á Xunta de Galicia por 5 millóns de euros para poder cederlle á Universidade e que a pobre Universidade competencia da Xunta de Galicia en materia de investigación, poida ter por fin ter un edificio na ETEA, polo tanto esta dobre vara de medir xera polo menos unha situación estraña, vostedes teñen que actuar na defensa da cidade de Vigo, ninguén dixo que no edificio do Rectorado non se desenvolvan actividades, as actividades de maior e menor importancia algunha delas, van a ser desenvolvidas en institucións ou sedes municipais, polo tanto, non existe ningún problema para manter as actividades que aí se desenvolven pero isto é unha oportunidade, mire sabe cal é a diferenza? A diferenza é que a anterior delegada da Zona Franca tamén quería comprar o edificio do Rectorado, o quería montar para facer non se sabía moi ben, unha cousa de cociña, unha cousa de sede empresarial e se podía montar uns negocios de venda comercial, e o Concello de Vigo opúxose a que se puxera a facer venda comercial no edificio do Rectorado, polo tanto, agora é unha oportunidade para enfeitizar a presenza das institucións no centro da cidade, vostedes saberán se están a favor do interese xeral de Vigo, ou como sempre en contra.

**VOTACIÓN:** Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, Gonzalez Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros



do grupo municipal de Marea de Vigo señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a alteración da natureza xurídica da parcela municipal, denominada “Edificio Rectorado” (propiedade municipal nº 3600 do IMBD), sita na rúa Areal 46, desafectandoa do servizo público administrativo co que consta no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de 4-5-9 3 e transformándoa en patrimonial

Segundo.- Someter o expediente a información pública, durante o prazo de un mes de acordo co art. 8.2 RBEL.

Terceiro.- O presente acordo resultará aprobado definitivamente, se transcorrido o prazo de información pública non se houberen presentado alegacións ó mesmo, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que para o efecto emita a Secretaría .

Cuarto.- Que pola oficina do Inventario municipal, se proceda, unha vez, acadada a aprobación definitiva da presente alteración da natureza xurídica da propiedade nº 3600, a considerar a necesaria rectificación no Inventario municipal reflectindo a nova natureza xurídica de ben patrimonial resultante na actualización do IMBD en trámite.

Quinto.- Notificar ao Rexistro da Propiedade de Vigo a nova cualificación como ben patrimonial do edificio municipal “Rectorado”, sito no núm.46 da rúa Areal para a súa consideración e no seu caso modificación rexistral

Sexto.- Dar conta do presente acordo á Xerencia municipal de urbanismo aos efectos oportunos

#### **4(230).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA O ANO 2019. EXPTE. 55/142 (REXISTRO PLENO 1930/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 14 de decembro de 2018, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite a seguinte proposta,

“O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 15 de novembro 2018, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo, para o ano 2019.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 221 do día 16 de novembro, comezando a súa exposición o día 19, e rematando o prazo da mesma o 10 de decembro de 2018.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta emitida pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados 14 alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2019. Todas e cada unha delas foron resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou rexeitamento das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan, dando así cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Todas as alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, incluso naqueles casos, que a reclamación/alegación non estivese en algún dos supostos previstos no artigo 170 do TRLRFL como causas obxectivas para establecer alegacións ou reclamacións ao Orzamento.

Referenciase en cada un dos apartados que conforman esta proposta para o Pleno o número de documento do Rexistro Xeral que ten cada unha das alegacións, así como a identidade de quen a presentou (persoa xurídica ou en representación), aínda que as mesmas forman parte do expediente. A contestación que en cada caso motiva a estimación ou rexeitamento figura no informe que conforma o expediente administrativo. Na identificación do alegante analízase a lexitimación en

cada caso de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada, así mesmo avalíase se se dá cumprimento as causas obxectivas que regula o artigo 170.2 do TRLRFL.

En consecuencia co anterior, emitíronse os informes segundo ao contido das alegacións, pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria e pola titular da Área de RR.HH e Formación.

Tendo en conta os informes que figura no expediente identificado como de Alegacións e reclamacións, propónse ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO...

Deseguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 14.12.2018, o Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario, emite o seguinte informe sobre as alegacións.

#### *“Antecedentes*

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2018, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2019.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 30/10/2018 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais puideran presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local. O prazo fixado comezou o día 30/10/2018 e rematou as 14,00 horas do día 07/11/2018

As emendas presentadas co número de Rexistro do Pleno 1913/1101 pola Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular e polo Sr. Voceiro do Grupo Marea de Vigo, número de Rexistro do Pleno 1912/1101, foron informadas e remitidas á Secretaría do Pleno con data 9 de novembro. O Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, formulou ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, nova proposta coa mesma data.

A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión do 12 de novembro de 2018, ditaminou favorablemente a proposta formulada do Orzamento para o ano 2019.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 15 de novembro 2018, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo, para o ano 2019.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, no portal de transparencia <https://transparencia.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención - Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 221 do día 16 de novembro, comezando a súa exposición o día 19, e rematando o prazo da mesma o 10 de decembro de 2018.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta e incorporada ao expediente electrónico emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, 14 alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2019.

Achéganse para informe, aquelas que solicitan cambios, anulacións, creación ou alteracións de aplicacións orzamentarias.

#### *Normativa de aplicación*

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade

Orzamentaria.

Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, po la que se aproba a estrutura dos orzamentos dás entidades locais.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local .

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016.

#### *Réxime legal para a presentación de alegacións e reclamacións ao Orzamento*

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo ( en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos ( en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### *Lexitimación*

En relación coa lexitimación activa para formular reclamacións en vía administrativa á aprobación do orzamento, os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, prevén tres categorías de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da respectiva Entidade local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local ( en diante, LRBRL).
- b) Os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade Local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC ).

- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC).

As reclamación e alegacións presentadas, incorporáronse ao expediente electrónico e físico. Da súa avaliación, todas cumprirían o requisito de lexitimación activa, xa que os reclamantes atópanse nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

#### *Causas sobre as que se pode alegar ou reclamar*

Ademais da lexitimación activa, deben concorrer as causas. O apartado segundo do citado artigo 170 do TRLRFL, así como o mesmo apartado do artigo 22 do R.P, enumeran os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

1. Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, ven determinado, por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio TRLRFL.
2. En segundo lugar, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo. A Lei impón ás Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa “esixible”, isto é, que a mesma se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade.
3. En terceiro lugar, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

A doutrina maioritaria soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas” tal e como fai referencia o precepto, de non ser así, suporía limitar as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local.

O artigo 85.3 do Regulamento Orgánico do Pleno, establece que as reclamacións serán informadas, no prazo dos quince días seguintes ao de finalización do prazo de reclamacións, polo órgano municipal competente en materia de orzamentos, se existira, ou, no seu caso, pola Intervención Xeral que formulará proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao

proxecto inicial coma consecuencia da estimación de reclamacións abrírase aos grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só poderán referirse a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno para a súa aprobación definitiva se procede.

Unha vez que queda tipificada a lexitimación activa e as causas polas que se poden formular reclamacións e alegacións ao Orzamento Municipal, as que se someten a informe son as seguintes:

#### *Alegacións presentadas*

Alegación presentada por D. Rubén Pérez Sueiras, DNI: 53168978Q, en representación da Asociación Animalista Libera, co número de documento 180189914 de data 27/11/2018.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de representante da Asociación Animalista Libera.

A súa alegación solicita a creación de aplicacións coa finalidade e contía seguinte:

Aplicación cunha dotación de 10.000 euros para subvencionar a entidades protectoras de animais. Aplicación cunha dotación de 25.000 euros para a creación de zonas de espaxamento canino. Aplicación cunha dotación de 5.000 euros, para unha campaña de sensibilización sobre tenza de animais.

Aplicación cunha contía de 10.000 euros para o programa de xestión ética de colonias felinas.

Supresión da aplicación de compra de animais no parque Vigozoo cunha contía de 2.000 euros.

Supresión de alugueiro de cabalos para a Policía Local cunha contía de 33.000 euros.

Na análise da alegación presentada, non se vai a entrar na avaliación técnica en relación coas aplicacións que se solicitan crear, xa que haberá que estar ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008. A alegación presentada non fai referencia a ningunha aplicación concreta.

Ademais do anterior, a alegación presentada xera un desequilibrio, é dicir, xera máis gastos que as aplicacións que se propón minorar.

A mesma non responde as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de

alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegación presentada por Dona Teresa Martínez Díaz, con D.N.I. nº. 34621492Y, presidenta da entidade sin ánimo de lucro denominada Acción Solidaria de Galicia (ASDEGAL), co NIF B27727593, nº de documento 180194759 de data 05/12/2018.

Solicita a inclusión dunha aplicación nominativa nos orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2019 a favor da entidade que representa, co obxecto de desenvolver o proxecto de acompañamento que están executando na cidade de Vigo.

En relación ao solicitado, a alegación nin reflicte a aplicación orzamentaria, nin contía, nin crédito a minorar, polo que, a priori xera un desequilibrio orzamentario. Tampouco responde as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, polo que a solicitude, non ten a cualificación de alegación.

En calquera caso, a cualificación de subvención nominativa e a súa incorporación está sometida ao cumprimento de requisitos esenciais que non están concorrer.

No entanto o anterior, o programa de gasto 2310, Benestar Social, dispón dunha partida 489.00000, cunha dotación de 50.000 euros, que somete anualmente a unha convocatoria de concorrencia competitiva, que é o procedemento normal de outorgamento de axudas, a cal se presenta habitualmente esta Asociación, que con carácter xeral, se lle outorga unha axuda para esta finalidade.

En consecuencia co anterior, procede o seu rexeitamento por ter cobertura o solicitado mediante a convocatoria anual de subvencións de concorrencia competitiva que tramita o servizo de Benestar Social.

Alegación presentada por D. Pergentino Martínez Pampillón, en calidade de Presidente do Comité de Persoal do Concello de Vigo, co número de documento 180198873 de data 10/12/2018.

A alegación solicita a inclusión no Proxecto en trámite do contido previsto no II Acordo para a Mellora do Emprego Público asinado entre o Ministerio de Facenda e Función Pública e os Sindicatos UGT, CCOO e CSI-F en relación co incremento previsto sobre a masa salarial, na que se establecía un máximo dun 0,3% para o ano 2018 e un 0,25% para o ano 2019.

No proxecto en trámite, o incremento das aplicacións orzamentarias obxecto de rexistrar os devanditos incrementos, teñen incorporado un crecemento do 3,27%.



A Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo publicadas no BOE nº 74, de 26 de marzo, establece unha actualización fixa das retribucións para o ano 2019 do 2,25%.

En canto ao incremento variable, para o ano 2019, fíxase nun 0,25% adicional sempre e cando se alcance un crecemento do PIB 2,5%, que será axustable á baixa en función da porcentaxe de variación do PIB á baixa en relación co obxectivo do 2,5%. Esta variación se devengaría se fose o caso a partires do 1 de xullo, polo que a súa imputación en termos anuais, no caso de cumprirse a obxectivo do PIB, sería dun 0,125%. Ademais, tamén se contempla un incremento do 0,25% da masa salarial.

O artigo 18 da Lei 6/2018, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, establece que poderase autorizar un incremento adicional do 0,2% da masa salarial para, entre outras medidas, a implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables, a homologación de complementos de destino ou a achega a plans de pensións. Nas Administracións e resto de entidades do sector público definido neste artigo en situación de superávit orzamentario no exercicio 2017, este incremento adicional poderá alcanzar o 0,3 por cento.

En canto ao ano 2019, esta previsión é dun 0,25% da masa salarial, sempre e cando se cumpra o requisito básico, é dicir, que a Entidade en termos do perímetro de consolidación teña superávit en relación coa Liquidación do ano 2018.

En relación coa porcentaxe aplicable ao orzamento do ano 2018, así como todo o contido previsto no Acordo Regulador e na Lei 6/2018, ten cobertura no Orzamento vixente do ano 2018, téndose imputado e pagado a totalidade das propostas tramitadas en relación co devandito acordo, polo que non procede a súa imputación ao Orzamento do ano 2019, estando reflectidos os créditos na bolsa de vinculación xurídica vixente.

En canto ao Proxecto de Orzamento para o ano 2019, as dotacións previstas para o capítulo I, nas aplicacións que resultan obxecto de revisión está reflectir un incremento total do 3,27%, que está a englobar todos os requirimentos do Acordo para a mellora do Emprego Público, de aí, que o capítulo I, tal e como se reflecte no informe económico de gastos, xa está a conter todos os compromisos legais. Os distintos conceptos retributivos, teñen o devandito incremento, polo que a aplicación deste 0,25% da Masa salarial, de darse cumprimento ao obxectivo primario que o do superávit, xa está na cuantificación do gasto do capítulo I. De cumprirse todos os requisitos, a porcentaxe máxima de subida para o ano 2019, será: (2,25%, concepto

fixo + (0,25%/2), concepto variable a partires do mes de xullo + 0,25% da masa salarial) = 2,625%, porcentaxe inferior que as dotacións que reflicte o capítulo I do estado de gastos (3,27%).

En consecuencia co anterior, tendo en conta que a alegación en canto a súa afectación ao Proxecto de Orzamento do ano 2019 xa está reflectida no cómputo do capítulo I do estado de gastos, procede o seu rexeitamento. En canto ao Orzamento do ano 2018, este dispón de créditos suficientes para afrontar o 0,3% da masa salarial, podendo ser obxecto de tramitación no exercicio ao que corresponde o gasto non sendo imputable ao Orzamento do ano 2019.

Alegación presentada polos funcionarios adscritos ao Rexistro Xeral, asinada por Dona Dolores Blanco Bejega, Dona Milagros Pereira Antonio, D. J. Manuel Díaz Iglesias, Dona Laura Escudero Martínez, Dona Francisca Ramiro García e D. Santiago Cruz Pazó, co nº de documento 180196484, de data 10/12/2018, na que solicitan un incremento do complemento de destino e do específico.

En relación coa alegación, informase que a determinación e aprobación das retribucións dos empregados/as públicos consonte á legalidade vixente, así como a fixación de complementos específicos e complementos de destino, xunto coa aprobación da relación de postos de traballo e a xestión do persoal municipal e a aprobación do gasto en materias da súa competencia, corresponden á Xunta de Goberno Local, razón pola que as reclamacións dirixidas contra as ditas materias deberán promoverse, de ser o caso, contra o eventual acordo que o dito órgano municipal adopte no seu día -en exercicio da potestade de autoorganización da que gozan as Entidades Locais, legalmente recoñecida no artigo 4 da Lei 7/1985- unha vez aprobados os Orzamentos correspondentes, mediante os recursos administrativos ou xurisdicionais que as leis outorgan ao respecto na tramitación da modificación da RPT.

En calquera caso, no documento inicialmente aprobado hai unha aplicación orzamentaria específica 9200.1210300, denominada “fondo de adecuación retributiva de postos de traballo”, dotada orzamentariamente coa contía prevista na documentación que conforma o expediente administrativo de tramitación do Capítulo I dos orzamentos para 2019, que de resultar adecuado, podería imputarse a mellora retributiva a esta aplicación orzamentaria.

En consecuencia, as pretensións de natureza retributiva ou económica constitúen o obxecto principal do instrumento regulamentario denominado Relación de Postos de Traballo ou RPT, cuxa aprobación compete á Xunta de Goberno Local, artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e non ao Pleno do Concello, como si sucede nos municipios suxeitos ao réxime común. A alegación non responde as causas taxadas no

apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegacións presentadas por Norka Pérez (TRES) e Emilio Rodríguez Otero, nº de documentos do rexistro de Concello 18019765, 180197653 e 180197649, rexistrados no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o 10/12/2018, cos números 150337/RX2941244, 150376/RX2941445 e 150338/RX2941245 e no rexistro do Concello en data 12/12/2018 cos números xa referenciados.

En relación coa lexitimación activa, pódese entender, que de ser alumnos da EMAO, que non está acreditada, a súa lexitimación vería determinada por resultar directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade Local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC ).

As tres alegacións presentadas solicitan a non amortización da praza da especialidade de luthería na EMAO e a súa inclusión nunha OEP.

O mantemento da praza de Luthería antiga resulta do exercicio dunha potestade con respecto á cal as facultades decisorias en materia organizativa resultan estar atribuídas, en exclusiva, ao órgano municipal competente en materia de persoal, sen que concorra causa legal que obrigue ao mantemento na plantilla municipal a praza citada, o cal non resulta contrario a vontade da prestación.

En relación co anterior, tendo en conta o informe da Sra. Xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, que se incorpora ao expediente, desestímase as mesmas coa motivación que reflicte o informe, que conclúe que as mesmas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegación presentada por D. Enrique Alonso Rodríguez e D. Luis Alberto Riobó Veiga, delegados de persoal da Sección de CC.OO, CIF G15103112, nº de documento 180196250 de data 10/12/2018.

A lexitimación ven determinada polo súa condición de colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC.

A síntese do informe, conclúe que a convocatoria ten sido efectuada, polos medios posibles e considerada a brevidade dos prazos, a preceptiva negociación colectiva tendente a acadar un acordo, e téñense avaliado as propostas sindicais,

sen prexuízo do cal, á hora de elaboración do documento final, se tiveron en conta as previsións contempladas no marco legal vixente en materia orzamentaria e as directrices estratéxicas proporcionadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, competente en materia de persoal.

Lémbrese que a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, establece, entre outras previsións, un teito de gasto de imposible superación polas entidades locais na planificación da súa actividade económica.

Segundo o informe, non resulta veraz a manifestación de que se está a vulnerar o dereito á negociación colectiva, dado que, -dentro do axustado dos prazos que a calendarización na tramitación e aprobación do documento orzamentario fixado pola Concellería-delegada da Área de Orzamentos e Facenda- non só se ten procedido á convocatoria da Mesa Xeral, senón que se ten proporcionado acceso electrónico á documentación técnica relativa ao Capítulo I do estado de gastos aos sindicatos presentes na Mesa -entre os que se atopaba a parte alegante- segundo consta no xestor electrónico de expedientes (trámite n.º 44 do expediente electrónico n.º 31.808/220, realizado pola responsable da Área ás 11.21h do día 08/10/2018), celebrándose a sesión da Mesa Xeral de Negociación o día 09/10/2018 ás 13.00h.

Por tanto, houbo un lapso temporal superior a 24 horas para o estudio e análise da documentación relativa ao Capítulo I de gastos por parte da totalidade dos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva.

A propia parte alegante, en escrito presentado o pasado 14/11/2018 xuntamente cos restantes sindicatos lexitimados para a negociación colectiva no ámbito do Concello de Vigo, solicitou a modificación dos criterios reitores da mesa xeral de negociación.

A vista da non concorrencia dos supostos legalmente previstos no artigo 170 do TRLRFL, procede a desestimación das alegacións

Alegacións presentadas (CINCO) pola Asociación veciñal de Teis cos números 1800196234, 1800196237, 1800196239, 1800196242 e 1800196244 , de data 10/12/2018.

A lexitimación ven determinada polo súa condición de colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC.

Solicitan:

1800196234 .Crear unha aplicación de asfaltado de diversas rúas do ámbito, por unha contía de 230.000 euros.

En relación coa solicitude, o orzamento ten incorporada distintas aplicacións para asfaltados no programa 1532, por 4.270.000 euros, que serán aplicados ás rúas que estean deterioradas e segundo as prioridades tanto do seu estado como de uso.

Diminuír a aplicación 4320.2279999, convenio Deputación promoción turística.

En relación coa diminución, non é posible, xa que esta contía é achegada pola Excma. Deputación, sendo un recurso afectado, polo que esta alegación atópase en desequilibrio .

1800196237. Crear unha aplicación por un importe de 400.000 euros para o Parque Infantil Pedro Alvarado.

En relación con este parque, o Orzamento vixente (2018), ten unha dotación de 499.990 euros para as obras do Parque Pedro Alvarado que están a esta data en execución.

En todo caso, propoñen como recurso par o seu financiamento unha baixa na aplicación (4320.2279902), que reflicte a dotación para facer fronte ao gasto dun contrato en vigor, polo que o solicitado ou proposto non se axusta a dereito.

1800196239. Creación dunha aplicación de mellora en beirarrúas por unha contía de 450.000 euros.

Como se informou en relación cos asfaltados, estas aplicacións orzamentarias dotadas cunha contía de 4.270.000 euros, teñen como finalidade acometer melloras na infraestrutura viaria (mantemento, conservación e mellora), sen prexuízo da existente 1532.6190006, que ten precisamente a finalidade de melloras en infraestruturas nos barrios e parroquias, que hai que sumar á contía anterior.

A aplicación que propoñen minorar, a 4320.2279901, afronta unha dotación para dar cobertura a un contrato en vigor, polo que resulta non axustado a dereito a súa minoración.

1800196242. Creación dunha aplicación con 120.000 euros para a ampliación da baixada a Igrexa, detraendo o recurso da aplicación 9121.2260200.

1800196244. Solicitan aumentar a contía destinada a creación da sa de lectura e usos múltiples en Teis, que o Proxecto de orzamento destina 115.000 euros no ano 2019, propoñendo aumenta a 964.000 euros.

En relación co anterior, a aplicación 9330.6220003, no ano 2019, ten unha dotación para o financiamento da redacción do proxecto, licitación e primeira anualidade, xa que, en aplicación do marco legal que regula a contratación pública, o procedemento de licitación, adxudicación e inicio das obras absorbe un

prazo non inferior aos 6 meses, polo que, a contía do gasto inversor importante terá a súa imputación ao orzamento do ano 2020.

O Plan de investimento e financiamento aprobado, prevé para o ano 2020, unha dotación de 600.000 euros para a devandita infraestrutura. Así mesmo, quedaría pendente, por descoñecerse o proxecto das instalacións, o mobiliario, que en función dos prazos de execución, podería ter a súa imputación ao Orzamento do ano 2020.

En consecuencia, o proxecto plurianual, xa ten previsto, sin prexuízo dos axustes que procedan en función do prezo de adxudicación, ten unha dotación de 715.000 euros.

A aplicación que propoñen minorar como recurso, a 3260.2279917, conforma a dotación para dar cobertura a un contrato en vigor, polo que resulta non axustado a dereito a súa minoración.

En todo caso, as necesidades reais de recursos necesarios para afrontar o gasto da infraestrutura da sa de lectura e usos múltiples de Teis, está prevista no Plan de investimentos e financiamento aprobado e en vigor, polo que, non procede a toma en consideración da alegación.

Sen entrar na oportunidade dos empregos orzamentarios, nas aplicacións a crear, aquel financiamento que está a cargo de baixas doutras aplicacións, que en determinados casos, están asociadas a contratos asinados, non sería posible a súa minoración sen previamente rescindir o contrato ou minorar a súa contía. O contratista estaría no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, xa que o orzamento non tería dotado os créditos suficientes para atender aos compromisos adquiridos, neste caso contractuais que teñen a súa orixe nunha relación xurídica certa.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, as alegacións presentadas non responden a ningún dos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa dos empregos orzamentarios, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

En todo caso, tendo en conta as aplicacións orzamentarias do programa 1532, 1710 e 9330, o Goberno poderá atender todos os empregos que se están propoñendo, algúns con dotacións axeitadas segundo o plan de execución (Orzamentos 2019-2020), e outras dentro das limitacións orzamentarias, nas aplicacións que figuran nos devanditos programas ou bolsas de vinculación xurídica dos créditos, sempre que as mesmas sexan consideradas prioritarias.

Alegación presentada por D. Xabier Pérez Iglesias, documento número

180196545 de data 10/12/2018, en calidade de responsábel da Acción Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vigo. O alegante fai referencia a un pdf que non achega na data na que remata o prazo de presentación, e si figura outro documento co número 180197005 de data 11/12/2018, na que relaciona o contido da alegación.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado, polo que cumpre o requisito subxectivo.

En canto ao prazo de presentación da alegación, aínda que presentada fora de prazo, vai ser obxecto de análise.

A alegación desagregase en 49 emendas.

Creación de novas aplicacións orzamentarias: 25 emendas, contía das 25 emendas, 4.820.000,00 euros.

Aumento de dotación en aplicacións: 26 emendas, contía das 26 emendas, 4.396.000,00 euros.

Total aumentos por novas aplicacións e por aumentos 9.216.000,00 euros.

Anulacións: 5 emendas, contía das 5 emendas, 5.513.915,47 euros.

Diminucións: 3 emendas, contía das 3 emendas, 3.702.084,53 euros.

Nun primeiro orde de competencias, a formación do Orzamento e unha prerrogativa outorgada polo artigo 168 do TRLRFL ao Presidente da Corporación, sendo o proxecto presentado o formado por quen lle corresponde legalmente ou por quen ostenta a delegación da competencia.

Sen entrar na oportunidade dos empregos orzamentarios tanto nas aplicacións a crear como nas que se propón un suplemento, o financiamento está a cargo de baixas doutras aplicacións, que en determinados casos, están asociadas a contratos asinados, polo que non sería posible minorar a dotación sen previamente rescindir o contrato ou minorar a súa contía. De non facelo, a prestadora do servizo estaría no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, xa que o orzamento non tería dotado os créditos suficientes para atender aos compromisos adquiridos, neste caso contractuais que teñen a súa orixe nunha relación xurídica certa.

Os contratos que se verían afectados, entre outros, son os de tratamento do lixo na contía de 2.977.028,48 euros (verquidos en Sogama), cuxa dotación é necesaria para atender as necesidades de tratamento dos residuos sólidos urbanos. Outra son os programas de comercio, por unha contía de 725.056,05 euros, que están asociados a contratos de gasto plurianual. Os dos servizos complementarios de educación por unha contía de 1.764.000,00 euros ( aulas internacionais) e os programas de promoción da cidade, todos eles asociados a contratos vixentes.

En relación coa diminución ou eliminación das aplicacións destinadas a cobertura de contratos en vigor, dada a contía do modificado ou a supresión total, suporía a resolución dos contratos vixentes, coas indemnizacións legais que correspondesen segundo a Lei 9/2017.

A anulación da aplicación 4320.2279909, correspóndese coa subvención da Excm. Deputación de Pontevedra para a promoción turística, que ten a cualificación de financiamento afectado, o cal suporía a perda automática da mesma por destinala a un fin distinto do considerado no convenio asinado.

En todos os casos, as dotacións que se reflicten para os contratos en vigor, son as necesarias segundo os contratos formalizados, non sendo posible a súa anulación ou diminución, sen que previamente se faga a preceptiva modificación ou rescisión do contrato coas indemnizacións que procedan. A modificación de contratos ten que axustarse ao previsto na LCSP, nos casos que nos ocupa, como a contía da modificación supón unha modificación substancial, require a rescisión dos mesmos.

Todos os recursos que teñan orixe na baixa de aplicacións orzamentarias asociadas a contratos en vigor serían nulas, polo que, a proposta de creación ou maiores dotacións por unha contía de 9.216.000,00 euros, non teñen recursos para o seu financiamento, resultando a proposta feita contraria a dereito por estar a xerar un déficit orzamentario (artigo 165.4 do TRLRFL).

O documento presentado ten un carácter de emenda parcial aos orzamentos máis que o de unha alegación. A emenda é unha institución reservada aos grupos políticos con representación municipal, que teñen os seus prazos delimitados polo acordo da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, aínda así, foi obxecto de estudo e avaliación. No caso de emendas, os grupos políticos con representación municipal, non están sometidos ás limitacións contidas no artigo 170.2 do TRLRFL, podendo ser parciais ou a totalidade.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, a alegación conformada por 49 emendas, non está amparada en ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa dos empregos orzamentarios, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

### *Conclusión*

As alegacións presentadas por: D. Rubén Pérez Sueiras, en representación da Asociación Animalista Libera, co número de documento 180189914, Dona Teresa Martínez Díaz, presidenta da entidade sin ánimo de lucro Acción Solidaria de Galicia (ASDEGAL), nº de documento 180194759, D. Pergentino Martínez Pampillón,



en calidade de Presidente do Comité de Persoal do Concello de Vigo, co número de documento 180198873, os funcionarios adscritos ao Rexistro Xeral, asinada por Dona Dolores Blanco Bejega, Dona Milagros Pereira Antonio, D. J. Manuel Díaz Iglesias, Dona Laura Escudero Martínez, Dona Francisca Ramiro García e D. Santiago Cruz Pazó, co nº de documento 180196484, Dona Norka Pérez (Dúas), documentos do rexistro de Concello 18019765 e 180197653, D Emilio Rodríguez Otero co nº de documento do rexistro de Concello 180197649, D. Enrique Alonso Rodríguez e D. Luis Alberto Riobó Veiga, delegados de persoal da Sección de CCOO, nº de documento 180196250, Asociación veciñal de Teis (CINCO), cos números 1800196234, 1800196237, 1800196239, 1800196242 e 1800196242 e D. Xabier Pérez Iglesias, documento número 180196545 e 180197005, tendo en conta os supostos que en cada caso se reflicten neste informe e no emitido pola Sra. Xefa de RR.HH e Formación, non responden aos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, que teñen que ter algunha das seguintes causas:

Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRFL.

Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

As alegacións presentadas representan unha opción de aplicación dos recursos públicos a outros empregos distintos dos propostos polo goberno e aprobados inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do 15 de novembro de 2018, en resume, unha alteración das decisións dos órganos que teñen a competencia na formación do orzamento, non constituíndo en ningún caso os supostos de alegación regulados no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que non se poden tramitar como alegacións nin ser aceptadas como tales por non cumprir cos supostos obxectivos regulamentados no devandito precepto. En consecuencia, procede o rexeitamento das mesmas, aínda que na maioría dos casos, hai dotacións adecuadas e suficientes para facer fronte ao gasto.

O órgano competente no proceso anual de execución do orzamento, pode adoptar acordos en relación con algunha das alegacións, ven dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos que delimita a Base 4ª das de Execución do Orzamento, ven tramitando modificacións orzamentarias ou con cargo á mesma aplicación orzamentaria cando esta teña un carácter xenérico e exista equivalencia na natureza económica do gasto que representa a alegación.

Non se altera o contido do orzamento aprobado inicialmente nin en termos cuantitativos nin cualitativos, polo tanto, non se require achegar informe adicional algún.

En canto á proposta, unha vez que se reflicta a desestimación das alegacións, o contido será o mesmo que o aprobado polo Pleno en sesión do 15 de novembro de 2018, que se corresponde coa aprobación inicial do Orzamento, non requirindo a incorporación de ningún informe adicional.

En canto á resolución das alegacións, o Pleno dispón do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP). Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento ata o día 10 de decembro, foron avaliadas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 19.12.2017, ditamina favorablemente dita proposta.

#### DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso traemos a este Pleno a aprobación definitiva para o ano 2019, posto que as alegacións presentadas non cumpren cos requisitos para ser admitidas, polo tanto, trátase da aprobación definitiva do Orzamento para o 2019 deste Concello de Vigo que permitirá facer un mellor Vigo e máis Vigo como nos piden as cidadás/áns desta cidade. Partindo da boa xestión económica deste Concello, dunha xestión económica con débeda cero, polo tanto, con tódolos recursos destinados á cidadanía, asinamos para o ano 2019, 257,5 millóns de euros directamente á cidadanía para facer como dicía máis Vigo e un mellor Vigo, un Vigo máis solidario, máis habitable, máis atractivo, máis dinámico e máis seguro para toda a cidadanía, garante tamén dos servizos públicos para a cidadanía a diferenza doutras administracións como tivemos a oportunidade de escoitar ao inicio deste Pleno, da Xunta de Galicia que non cumpre coas súas obrigas, coa obriga de garantir uns servizos públicos de calidade o Concello de Vigo si, e así o reflicten os cidadáns nas enquisas dun observatorio autónomo que reflicte o grado de satisfacción dos vigueses/as cos servizos públicos que se prestan dende este Concello de Vigo, polo tanto, este Orzamento de 257,5 millóns

de euros nos coloca como o que somos, como a primeira cidade de Galicia, como a cidade tractora da economía galega e a cidade tractora das políticas sociais, económicas, activas de emprego cumprindo o que non fan outras administracións como a Xunta de Galicia, paliamos o non investimento da Xunta de Galicia en Educación, paliamos o non investimento da Xunta de Galicia en políticas deportivas, o non investimento da Xunta de Galicia en políticas de benestar comunitario, polo tanto somos a administración que encabeza os concellos, non só de toda Galicia senón tamén os concellos de toda España, presentando un orzamentos en tempo e en forma, un orzamentos que hai que dicilo se tratan de orzamentos redistributivos posto que se temos en conta que máis de 34 millóns de euros son para subvencións e transferencias a entidades en boa parte redistribúen na cidadanía estes orzamentos do Concello de Vigo e ademais cuns beneficios fiscais que superan os 8 millóns de euros e polo tanto, atendendo a todas aquelas persoas que precisan de axuda no seu cumprimento, hai que dicir que máis de 3.700 familias se benefician de bonificacións fiscais ademais hai que ter en conta tamén que na política deportiva, na política de bonificación nos prezos deportivos as escolas infantís están bonificadas en máis dun 85% e tamén as instalacións deportivas e polo tanto, cunha gran carácter social, carácter social destes orzamentos que tamén se manifesta no incremento que ano tras ano se ven dando nas políticas de axuda ás persoas que máis o precisan, nas políticas sociais que desenvolve este Concello. Hai que dicir que dende o ano 2007 ata o ano que ven o incremento nas políticas de benestar social supera o 280%, polo tanto, apostando polas persoas e apostando polas persoas que máis o necesitan con accións en distintas áreas e accións transversais como a Casa de Acollida, o albergue e os pisos para as persoas que o necesitan ou a colaboración coas mulleres que sofren problemas de maltrato e tamén coa atención ás persoas maiores, a través do apoio aos cuidadores de barrio que prestan esa atención aos maiores en distintas zonas da cidade, en Lavadores, en Teis, en Coia, na vila de Bouzas, etc. Hai que dicir que os Orzamentos adicados a benestar social superan os 19 millóns de euros se temos en conta 17 millóns de euros en políticas de benestar e os 2 millóns que achegamos a CEDRO, as persoas que sofren drogodependencia, pero non só iso, porque tamén as bolsas para libros e para comedor, as axudas aos comedores nos colexios, as bolsas de inglés para os menores ou a atención aos colexios co

recubrimento dos patios e as axudas ao transporte, o apoio á universidade e tamén o apoio a sectores estratéxicos da cidade como o emprego, outra das grandes carencias da Xunta de Galicia nesta cidade, máis de 5,3 millóns de euros adicados ás políticas de emprego para facer unha cidade máis dinámica, máis activa e que teña un nivel alto de empregabilidade, hai que dicir que Vigo representa o 34% do emprego que se da en Galicia, ademais se trata como non pode ser doutro xeito dun orzamento inversor, transformador da cidade, máis de 30 millóns de euros para mellorar tódalas rúas da cidade, para mellorar tódalas parroquias, para mellorar non só o centro senón tamén tódalas parroquias Teis, Candeán, Lavadores, Navia, Beade, Bembrive, Coruxo, Cabral, todo Vigo representado neste Orzamento.

SR. PÉREZ CORREA: Este Pleno toma moitas veces decisións, ou neste Pleno se explicitan ou se din cousas como as cuestións dos grandes números do orzamento, neste Pleno tomamos ás veces ou dicimos de maneira moi magnífica moitas cuestións pero as cousas logo teñen que ter percorrido fora e teñen que ter percorrido ademais no conxunto da realidade das cousas que pasan na cidade, este Pleno tamén decidiu que ía solucionar os despedimentos na ORA e que o temos aí afora non é unha rondalla nin unha charanga do Nadal, son precisamente os traballadores/as reclamando que o que se di neste Pleno teña percorrido fora, e o digo tamén porque neste Pleno hoxe non imos aprobar só os orzamentos, os orzamentos inicialmente xa os aprobamos hai un mes, senón que a eses orzamentos que vostedes presentaron houbo xente que presentou alegacións unha vez que estaba publicado no Boletín Oficial da Provincia, é dicir, colectivos sociais, persoas que se senten agraviadas, que o proxecto orzamentario incumpre determinadas cuestións presentaron alegacións, a nós nos gustaría que cando menos o concelleiro de Facenda dixera cal é o motivo e o motivo substancial para facer un rodillo absoluto e desestimar absolutamente todas e cada unha das alegacións presentadas incluso polo Comité de Empresa deste Concello, porque non queremos falar dos números do Orzamento, nós xa dixemos que está moi ben, que facer unha lectura do orzamento cando se presenta non é o mesmo que cando chegamos a final de ano e o que puxemos nun papel non se executa ou decisións que se tomaron sobre todo nunha cuestión tan sensible como é capítulo de I de

persoal, decisións que se tomaron, nin sequera estaban consensuadas coa maioría das organizacións sindicais que conforman a representación sindical deste Concello e a nós nos gustaría saber cal é o motivo porque aquí neste proxecto orzamentario nós xa dixemos ademais nas cuestións das partidas orzamentarias ou na cuestión da filosofía deste orzamento que non estábamos de acordo, votamos en contra e polo tanto o que queríamos é adicar o pouco tempo que temos para falar destas cuestións que colectivos sociais e que organizacións políticas que non teñen representación neste Concello pero tamén como digo, representación importante da cidadanía e do movemento veciñal presentaron alegacións porque efectivamente e a pregunta que nós fixemos no anterior Pleno, cando un colectivo social, un veciño pode chegar a un orzamento, dentro ademais desa política de orzamento participativo que non é algo que se nos ocorrera a nós senón que a Federación Española de Municipios e Provincias a través dun código de boas prácticas di que hai que poñer, cal é o motivo? Xa sabemos que antes non, porque este grupo municipal se decatou por un medio de comunicación que había un orzamento, se nós como grupo municipal nos decatamos por un medio de comunicación que non lle pasará a un cidadá/án que queira chegar a este Orzamento e ademais porque nin sequera polo que vemos “a posteriori”, no período de exposición pública se toma en consideración nin sequera unha mínima achega, incluso algunhas que para nós deberían ser tomadas en conta porque para nós provocarían de non facelo a nualidade deste orzamento, está claro que o Capítulo I vostedes non o negociaron, xa o di unha organización sindical pero que é ademais está claro polo resultados que estamos vendo, no capítulo I faise unha reunión na que simplemente é expositiva, non é unha negociación e os que algo traballamos dentro da negociación colectiva sabemos que a negociación colectiva é negociar, non é expoñer de parte un proxecto orzamentario pero que ademais imos descubriendo que amortizan moitas prazas, postos de traballo vacantes de antigas ofertas de emprego, posiblemente condicionadas algunhas por esas políticas do Partido Popular de non permitir naquela altura sacar a concurso pero outras moitas non, e hai alegacións presentadas que alertan de que vostedes están a destruír emprego público, non só pola cuestión ademais que afortunadamente está nos medios do profesor da Escola Municipal de Artes e Oficios de Luthería senón tamén porque eliminan un

psicólogo do CEDRO que nos parece bastante perigoso nestes tempos permitirse reducir a parte pública do CEDRO para engodar a parte privada que oferta unha empresa como CLECE para nós de dubidoso sentimento cando menos en servizos sociais pero ademais hai achegas importantes, vostedes seguen consagrando partidas a gastos que como vemos están contestadas socialmente, como poden ser a axudas a liñas aéreas que logo incumpren ademais o pregos como RYANAIR,, non pasa absolutamente nada, aquí había propostas interesantes de diminuír ou rescindir ese contrato para utilizar partidas de máis de 3 ou 4 millóns de euros en partidas sociais, e nós estábamos completamente de acordo, pero ademais se lle propoñen políticas de protección animal nun dos concellos onde iso está completamente esquecido, vostede non tomaron en consideración nin a primeira, polo tanto, nos imos seguir mantendo a nosa posición.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nestes escasos 5 minutos que dispoñemos para xa dar carpetazo á aprobación definitiva do Orzamento, imos a intentar ser rápidos, a verdade que imos repetir practicamente o mesmo debate que tivemos cando Se aprobou inicialmente o Orzamento porque vostedes traen aquí exactamente o mesmo texto que traían nesa aprobación inicial e traen o mesmo texto porque despois de ter rechazado tódalas emendas que presentado os grupos municipais da oposición sen pestañar, como por certo xa fixeron ao longo de toda a lexislatura, tamén agora rechazan a totalidade das emendas e das alegacións que presentan diferentes colectivos e neste caso algunhas dende logo moi razoables e que teñen que ver co apoio ás persoas pero claro como non sae de vostede debe ser que por iso decidiron rexeitalas, rexeitar emendas e alegacións como as da GALPM, as de Asociación de Voluntariado para Apoiar ás Persoas Maiores, da Asociación de Veciños de Teis, claro non son amigos do Sr. Alcalde porque dinlle o que non lle gusta e iso é o que ao Alcalde non lle gusta escoitar, tamén alegacións que teñen que ver coa mellora e o benestar animal na nosa cidade, alegacións incluso como dicía o voceiro de Marea de Vigo de sindicatos, alegación dos alumnos da EMAO para pedir que non se elimine a clase de luthería, que vai pasar coa Escola Municipal de Artes e Oficios Sr. Alcalde? Tamén a vai a eliminar vostede dun plumazo? Tamén vai a facer exactamente o mesmo polo que vemos en camiño no Museo de Arte Contemporáneo que xa non nada de museo de arte

contemporáneo, por que lle molesta tanto a cultura Sr. Alcalde? Por que? Porque é discrepar e vostede non quere nada que discrepe nesta cidade, quere que todos asentemos a todo o que vostede ordene e mande, en definitiva, son uns orzamentos que están feitos de forma unilateral, que están impostos de forma unilateral, que non queren escoitar a nada nin a ninguén, que non admitiron nin unha soa, pero xa non neste Orzamento senón nesta lexislatura, 220 alegacións ao Orzamento de grupos municipais e de colectivos ás que vostedes literalmente dixeron que non, non a todo porque si, tamén nos dixeron a nós que non a baixar impostos, non as mellorar as partidas para o emprego xuvenil, non ás melloras de axudas a creación de empresas, nos a incrementar as axudas ás parroquias e os investimentos en parroquias, non a mellora da potabilizadora, non a Samil, non a dinamización do comercio, non, non e non, porque a vostedes o único que lles interesa é escoitarse así mesmos porque desgraciadamente esta maioría absoluta e díxeno aquí moitas veces e volvo a dicir agora que aprobamos o Orzamento definitivamente, o que referenda é que se interpretou cunha soberbia sen límites por parte do Sr. Alcalde, esa soberbia que lle leva a nin sequera levantar a mirada cando lle está a falar a voceira do grupo municipal do Partido Popular, a que lle leva a desprezar toda opinión que non sexa para aplaudilo e a que lle leva a ignorar de forma desprezable, lle teño que dicir Sr. Alcalde, a eses traballadores que están aí afora e que están facendo ruído porque queren ser escoitados polo seu Alcalde, e o seu Alcalde non se atreve e ten a decencia de nin sequera telo recibido despois de máis de tres meses de folga, traballadores dunha contrata municipal pagada con cartos de tódolos vigueses e que vostede está a ignorar, escoite, escóitao? De verdade que non lle importan absolutamente nada? Acaba vostede de apoiar enfervorizadamente a traballadores, a unha traballadora que veu aquí representando moi dignamente ao seu colectivo e defendendo os intereses deses traballadores, pero que pasa, aquí hai traballadores bos e traballadores malos? Traballadores que merecen o apoio do Alcalde e traballadores que non merecen en función de se dependen de vostede Sr. Alcalde? De verdade que está vostede avanzando neste Vigo de bos e malos en función de se lle rin as gracias ou se lle aplauden e lle din a todo que si, este non é o Vigo que merecen os vigueses, non é o Vigo que vostede representa dende logo, e non é o Vigo da soberbia e da autoritarismo e de dicir que aquí só se aproba e se autoriza o que eu

ordeno e mando porque vostede Sr. Alcalde non é Vigo, Vigo é dos vigueses e non dende logo seu, e así nestes Orzamentos que imos aprobar agora non hai nada nin para loitar contra o paro da cidade que ten máis paro de Galicia, por moito autobombo que faga o Sr. Aneiros, nin nada para loitar contra a cidade que ten máis persoas en risco de pobreza, por moito autobombo que faga o Sr. Aneiros, e nada para loitar contra a cidade que non ten solo industrial, por moito autobombo que faga o Sr. Aneiros, en definitiva, non hai nada para axudar a resolver os problemas de Vigo no futuro e iso é exactamente o que necesitarían os vigueses, non necesitan estes orzamentos e por iso votaremos en contra.

SR. ANEIROS PEREIRA: Estes Orzamentos para 2019 son o froito de escoitar á cidade 365 días, de traballar reo tódolos días do ano escoitando aos colectivos, escoitando ás asociacións, escoitando aos barrios, polo tanto, se trata de trasladar á cidade o que a cidade pide, miren, se vostedes fixeran o mesmo se vostede fixeron o mesmo non pasaría o que vimos ao inicio deste Pleno, que vostedes non apoian á sanidade pública, non apoian os servizos públicos, vostedes queren obviar os servizos públicos, pero mire, é que na súas emendas, naquel xa pasado mes, xa que vostede o trae cóntollo, o que vostedes propoñían é necesaria que a xente o saiba é aforrar cartos doutras administracións, aforrar cartos sinaladamente da Xunta de Galicia, facendo que o Concello de Vigo asuma rúas que non son súas, facendo que o Concello de Vigo asuma competencias como a de augas que non son súas, facendo que o Concello de Vigo asuma competencias que non son súas como as políticas activas de emprego, mire, nós adicamos 257 millóns e medio de euros ás necesidades da cidade, falando día a día coa cidade, falando cos colectivos, coas asociacións, coas empresas, cos traballadores, con tódalas persoas que o precisan 257,5 millóns de euros, llo volvo a repetir, porque iso é o que lle molesta, que adiquemos tódolos recursos deste Concello a atender as necesidades da cidadanía, cubrindo os servizos públicos que precisa a cidade, cubrindo as necesidades da cidade, investindo en tódalas zonas do Concello, non só no centro senón tamén en todas e cada unha das parroquias deste Concello de Vigo, facendo un Vigo mellor, facendo máis Vigo e mellor Vigo que é o que nos piden a cidadanía, porque miren cando as urnas faloron, cando a democracia falou en 2015, colocou a 17 concelleiros en fronte de vostede e as urnas volverán a falar



en 2019 e non seremos 17, seremos 21 concelleiros polo menos, porque a súa presenza na cidade significa descoñecer a cidade, a súa presenza na cidade é nula, non defenden os intereses da cidade, pero mire, as alegacións presentadas non se trata de nun momento particular achegar ideas senón que se trata cada día de achegar ideas e estar en contacto cos colectivos, se tratan de partidas que xa están contempladas ou de partidas plurianuais que nos piden que aceleren, polo tanto os cidadáns o que nos piden é máis Vigo, pídennos facer un Vigo máis activo, máis sostible, máis dinámico, nos piden facer o que xa estamos a facer, polo tanto, os orzamentos para o ano 2019, pese o que lle pese ao grupo de Marea de Vigo e ao Partido Popular, son excelentes para a cidade, serán os mellores orzamentos que permitirán facer máis Vigo e mellor Vigo.

Este é un feito de alcance histórico porque é a duodécima vez consecutiva que se aproban orzamentos na cidade de Vigo, non había pasado nunca, é mostra da estabilidade e do procedemento, moitas grazas señores/as concelleiros.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, Gonzalez Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimación de alegacións

- a) Desestimar a alegación presentada por D. Rubén Pérez Sueiras, en representación da Asociación Animalista Libera, co número de documento

180189914, de data 27/11/2018, de acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, por non axustarse a ningún dos supostos especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, non concorrendo os supostos obxectivos do devandito precepto.

- b) Desestimar a alegación presentada por Dona Teresa Martínez Díaz, con D.N.I. nº. 34621492Y, presidenta da entidade sin ánimo de lucro denominada Acción Solidaria de Galicia (ASDEGAL), co NIF B27727593, nº de documento 180194759 de data 05/12/2018, por ser beneficiaria de axudas na convocatoria anual por concorrencia competitiva que tramita o servizo de Benestar Social, non procedendo o outorgamento da axuda de forma nominativa.
- c) Desestimar a alegación presentada por D. Pergentino Martínez Pampillón, en calidade de Presidente do Comité de Persoal do Concello de Vigo, co número de documento 180198873 de data 10/12/2018, por conter o Proxecto do Orzamento esta previsión do 0,25% da masa salarial, sempre e cando se cumpra o requisito básico, superávit en relación coa Liquidación do ano 2018. As dotacións previstas para o capítulo I, nas aplicacións que resultan obxecto de revisión están reflectir un incremento total do 3,27%, porcentaxe superior que o contido no devandito acordo. En canto ao ano 2018, o Orzamento vixente dispón de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao 0,3% que ten previsto o Acordo entre o Ministerio de Facenda e os Sindicatos asinantes do mesmo.
- d) Desestimar a alegación presentada polos funcionarios adscritos ao Rexistro Xeral, co nº de documento 180196484 por ser unha competencia da Xunta de Goberno Local a determinación e aprobación das retribucións dos empregados/as públicos consonte á legalidade vixente, entre outros, a fixación de complementos específicos e complementos de destino, xunto coa aprobación da relación de postos de traballo, así como a xestión do persoal municipal e a aprobación do gasto en materias da súa competencia. No documento inicialmente aprobado hai unha aplicación orzamentaria específica 9200.1210300, denominada “fondo de adecuación retributiva de postos de traballo”, dotada orzamentariamente coa contía prevista na documentación que conforma o expediente administrativo de tramitación do Capítulo I dos orzamentos para 2019, que de resultar adecuado, podería imputarse a mellora retributiva a esta aplicación orzamentaria.
- e) Desestimar as alegacións presentadas por Dona Norka Pérez (Dúas) e D. Emilio Rodríguez Otero, nº de documentos do rexistro de Concello 18019765, 180197653 e 180197649, rexistrado no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia cos

números 150337/RX2941244, 150376/RX2941445 e 150338/RX2941245, informadas pola Sra. Xefa de Área de RR.HH e Formación, na que conclúe que deben ser rexeitadas por non axustarse a ningún dos supostos previstos polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, non concorrendo os supostos obxectivos do devandito precepto e basicamente por tratarse dunha reorganización do servizo. No entanto, a prestación do servizo vai ser contratado con cargo a algún dos contratos previstos no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, garantindo a continuidade do mesmo, xa que o mesmo pódese ser obxecto de prestación sen praza.

- f) Denegación da alegación presentada por D. Enrique Alonso Rodríguez e D. Luis Alberto Riobó Veiga, delegados de persoal da Sección de CC.OO, CIF G15103112, nº de documento 180196250 de data 10/12/2018. No amplo informe da Sra. Xefa da Área de RR.HH e Formación, acredítanse os prazos de convocatoria, o acceso dos alegantes ao expediente electrónico tal e como queda constancia na trazabilidade do mesmo, a participación por escrito no procedemento. En resume, o informe pon de manifesto que non hai vulneración de dereitos á negociación colectiva.
- g) Denegación das alegacións presentadas (CINCO) pola Asociación veciñal de Teis cos números 1800196234,1800196237, 1800196239, 1800196242 e 1800196244 , de data 10/12/2018. Tendo en conta a acreditación que figura no informe, en algún dos supostos está reflectida a solicitude no propio proxecto de orzamento ou no do ano en curso. En canto as contías, tamén está reflectida como un investimento plurianual no Plan de investimento e financiamento vixente. Coas dispoñibilidades das aplicacións orzamentarias do programa 1532, 1710 e 9330, o Goberno poderá atender todos os empregos que se están propoñendo, algúns con dotacións axeitadas segundo o plan de execución (Orzamentos 2019-2020), e outras dentro das limitacións orzamentarias, nas aplicacións que figuran nos devanditos programas ou bolsas de vinculación xurídica dos créditos, sempre que as mesmas sexan consideradas prioritarias.
- h) Denegación alegación presentada por D. Xabier Pérez Iglesias, documentos número 180196545 e 180197005, en calidade de responsábel da Acción Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vigo. Os empregos orzamentarios tanto nas aplicacións a crear como nas que se propón un suplemento por unha contía de 9.216.000,00 euros, o financiamento está a cargo de baixas doutras aplicacións, que en determinados casos, están asociadas a contratos asinados, polo que non sería posible minorar a dotación sen previamente rescindir o contrato ou minorar a súa contía, polo que, a proposta de creación ou maiores dotacións por unha contía de 9.216.000,00 euros, non ten recursos para o seu

financiamento, resultando a proposta feita contraria a dereito por estar a xerar un déficit orzamentario (artigo 165.4 do TRLRFL).

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2019, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo, non habéndose producido ningunha alteración en relación co Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 15 de novembro de 2018, polo que, non se incorporan máis informes cos contidos inicialmente, coas excepcións dos relativos á resolución das alegacións.

O Proxecto de Orzamento está integrado por:

Orzamento dá Entidade Local.

Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.

Reflicítese nesta proposta o resume por Capítulos da clasificación económicas de gastos, ingresos e por Áreas de Gastos, tanto para o Orzamento da Entidade como o do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo así co os estados Consolidados. En relación con este últimos, os estados orzamentarios que conforman o expediente do Orzamento, inclúen unha consolidación a todos os niveis (Capítulos, Áreas, Aplicacións, Programas....)

A estrutura orzamentaria que se presenta axústase ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e a Orde 419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde 3565/2008.

## CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2018-2019

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2018	2019		2018	2019	
0	Débeda Pública	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	128.643.501,4 0	130.930.124,1 9	1,78%	132.199.188,9 3	131.350.347,4 6	-0,64%
2	Actuación de protección e promoción social	21.492.546,72	24.127.979,87	12,26%	21.492.546,72	24.127.979,87	12,26%
3	Producción B. públicos carácter preferente	46.842.455,92	45.074.856,93	-3,77%	46.842.455,92	45.074.856,93	-3,37%
4	Actuacións de carácter económico	18.391.100,59	19.332.187,28	5,12%	18.391.100,59	19.332.187,28	5,12%
9	Actuacións de carácter Xeral	37.617.403,98	37.696.462,13	0,21%	37.617.403,98	37.696.462,13	0,21%
Total		252.987.008,6 1	257.161.610,4 0	1,65%	256.542.696,1 4	257.581.833,6 7	0,41%

## CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E

COMPARATIVO 2018-2019

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	65.770.783,38	67.882.697,30	3,21%	107.973.311,88	108.960.818,00	0,91%
2	119.979.042,9	123.267.438,51	2,74%	8.435.311,27	8.493.508,00	0,69%
3	3.530,00	3.530,00	0,00%	38.467.338,63	39.271.725,53	2,09%
4	33.926.225,42	33.968.597,81	0,12%	76.526.805,07	80.193.073,39	4,79%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.393.000,00	3.020.200,00	26,21%
Operc. C.N.F	220.279.581,7	225.722.263,62	2,47%	233.795.766,8	239.939.324,92	2,63%
6	31.130.357,41	29.812.598,54	-4,23%	.00	.00	0,00%
7	931.069,50	980.748,24	5,34%	18.545.241,76	16.576.285,48	-10,62%
Operac. N.F	252.341.008,6	256.515.610,40	1,65%	252.341.008,6	256.515.610,40	-1,65%
8	646.000,00	646.000,00	0,00%	646.000,00	646.000,00	0,00%
9	.00		0,00%	.00		0,00%
Total	252.987.008,6	257.161.610,40	1,65%	252.987.008,6	257.161.610,40	1,65%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2018-2019

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	69.712.103,38	71.949.645,30	3,21%	107.973.311,88	108.960.818,00	0,91%
2	121.690.910,43	125.158.944,96	2,85%	8.435.311,27	8.493.508,00	0,69%
3	3.530,00	3.530,00	0,00%	39.812.438,63	40.616.825,53	2,02%
4	28.102.825,42	28.028.597,81	-0,26%	75.402.392,60	79.233.196,66	5,08%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.403.000,00	3.030.200,00	26,10%
Operac. N.F	220.109.369,23	225.740.718,07	2,56%	234.026.454,38	240.334.548,19	2,70%
6	34.781.257,41	30.139.367,36	-13,35%	3.300.000,00	.00	-100,00%
7	981.069,50	1.030.748,24	5,06%	18.545.241,76	16.576.285,48	-10,62%
Operacões. N.F	255.871.696,14	256.910.833,67	0,41%	255.871.696,14	256.910.833,67	0,41%
8	671.000,00	671.000,00	0,00%	671.000,00	671.000,00	0,00%
9	.00		0,00%	.00	.00	0,00%
Total	256.542.696,14	257.581.833,67	0,41%	256.542.696,14	257.581.833,67	0,41%

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO

2018- 2019

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	3.941.320,00	4.066.948,00	3,19%			
2	1.711.867,53	1.891.506,45	10,49%			
3				1.345.100,00	1.345.100,00	0,00%
4	1.325.512,47	1.368.856,73	3,27%	6.024.500,00	6.348.980,00	5,39%
5				10.000,00	10.000,00	0,00%
<b>Op. Corr. NF</b>	<b>6.978.700,00</b>	<b>7.327.311,18</b>	<b>5,00%</b>	<b>7.379.600,00</b>	<b>7.704.080,00</b>	<b>4,40%</b>
6	3.650.900,00	326.768,82	-91,05%	3.300.000,00	,00	-100,00%
7	50.000,00	50.000,00	0,00%			0,00%
Op. Cap. NF	3.700.900,00	376.768,82	-89,82%	3.300.000,00	,00	-100,00%
<b>T. Op. N.F</b>	<b>10.679.600,00</b>	<b>7.704.080,00</b>	<b>-27,86%</b>	<b>10.679.600,00</b>	<b>7.704.080,00</b>	<b>-27,86%</b>
8	25.000,00	25.000,00	0,00%	25.000,00	25.000,00	0,00%
<b>Total</b>	<b>10.704.600,00</b>	<b>7.729.080,00</b>	<b>-27,80%</b>	<b>10.704.600,00</b>	<b>7.729.080,00</b>	<b>-27,80%</b>

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

CUARTO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

SEXTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2019-2022, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SÉPTIMO.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

OITAVO.- Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío o Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/201.

NOVENO.- En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD

500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2019, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

DÉCIMO.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e terá os seus efectos dende o un de xaneiro.

UNDÉCIMO.- De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición (artigos 45 e 46 da Lei 29/1998). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

DOUDÉCIMO.- Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2019, procederase a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.

DECIMOTERCEIRO.- Se o Dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación ou polo órgano que teña a competencia, acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral, se das mesmas se puxese en perigo o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentario ou da regra de gasto.

DECIMOCUARTO.- Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento ata o día 10 de decembro, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

En consecuencia do anterior o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

**5(231).- APROBACIÓN DO TEXTO INICIAL DO CONVENIO URBANÍSTICO DE PLANEAMENTO A SUBSCRIBIR POLA XERENCIA MUNICIPAL URBANISMO E A MERCANTIL PRECISGAL COMPONENTES S.L. RESPECTO DE TERREOS DA SÚA PROPIEDAD, LOCALIZADOS NA ESTRADA SUBIDA O MONTE ALBA.**

## **EXPTE. 1054/400 (REXISTRO PLENO 1934/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 7 de decembro de 2018, o secretario xeral do Pleno e da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

"Lexislación aplicable.

TRLS. Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

LSG. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

RLSG. Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

R.D. 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Antecedentes.

En data de outubro de 2018 a mercantil PRECISGAL COMPONENTES AUTOMOCIÓN S.L., propietaria única dos terreos localizados na Estrada "Subida o Monte Alba", presentaba na XMU proposta de convenio urbanístico de planeamento para a modificación puntual do PXOU 1993; tal proposta de convenio ten sido obxecto de negociación, artigo 398.2 RLSG; froito de tal negociación, e en virtude das suxestións realizadas pola Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), foi elaborada unha proposta definitiva do texto inicial do convenio que se trasladou os propoñentes.

En data 5.12.2018 remítese a esta Secretaría desde a XMU proposta de convenio urbanístico de planeamento que coincide coa negociada e trasladada desde a XMU aos propoñentes ao obxecto de que, tralo estudo das Estipulacións nel contidas, se emita o informe que corresponda.

No Expediente, ademais da proposta de convenio presentada e da súa documentación anexa consta a seguinte documentación: (i) Resolución da vicepresidenta da XMU de incoando a tramitación do Expediente.

Cumprimentando a petición realizada, en función do previsto no artigo 3.3. d) 7º do R.D. 128/2018 emítese o seguinte,

### **INFORME**

**I.** Os Expoñendos do convenio sinalan que o Grupo PRECISGAL ten asinado un compromiso empresarial coa mercantil británica ROLLS ROYCE (ITP Aéreo-Rolls Royce) co fin de fabricar pezas de alta precisión da turbina de baixa presión do



motor de aeronaves de transporte de pasaxeiros (AIRBUS A350, BOEING 787); consecuencia do anterior é obxectivo do Convenio dar unha resposta urbanística que posibilite a localización das instalacións industriais nas que se materializará a fabricación do produto aeronáutico mencionado, a tal fin o Convenio intervén nos terreos da propiedade do GRUPO PRECISGAL localizados na Subida o Monte Alba, dunha superficie total de 8.356,00 m2, clasificados polo vixente PXOU 93 do seguinte xeito:

1. A zona onde se atopa a nave en funcionamento, 3.375,00 m2, atópase clasificada como Solo Urbano, Ordenanza 2.2.D.a. (Industria xardín en tamaño medio).

2. A zona onde se proxecta a ampliación industrial, 4.981,00 m2, como SNU 4 (Solo non Urbanizable Especialmente Protexido da Paisaxe e Masas Forestais).

**II.** Para os obxectivos expostos é preciso realizar unha modificación do planeamento vixente que permita o desenvolvemento dos terreos onde se localiza a actividade industrial e para a futura ampliación.

**III.** O artigo 4.1 do TRLS sinala, *“A ordenación territorial e a urbanística son funcións públicas non susceptibles de transacción que organizan e definen o uso do territorio e do solo de acordo co interese xeral, determinando as facultades e deberes do dereito de propiedade do solo conforme ao destino deste. Esta determinación non confire dereito a esixir indemnización, salvo nos casos expresamente establecidos nas leis”*.

A redacción deste precepto parece inferir o impedimento de celebrar convenios urbanísticos ao falar de “funcións públicas non susceptibles de transacción”, non obstante o artigo 9.8 da mesma norma refírese aos convenios de planeamento nos seguintes termos, *“Os convenios ou negocios xurídicos que o promotor da actuación celebre coa Administración correspondente, non poderán establecer obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que procedan legalmente en prexuízo dos propietarios afectados. A cláusula que conteña estas regras será nula de pleno dereito”*.

Na mesma liña a LSG no artigo 165 sinala, *“Os órganos pertencentes ás Administracións Públicas poderán celebrar, sempre no ámbito das súas respectivas competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, ao obxecto de colaborar e desenvolver de maneira mais eficaz a actividade urbanística”*.

En desenvolvemento deste precepto o artigo 398.2 do RLSG advirte que a negociación, formalización e cumprimento dos convenios urbanísticos rexerase polos principios de transparencia e publicidade; o artigo 398.3.a) da mesma norma sinala que os convenios urbanísticos poden ter, entre outros, o obxectivo de determinar o contido de posibles modificacións do planeamento en vigor; o apartado 4, consonte ao artigo 165.3 da LSG, advirte que, serán nulas de pleno dereito as estipulacións dos convenios urbanísticos que contraveñan, infrinxan ou defrauden obxectivamente normas imperativas legais o regulamentarias, incluídas

as de planeamento urbanístico. O artigo 399.2 sinala que os convenios de planeamento só poderán conter acordos ou pactos que, afectando exclusivamente ás partes que os subscriban, sexan preparatorios e non vinculantes da resolución que se deba adoptar no procedemento de aprobación ou alteración do planeamento en vigor; finalmente o artigo 399.3. indica que o Concello tramitará a aprobación ou a modificación do instrumento ou instrumentos de planeamento a que se houbera comprometido, pero conservará a plena potestade de planeamento por razóns de interese público e que a tal efecto, o convenio só vinculará ás partes que o subscriben para a iniciativa e tramitación do procedemento correspondente, en base ao acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de solucións concretas de ordenación; conclúe sinalando que no caso de que non se aprobara o cambio de planeamento, o convenio entenderase resolto, sen que poda comportar enriquecemento inxusto de ningunha das partes.

En definitiva, os convenios urbanísticos de planeamento teñen por obxecto a mera preparación dun novo planeamento; a súa subscrición (sinatura) obriga ao Concello á tramitación do procedemento de modificación puntual que prevexa sen que as determinacións de ordenación nel contempladas sexan vinculantes para o Concello que, no uso da súa potestade indispoñible de planeamento, poderá variarlas na instrución (tramitación) de tal modificación por razóns de conveniencia para o interese público, causa suficiente para entender que os convenios se atopan sometidos a unha implícita ou explícita condición suspensiva de que o instrumento definitivamente aprobado faga posible o cumprimento do propio convenio.

No sentido exposto, recollendo a normativa citada, resulta axeitada a redacción da Estipulación Primeira do Convenio.

**IV.** Como se ten exposto o convenio negociado co GRUPO PRECISGAL e remitido para informe a esta Secretaría determina os parámetros urbanísticos a contemplar na modificación do "PXOU 1993" respecto dunha superficie de 4.981,00 m<sup>2</sup>, propiedade do GRUPO PRECISGAL localizada na Estrada "Subida o Monte Alba" clasificada polo PXOU 93 como SNU 4, "*Solo non Urbanizable Especialmente Protexido da Paisaxe e Masas Forestais*" co obxecto de acadar neles unha ordenación urbanística que permita a ampliación da nave industrial alí existente.

En referencia as modificacións dos Plans o artigo 78 da Lei do Solo de Galicia sinala que calquera modificación do planeamento urbanístico fundamentarase en *razóns de interese público debidamente xustificadas*.

Respecto de tal xustificación o Instituto Galego para a Promoción Económica (IGAPE) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, mediante informe de data 2.07.2018 que se adxunta como Anexo 3 o Convenio, considera de especial interese público a proposta empresarial do GRUPO PRECISGAL ao acreditar que se trata dun proxecto que responde ás propostas estratéxicas da Consellería.

Non obstante o decisivo para a xustificación da modificación proposta non é que a actuación urbanística sexa necesaria ou conveniente, ou que para ela sexa precisa

a ocupación de solos antes protexidos; o determinante, seguindo a xurisprudencia do TS -sentenza de 3 de xullo de 2007-, é explicitar as razóns que poñan de releve que os solos antes clasificados como non urbanizables protexidos deben recibir agora outra clasificación, explicación que se obtén, ben porque os valores antes tomados en consideración non existían, ben porque son xa inexistentes.

No sentido exposto o Convenio, como Anexo 4, adxunta Resolución emitida en data 8.06.2017 polo Xefe de Territorial en Pontevedra da Consellería do Medio Rural (Exp. CU2017006) na que, previo informe do Servizo de Montes, se valoran as zonas clasificadas como solo rústico de protección forestal e na que se indica que tales terreos *-na actualidade a zoa verde de xardín-* non acadan as condicións necesarias para ser clasificados de tal xeito; informase, ademais, que por parte desa Administración non existe inconveniente en realizar o cambio de uso forestal a industrial.

Dende as consideracións expostas o proxecto de Convenio axústase á legalidade urbanística.

**V.** A Estipulación Sexta da proposta de convenio (Cooperación das partes) sinala,

*As partes, conscientes da importancia desta actuación e co obxecto de acadar a correcta consecución dos obxectivos perseguidos, manifestan o seu propósito de cooperar nas actuacións a realizar no ámbito das súas respectivas competencias en beneficio da pronta tramitación e aprobación da modificación puntual do PXOU 1993 e da execución das previsións do planeamento deste Convenio. As previsións do presente Convenio non limitan nin condicionan a potestade municipal de planeamento.*

Tense dito pero reitérase. Sen prexuízo da iniciativa de ordenación que o TRLS reconece no medio urbano aos propietarios de fincas urbanas, artigo 8.1, a potestade municipal de planeamento é indispoñible, non é unha función pública susceptible de transacción, artigo 4.1 do mesmo TRLS e artigo 399.3 do RLSG; a única obriga (compromiso) que corresponde ao Concello no convenio refírese á tramitación da modificación puntual dos instrumentos de planeamento nel referidos; no exercicio de tal potestade os cidadáns participan de xeito efectivo nos procedementos de elaboración e aprobación de calquera instrumentos de ordenación urbanística e avaliación ambiental mediante a formulación de alegacións, propostas e observacións que deben obter da Administración municipal unha resposta motivada no procedemento de que se trate, artigo 5.e) TRLS; froito de tales alegacións e en virtude da consideración do interese público nelas exposto, a Administración municipal pode variar/modificar as determinacións de ordenación contempladas no convenio.

**VI.** Procedemento. A Estipulación Décima da proposta de convenio sinala,

*“O presente convenio, de carácter administrativo, aprobarase previamente á modificación de planeamento que propón e conforme ao disposto nos artigos 401 e seguintes do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o*

*Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia. Carecerá de efectos en tanto en canto non sexa aprobado definitivamente polo Pleno do Concello e asinado posteriormente. No caso de que non se aprobe a modificación do planeamento nel prevista entenderase automaticamente resolto”.*

O RLSG nos artigos 401, 402 e 403 refírese á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos. O procedemento de aprobación dos convenios concrétese, en síntese, nos seguintes trámites:

- Presentación da proposta de convenio.
- Negociación da proposta de convenio.
- Elaboración polos servizos técnicos e xurídicos da XMU da proposta de texto inicial.
- Vista da proposta de texto inicial aos propoñentes para aceptación ou renuncia.
- Sinatura do texto inicial do convenio.
- Aprobación texto inicial (proxecto de modificación PXOU) Xunta de Goberno Local.
- Aprobación do texto inicial polo Pleno do Concello.
- Información pública do texto inicial (1 mes).
- Presentación de alegacións.
- Emisión de informes en relación coas alegacións presentadas.
- Emisión de informes técnicos e de legalidade.
- Proposta de texto definitivo á vista das alegacións e dos informes emitidos.
- Vista do texto definitivo os propoñentes para a súa aceptación, reparos ou renuncia.
- Aprobación (ratificación) do texto definitivo do convenio polo Pleno do Concello.
- Sinatura do texto definitivo nos quince días seguintes a súa aprobación.
- Publicación do acordo de aprobación do convenio e do texto asinado no DOGA.
- Anotación do convenio no Rexistro de Convenios e copia o Arquivo de Convenios.
- Incorporación determinacións ás modificacións puntuais do “PXOU 1993”.

Conforme a normativa citada, procede a sinatura do texto do Convenio.

Os convenios urbanísticos de planeamento teñen por obxecto a aprobación ou modificación do planeamento urbanístico, artigos 166 LSG e 399.1 RLSG; son “instrumentos” que reflicten acordos de vontades para desenvolver de maneira mais eficaz a “actividade urbanística”, artigos 165.1 LSG e 398.1 RLSG, en tal “actividade” atópase a actividade de ordenación; a súa aprobación inicial -cando teñen por obxecto a modificación do planeamento xeral (PXOU 93)- corresponde ao Pleno en atención a tal fin, razón suficiente para entender que a aprobación do “convenio”, considerada como *proxecto*, sexa acordada previamente pola Xunta de Goberno Local ao corresponder a este órgano a aprobación dos proxectos de instrumentos de ordenación urbanística cuxa aprobación definitiva ou provisional (inicial) corresponda o Pleno, artigo 127.1.c) LBRL.

Previa a súa consideración no Consello da Xerencia, propónse á Xunta de Goberno Local, na súa condición de órgano competente nos proxectos de modificación do PXOU, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte

dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 13 de decembro 2018, ditamina favorablemente e eleva dita proposta á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 14.12.2018, aproba a mencionada proposta.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 20.12.2018, emite ditame favorable do presente expediente para a súa elevación ao Pleno.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Hoxe traemos aquí unha iniciativa neste punto de aprobación do texto inicial do convenio urbanístico coa empresa PRECISGAL que ten como obxectivo fundamental loitar contra a deslocalización de empresas en Galicia, e polo tanto, apoiar aquelas iniciativas que precisan dunha ampliación e que hoxe teñen axustado o terreo sobre o que poden facelo. O grupo PRECISGAL ten un contrato asinado co fabricante de motores de avión Rolls Royce, unha tecnoloxía desenvolvida que a día de hoxe só fabrica en Estados Unidos ou en Holanda polo tanto é innovador na fabricación destes produtos en España e ten un contrato asinado que vai a permitir garantir o emprego, garantir a actividade económica e ampliar esa actividade económica ao longo dos vindeiros anos, para facer fronte a ese contrato asinado con Rolls Royce e ademais nun sector que é unha aposta estratéxica de futuro tamén para Galicia que o sector aeronáutico e esta empresa precisa unha ampliación das súas instalacións que están situadas na Subida ao Monte Alba, unha empresa ademais que ten as súas instalacións ubicadas en Vigo ou no parque tecnolóxico ou na subida ao Monte Alba e que hoxe son propietarias dun terreo, unha parte del solo urbano consolidado e que xa está colmatado e outra parte que no vixente plan do ano 93 é un solo de especial protección forestal pero que a aproximadamente en 4.500 metros cadrados de solo

que teñen poderían facer unha ampliación das súas instalacións, a día de hoxe as vías que temos para intentar poder desenvolver este proxecto é polo tanto, modificar o planeamento o poder executuar o proxecto dende logo non pasan pola publicación da Lei 3/2016, porque este non é un proxecto de iniciativa pública, cun promotor público, senón que o promotor é privado e a propia empresa que é propietaria deses terreos pero si é certo que ten condicións de interese público como así o específica de xeito claro o informe que acompaña á solicitude, feito polo Instituto Galego de Promoción Económica, polo IGAPE que cita esta actividade como unha actividade estratéxica para Galicia. Non chega só con que exista un interese público para poder promover unha modificación do Planeamento como a que hoxe traemos aquí na súa aprobación inicial do convenio, senón que é preciso tamén que os solos que hoxe xa son de titularidade deste grupo empresarial pero que teñen unha clasificación de especial protección forestal, pois non teña ese requisito de especial protección, e neste caso a campaña, o expediente e tamén un escrito, un informe da Dirección Xeral de Montes, do servizo de Pontevedra que avala que os solos afectados non teñen ningunha condición a día de hoxe de monte e que é máis, valora positivamente a transformación do uso actualmente forestal dese monte, nun uso industrial, polo tanto, se a propia autoridade competente por razón da materia, a Dirección Xeral de Montes acredita que aí non hai un monte se non que pode permitirse un uso industrial, e é preciso para o desenvolvemento desta actividade que o propio IGAPE acredite que é estratéxica para Galicia desenvolver esta iniciativa o Concello de Vigo promove este convenio urbanístico para iniciar a tramitación da modificación puntual do plan do 93 para poder dar cobertura á ampliación das instalacións do grupo PRECISGAL na Subida ao Monte Alba como dicía, para garantir o seu futuro, para ser un soporte de garantía para loitar contra deslocalización industrial no noso territorio e por outra banda para que poidan dar cobertura como dicía a ese proxecto empresarial de Rolls-Royce, por suposto ten que cubrir tódalas garantías legais, só se comeza o seu procedemento terá un mes de exposición pública e non só que conte co aval do Instituto Galego de Promoción Económica e da propia Dirección Xeral de Montes senón que acreditan ao mesmo tempo distintas cartas que falan da importancia desta actividade económica para Galicia e para Vigo, por exemplo, da Universidade de Vigo e de A Coruña, de FEUGA e institutos de formación galego,

do CETAC, de ASIMA, Fundación Cluster Metalúrxica de Galicia e Asociación de Modistos Matriceros e Afíns, CEAGA, do Consorcio Aeronáutico Galego, de Rolls-Royce, por suposto, como asinadora do seu contrato, lle pedimos o seu apoio para este proxecto bo para o futuro de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Obviamente nós estamos de acordo, veremos se ten impacto no emprego porque non é nin a primeira nin a segunda vez que a boa vontade urbanística deste Concello, incluso do conxunto das administracións públicas non redundan en mellor emprego, afortunadamente non estamos na situación de Citroën que dende que vostedes consagraron esta nova política de permitirlle a todas estas naves de loxística se perde emprego, se perde calidade de emprego, se precariza e incluso se destrúe postos de traballo en Citroën coa entrada do Centro Especial de Inserción, xa digo, da que vostedes son responsables da entrada do grupo Ilurion, da destrución de emprego na PSA e a aparición da precariedade laboral no sector da loxística dentro da fábrica, pero iso como xa está demostrado e constatado a próxima vez que vostedes digan que queimamos Citroën, lle digo que quen queima emprego son vostedes, aquí estamos noutra situación pero estamos nunha situación coa que nós estamos de acordo pero non serva isto un precedente construír sobre un relato da axuda ou non ao crecemento das industrias na cidade de Vigo, porque se vostede de verdade non teñen ningún tipo de control sobre esta actividade para calquera industria de Vigo sería moi fácil comprar un solo non urbanizable, non clasificado e por arte de maxia e por esa presión e coa axuda da Xunta de Galicia a través do IGAPE, recalificar solo de maneira inmediata. Polo tanto, que non abramos a espita porque tamén significaría que sería un negocio moi lucrativo para determinadas industrias, polo tanto, como administración pública e como organizacións políticas progresistas tamén teremos que pedirlle que teña impacto no emprego estable de calidade na cidade, pero estando a favor desta modificación, é certo, temos un Plan do 93, en tres anos xa teríamos que ter feito algo para evitar esta situación de que teñamos un Plan do 93 que dicía que aí había superficie forestal, xa hai moitos anos que non hai superficie forestal nesa finca, de feito, agora axardinada, pero é a enésima vez que recorreremos á modificación puntual a través dos mecanismos pouco menos de presión de intereses privados, xa hai centros comerciais premen, modificamos o

ámbito de Recaré, hai unha solicitude dunha empresa, modificamos, as modificacións do Plan Xeral non deberían ser a demanda, deberían de ser cunha planificación estratéxica do modelo de cidade, pero iso é outro debate que terá que ver con como queren vostedes abordar a redacción do novo Plan Xeral, nós estamos a favor, aínda que poñamos en dúbida a existencia dunha industria alí, todo o mundo que colla esa estrada de repente, unha estrada que vai a unha superficie forestal atopámonos unha industria e polo menos é discutible a existencia dunha industria aí, o único que para nós substancia que se faga isto é, primeiro que si que terá retorno á parroquia de Valadares, nós falamos coa comunidade de montes e efectivamente non é un terreo que houbera unha previsión a futuro de que fora susceptible de ser de uso forestal, falamos co movemento veciñal e o convenio aparte recolle que terá un retorno á parroquia a través de infraestruturas que a propia empresa vai ter que facer tanto no campo de fútbol do Valadares como nas inmediacións, polo tanto, é avasoxa para a parroquia de Valadares e non estamos a falar dun terreo que afortunadamente se comprara hai pouco, senón que é un terreo que tiña en propiedade dende hai xa moito tempo, pero moito ollo con isto, non abramos unha espita a tempos pasados, e ademais a tempos pasados de urbanismo do Partido Popular, onde unha empresa de repente compraba un terreo forestal e por arte de maxia cambiámolo e o convertíamolo en urbanístico, e ademais hai unha lei, é certo que é de intereses xeral pero sabemos que non tería encaixe a través desa lei de punto único que se inventou a Xunta de Galicia porque non se podería converter un solo rústico de especial protección en industrial pola vía desa lei, polo tanto, estivemos pensando que esa lei tampouco axudaría a moitos problemas de solo industrial que temos aquí.

Polo tanto, estamos a favor pero moi vixiantes de que non se considere isto pois como unha especie de procedemento activo porque senón eu ao sector empresarial desta cidade é bastante agudo para facer este tipo de actuacións e só hai que ver collendo o mapa da cidade onde hai colocadas industrias por toda a cidade sen orden e sen ningún tipo de planificación simplemente por estas cuestións do interese xeral, claro que hai interese xeral, sempre hai interese xeral, pero cal é o interese xeral da cidade? A creación de emprego estable, a creación de emprego consolidado, que teña un retorno económico a través de PIB, por



certo, a achega do PIB de Vigo completamente discrepamos desa lectura, a achega do PIB de Vigo ao conxunto do PIB galego vai en retroceso, e a comarca de A Coruña xa achega máis no conxunto global do PIB cando temos un sector máis grande.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que estamos aquí cunha música de fondo que non é a do “Mundo de Yupi” porque hai un “mundo de yupi” de Vigo”, si é verdade, a do Alcalde, moi divertido pero a nós tamén nos gusta a música dos instrumentos clásicos, a luthería tamén en Vigo, gústanos outro tipo música e Vigo e bastante máis que toda a ledicia, como estamos a escoitar no propio patio do Concello, que son persoas que queren un posto de traballo e que queren ser escoitadas.

E hoxe estamos ante unha modificación puntual á carta, Sra. Caride, vostede pode facer aquí un discurso moi claro, vostede parece incluso comercial de Rolls-Royce, a min gustoume moito como expuxo vostede aquí toda a presentación da empresa que se vai instalar agora en Vigo pero é que realmente isto é un pelotazo falando claramente, ademais porque vostedes teñen que ser favorables con algúns si e con outros non porque mire, vostedes están a facer esta modificación puntual do Plan do 93, non están a facer modificacións puntuais para os veciños de Matamá para o pavillón, non están a facer modificacións puntuais para os alumnos e usuarios do colexio Parroco Don Camilo, porque sabe o que pasa que alí van con escusas e alí van discursos agresivos, destrutivos porque vostede agora mesmo acaba de haber un debate, mire, nós estamos dispostos a recibir todo tipo de críticas e todo tipo de discursos porque estamos aquí para iso, pero cando non teñen discurso para a cidade, cando as súas actuacións son comprádeos entre amigos, comprar de edificios para despachos e pelotazos urbanísticos entón téñennos que atacar a nós, non nos importa nada, temos a costela dura, agora esta cidade quédase atrás porque mire ao saír vou a ir ao Ikea, vou a ir da un paseo polos xardíns do Barrio do Cura, podemos ir a ler uns libros a Panificadora non, podemos, porque parece que iso está resolto e segue paralizado, levamos 11 anos sen urbanismo nesta cidade, temos un Plan Xeral que cando vostede era conselleira vostede aprobou, que este Alcalde aprobou e que está tumbado polo Tribunal Superior de Xustiza, non temos Plan Xeral, entón vostede ven aquí a vender hoxe o gran plan

urbanístico de Vigo que é a machete, cambiar un uso, transformar un uso de solo especialmente protexido en solo urbano consolidado, rústico, si, si, e por que non axudas vostedes a tódalas persoas que están atrapadas en PERIs que non teñen nada que facer, que están a pagar os impostos e que non teñen maneira de resolver os seus problemas urbanísticos, esas persoas son vigueses/as que realmente necesitan unha xestión municipal urbanística e adaptada ao que eles necesitan, pero o meu compañeiro o Sr. Fidalgo lembralle ao Pleno pasado que as empresas vense de Vigo, que non hai solo para que se instalen en Vigo, que se van a Nigrán, que se van a Mos, ten vostede ademais o callo de criticar a cidade deportiva de Mos, ten vostede o callo de crítico facendo o que vai facer hoxe, si é que pode vostede poñer caras e pode vostede devolverme tódalas críticas que queira, agora nós imos defender a esta cidade, estamos escoitando a protesta duns traballadores que non teñen solución, temos neste Pleno a persoas presentes que teñen por unhas pinzas collidas o seus postos de traballo e o futuro da cultura desta cidade, teñen vostedes moitas vías de auga, teñen un “mundo de yupi” fantástico que todos gozamos, nos encanta os villancicos, nos encanta pasear pola cidade, pola rúa do Príncipe, nos encanta, pasámolo fenomenal pero somos políticos, concelleiros da cidade de Vigo e necesitamos resolver moitos problemas, agora claro compramos por 5 millóns o edificio do Rectorado para facernos un despacho fantástico, agora a formación, a Universidad, e porque lle vou dicir unha cousa a ETEA e ese presidente da que vostede é discípula, o Sr. Touriño, tiña un plan moi ambicioso para a ETEA que ogallá saia adiante e se poña en marcha que era a universidade, vaime a comparar vostede a universidade cun despacho, conducir unha campaña do 2011 aínda enriba acusando a outros políticos de utilizar o Rectorado como un despacho municipal, é que teñen vostedes un callo que non o cree ninguén, e levan 12 anos, si levan 12 anos pero urbanismo ningún, aquí o que vostedes van facer agora é no Monte Alba van instalar como acaba dicir o Sr. Pérez Correa unha empresa, facendo un pelotazo urbanístico si señor, cunha modificación puntual do 93 que non aplican para outras situacións máis necesarias nesta cidade, llo dicimos alto e claro, ímonos abster pero está claro que vostedes aquí, hoxe, van facer un pelotazo urbanístico.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu ei de recoñecer a miña sorpresa, supoño que está

vostede molesta, deixémolo aí, eu a verdade é que me sorprendo porque eu creo que os concelleiros do Partido Popular non creo que teñan a costela dura, o que teñen é a faciana dura porque ter a cara de vir a este Pleno a dicir que é unha actuación como esta, acreditada por certo pola Xunta de Galicia que creo que vostede incluso é deputada no Parlamento de Galicia, pois está acreditada pola Xunta de Galicia esta actuación como imprescindible e necesaria para o tecido industrial de Galicia e de Vigo e ven vostede a dicir que isto é un pelotazo, mire isto non é un pelotazo, isto non é facerlle favores a uns amigos aos que vostede estaban acostumadas, isto non é opoñerse a un Plan Xeral porque incorpora máis vivenda protexida para que todos vivir nesta cidade, non isto non é iso, non ten nada que ver con iso, repítolle, creo que está vostede nerviosa porque confundir esta actuación cun informe da Dirección Xeral de Montes dicindo que isto xa non é un monte e non ten ningunha característica forestal co pelotazo do centro comercial en Mos dun señor, iso é un escándalo, vostede ten que posicionarse e dicir se está a favor do tecido produtivo de Vigo ou non, claro é unha dobre moral dicir que en Vigo non hai solo para as empresas e polo tanto teñen que marchar da cidade e ao mesmo tempo opoñerse a unha iniciativa como esta. Miren, no discurso se non se opuxo xa me dirá vostede que é, parece que se vai abster é dicir é indiferente entre que se amplía ou non amplía PRECISGAL pero ten delito que no seu discurso se opoña cualificando isto dun pelotazo, cando realmente isto é dar cobertura a unha necesidade empresarial dun sector industrial estratéxico de Galicia cun solo que lle pertence dende hai moi tempo que xa non ten ningunha das características propias que están asinadas a un solo de especial protección e recoñezo que os representantes do Partido Popular están molestos pero claro hai que recoñecer que os de Marea aínda que apoiem esta iniciativa tamén están molestos pero a vostede tanto lle molestou que apoiáramos o proxecto empresarial de Citroën para que non puxéramos en risco os miles de postos de traballo directos e indirectos de Citroën? A verdade, eu creo que isto se cae polo seu propio peso, vostedes teñen un problema, tomaron unha decisión, opoñerse a ese proxecto e agora non saben que facer para intentar emendar o erro cometido pero nunca é tarde para recoñecer os erros e polo tanto benvidos a esta iniciativa de apoio a unha empresa que é dun sector clave para a industria galega pero que dende logo ademais pode ser un bo exemplo de boa colaboración.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

#### ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de texto inicial do Convenio de urbanístico de planeamento a subscribir pola Xerencia Municipal de Urbanismo e a mercantil PRECISGAL COMPONENTES AUTOMOCIÓN S.L. respecto de terreos da súa propiedade localizados na Estrada “Subida o Monte Alba” segundo a redacción e Estipulacións que constan no Expediente.

SEGUNDO. Adoptado acordo de aprobación na Xunta de Goberno Local o texto inicial do Convenio, previa a súa sinatura, aprobarase, tras o seu ditame no Consello da Xerencia, polo Pleno do Concello. Caso de aprobación seguirase a tramitación sinalada nos artigos 401 e seguintes do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

CONVENIO URBANÍSTICO DE PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E PRECISGAL COMPONENTES S. L. U. PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO “PXOU 1993”

Na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, a 9 de outubro de 2018

#### REUNIDOS

Dunha parte, D<sup>a</sup> MARÍA JOSÉ CARIDE ESTEVEZ, concelleira delegada de Urbanismo do Concello de Vigo e vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo asistida por o secretario da XMU, José Riesgo Boluda os efectos de asesoramento e dacción

de fé do presente negocio xurídico.

Doutra parte, D JOSE ANTONIO ALONSO COMESAÑA, en nome e representación da entidade PRECISGAL COMPONENTES AUTOMOCIÓN S.L.U., en adiante PRECISGAL, con domicilio social na Estrada Subida Monte Alba s/n (A Garrida-Valadares), 36215 Vigo, e C.I.F. número B27719814; constituída por tempo indefinido en escritura autorizada polo Notario MIGUEL LUCAS SANCHEZ de Vigo, o día 02.09.2008, baixo o número 2077.08 do seu protocolo. Inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, ao Tomo 3509; Libro 3509; Folio 30; Folla PO-47006, inscrición 1ª

Exerce a súa representación en virtude da súa condición de Administrador solidario da sociedade mencionada segundo consta nos Estatutos.

As partes, na condición na que interveñen, recoñécense capacidade necesaria e representación suficiente para formalizar o presente Convenio urbanístico a cuxo fin,

#### EXPOÑEN

Primeiro. O CONCELLO DE VIGO no ámbito das súas competencias, ao amparo do artigo 165 da Lei do Solo de Galicia, pode celebrar convenios urbanísticos con particulares coa finalidade de colaborar e desenvolver de maneira mais eficaz a actividade urbanística.

Segundo. O GRUPO PRECISGAL, conxunto de empresas imbricadas na industria auxiliar da automoción e no sector aeronáutico, desenvolve a súa actividade entre o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (PTL) onde ten dous centros produtivos, un deles sede do Grupo e outro preto do PTL, na Estrada Subida ao Monte Alba, Concello de Vigo.

Terceiro. O Grupo PRECISGAL ten asinado un compromiso empresarial coa mercantil británica ROLLS ROYCE (ITP Aéreo-Rolls Royce) co fin de fabricar pezas de alta precisión da turbina de baixa presión do motor de aeronaves de transporte de pasaxeiros (AIRBUS A350, BOEING 787). É obxectivo do presente Convenio dar unha resposta urbanística que posibilite a localización das instalacións industriais nas que se materializará a fabricación do produto aeronáutico mencionado.

Para acadar dito obxectivo resulta necesario a modificación da vixente ordenación urbanística o fin de incorporar o solo urbanizable un novo espazo integrado por varias parcelas da propiedade do Grupo PRECISGAL contiguas á parcela onde se atopa a nave de fabricación actual para adicalo á ampliación do proceso industrial.

O Grupo PRECISGAL é propietario do 100 % da superficie existente no ámbito segundo consta nas Notas Simples emitidas en data XX.XX.2018 polo Rexistro da Propiedade número X de Vigo que se adxuntan como Anexo 5 a este Convenio.

Cuarto. A vixente ordenación urbanística do CONCELLO DE VIGO ven recollida no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo (PXOU 93), denominado Expediente de

subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto, de adaptación do solo a Galicia). A aprobación definitiva do PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o 10 de maio do ano 1993 e a súa normativa no B.O.P nº 133 de 14 de xullo.

No mencionado PXOU 93 os terreos da propiedade do GRUPO PRECISGAL que son obxecto deste Convenio localizados na Subida o Monte Alba, dunha superficie total de 8.356,00 m<sup>2</sup>, atópanse clasificados do seguinte xeito:

1. A zona onde se atopa a nave en funcionamento, 3.375,00 m<sup>2</sup>, atópase clasificada como Solo Urbano, Ordenanza 2.2.D.a. (Industria xardin en tamaño medio).

2. A zona onde se proxecta a ampliación industrial, 4.981,00 m<sup>2</sup>, como SNU 4 (Solo non Urbanizable Especialmente Protexido da Paisaxe e Masas Forestais).

Quinto. Como se ten exposto para os obxectivos expostos é preciso realizar unha modificación do planeamento vixente que permita o desenvolvemento dos terreos onde se localiza a actividade industrial e para a futura ampliación, completando o entramado urbanístico, de forma que sexa posible a ensamblaxe física entre a zona existente e a proxectada, co necesario acomodo ambiental co solo rústico ou urbano próximo, con parámetros de ordenación actualizados e contemporáneos que poidan ser avaliados favorablemente pola administración ambiental, de ordenación do territorio, e polos servizos técnicos e urbanísticos do CONCELLO de VIGO.

En referencia as modificacións dos Plans o artigo 78 da Lei do Solo de Galicia sinala que calquera modificación do planeamento urbanístico fundamentarase en razóns de interese público debidamente xustificadas.

I. Respecto de tal xustificación o Instituto Galego para a Promoción Económica (IGAPE) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, mediante informe de data 2.07.2018 que se adxunta como Anexo 3 a este Convenio, considera de especial interese público a proposta empresarial de PRECISGAL ao acreditar que se trata dun proxecto que responde aos plantexamentos estratéxicos da Consellería.

A promoción económica e a preparación de solo empresarial e industrial en áreas deficitarias, así como a previsión da ampliación e do desenvolvemento das industrias existentes que o precisen está considerada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e pola Consellería de Economía, Emprego e Industria como razóns de interese público de primeiro nivel.

II. Non obstante o decisivo para a xustificación da modificación plantexada non é que a actuación urbanística sexa necesaria, ou que para ela sexa precisa a ocupación de solos antes protexidos, o determinante, seguindo a xurisprudencia do STS, é explicitar as razóns que poñan de relieve que os solos antes clasificados como non urbanizables protexidos deben recibir agora outra clasificación ben porque os valores antes tomados en consideración non existían, ben porque son xa inexistentes; neste sentido se adxunta como Anexo 4 o Convenio Resolución

emitida en data 8.06.2017 polo Xefe de Territorial en Pontevedra da Consellería do Medio Rural (Exp. CU2017006) na que, previo informe do Servizo de Montes, se valoran as zonas clasificadas como solo rústico de protección forestal e na que se indica que tales terreos, na actualidade a zoa verde de xardín, non acadan as condicións necesarias para ser clasificados de tal xeito; informándose, ademais, que por parte desa Administración non existe inconveniente en realizar o cambio de uso forestal a industrial.

Sexto. En virtude do exposto, como conclusión do proceso de negociación levado a cabo na busca de solucións, as partes interviñentes consideran conveniente dotar ás parcelas propiedade de PRECISGAL existentes na Subida o Monte Alba dunha axeitada ordenación urbanística e dunha seguridade xurídica que garanta a viabilidade técnica e económica do ámbito e da inversión a realizar; a este efecto, o amparo dos artigos 165 e seguintes da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, e dos artigos 401 e seguintes do Decreto 143/2016, de 12 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, acordan a sinatura deste CONVENIO URBANÍSTICO DE PLANEAMENTO con suxeición ás seguintes,

## ESTIPULACIÓNS

### Primeira. Efectos do Convenio.

De conformidade co artigo 399.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, o CONCELLO DE VIGO conserva a plena potestade de planeamento polo que as previsións de ordenación previstas neste Convenio poderán ser modificadas por razóns de interese público na tramitación da modificación puntual que propón. A este efecto, sen prexuízo de colaborar no desenvolvemento dunha solución urbanística idónea o presente Convenio só vincula ás partes para a iniciativa e a tramitación dos procedementos de modificación que nel se contemplan e que se fundamentan na oportunidade, conveniencia e posibilidade da solución que inicialmente propón.

No suposto de que as modificacións puntuais do planeamento previstas respecto "PXOU 1993" non contemplaran as determinacións de ordenación mencionadas no presente Convenio, este entenderase automaticamente resolto sen que tal resolución implique ou supoña indemnización de clase algunha a favor de PRECISGAL COMPONENTES AUTOMOCIÓN S.L.U. consecuencia de expectativas urbanísticas xeradas.

### Segunda. Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente Convenio establecer as bases dunha modificación puntual do vixente PXOM 93 ao obxecto de establecer nas parcelas propiedade de PMACO GESTION S.L.U. (empresa patrimonial do Grupo Precisgal) e postas a disposición de PRECISGAL COMPONENTES AUTOMOCIÓN S.L.U. localizadas na Subida o Monte Alba unha ordenación e unha clasificación de solo que posibilite a ampliación da industria existente.

Terceira. Ordenación urbanística proposta. Compromiso da integración no PXOU.

O CONCELLO DE VIGO se compromete a tramitar a modificación puntual do PXOU 93 e promover a súa aprobación definitiva nas condicións sinaladas no presente documento sen prexuízo das reformas ou axustes resultantes dos informes vinculantes e preceptivos.

O Sector a ordenar, dunha superficie de 8.356,00 m<sup>2</sup>, integrarase nunha única área de reparto a executar nun solo polígono; non contera adscrición de Sistemas Xerais Exteriores; o uso global do sector delimitado será o industrial.

A instalación industrial existente se poderá integrar dentro da ordenación proxectada, na situación na que actualmente está emprazada, ou nas condicións que se establezan conforme a Ordenanza que se proxecte.

O formulación do traballo de planeamento, na súa Memoria, considerará que a clasificación de parte dos terreos do ámbito como Solo non Urbanizable Especialmente Protexido da Paisaxe e Masas Forestais non acadan na actualidade as condicións necesarias para ser clasificados de tal xeito; así mesmo considerará que é imprescindible acadar unha correcta clasificación do solo que resolva o encaixe das instalacións existentes e as proxectadas mediante unha solución que garanta legalmente o mantemento e a ampliación da actividade, mesmo para facilitar o axeitado solape e continuidade física e funcional entre a instalación existente de PRECISGAL e a zona de ampliación.

O CONCELLO DE VIGO facilitará que, dentro do expediente da modificación puntual se recolla a ordenación detallada do Sector que tera a mesmo contido e determinacións de ordenación que un Plan Parcial, de conformidade co que determina o artigo 56.2 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

A reserva de terreo para a dotación urbanística de espazo libre de sistema local, ao que fai referencia o artigo 42.2 da lexislación urbanística galega, se emprazarán de forma que garantan un espazo de amortecemento ambiental, acústico, visual e paisaxístico, entre a zona empresarial e o solo rústico próximo.

A superficie equivalente de reserva de terreo para a dotación urbanística de equipamento comunitario, ao que fai referencia o artigo 42.2 da lexislación urbanística galega, sistema local de equipamento, se agrupará coa parcela destinada a espazos libres.

De conformidade co que se determina no artigo 68 g. da Lei urbanística galega, se fose preciso, se executarán as obras necesarias para a ampliación e o reforzo dos sistemas xerais, en función das necesidades xeradas pola actuación, para garantir o seu correcto funcionamento,

Cuarta. Compromiso de desenvolvemento urbanístico. Planificación, xestión do solo e execución da urbanización.

O GRUPO PRECISGAL, propietario da totalidade dos terreos que integran o ámbito delimitado, se compromete ao desenvolvemento dunha actuación urbanística por



mor da cal delimitarase un sector de solo urbanizable, de uso maioritario industrial e outros usos compatibles, excluíndo expresamente o residencial, que acada unha superficie aproximada de 8.356,00 m<sup>2</sup>, conforme a delimitación descrita no Anexo nº1 deste Convenio, que integrará as instalacións existentes que xa se atopan no solo urbano e os terreos estremeiros.

O GRUPO PRECISGAL financiará os custes dos honorarios dos proxectos técnicos necesarios para a formulación da planificación, xestión e execución da actuación urbanística prevista, consistentes na elaboración dun proxecto de Modificación Puntual do PXOU 93, e o seu trámite ambiental, a Ordenación Detallada do sector que se estableza, o Proxecto de Equidistribución e o Proxecto de Urbanización, todos eles redactados en base ás prescricións incluídas na ficha de planeamento que se adxunta no Anexo nº 2.

Ao tratarse de unha actuación de iniciativa particular de propietario único se establece como sistema de actuación o de Concerto, por ser un sistema de actuación aplicable cando todos os terreos dun polígono pertencen a un único propietario.

O GRUPO PRECISGAL, propietario único dos terreos do sector, garantirá por si mesmo o desenvolvemento do ámbito, a súa xestión urbanística, e a execución da urbanización, nos termos que se demandan no artigo 66 da Lei do Solo de Galicia sobre Plans de iniciativa particular.

Quinta. Compromiso de PRECISGAL da mellora de infraestruturas comunitarias.

O GRUPO PRECISGAL se compromete a realizar as obras de urbanización ou infraestruturas que sexan demandadas pola Asociación de Veciños de Valadares como unha necesidade para os veciños da Parroquia. Estas obras poderíanse concretar, por exemplo, na pavimentación das beirarrúas ao carón do campo, a substitución do alumeadado existente na zona exterior do campo por "led", pintado das prazas de aparcamento na explanada, etc. Ditas obras ascenderán aproximadamente a un presuposto de contrata de 50.000 euros, IVE incluído. As devanditas melloras se realizarán simultaneamente ás obras de urbanización do ámbito da modificación puntual.

Sexta. Cooperación das partes.

As partes, conscientes da importancia desta actuación e co obxecto de acadar a correcta consecución dos obxectivos perseguidos, manifestan o seu propósito de cooperar nas actuacións a realizar no ámbito das súas respectivas competencias en beneficio da pronta tramitación e aprobación da modificación puntual do PXOU 1993 e da execución das previsións do planeamento deste Convenio.

As previsións do presente Convenio non limitan nin condicionan a potestade municipal de planeamento.

Sétima. Validez e prazos.

A validez do presente Convenio se supedita á aprobación definitiva da modificación puntual do PXOU 93 incluíndo a ordenación detallada de sector.

Os prazos de aprobación dos proxectos de equidistribución, de urbanización e da execución da urbanización do sector, iniciaránse ao día seguinte da publicación nos diarios oficiais da aprobación definitiva da modificación puntual con ordenación detallada.

Se establece un prazo de un seis (6) meses como data límite para a presentación dos proxectos de urbanización e de equidistribución do sector.

Se establece un prazo máximo de un doce (12) meses, dende a aprobación definitiva dos proxectos de equidistribución e urbanización, para a presentación do Certificado de final de obra da dirección facultativa, que facilite a recepción da urbanización, incluíndo nesa entrega, os informes favorables das compañías subministradoras dos servizos. Todo elo sen prexuízo da existencia de causas de forza maior que impidan executar a obra en prazo, circunstancia que se deberá xustificar con anterioridade polos promotores do solo.

O proxecto arquitectónico de ampliación das instalacións do GRUPO PRECISGAL presentarase simultaneamente co proxecto de urbanización do sector, de tal feito que podan ser resoltos de forma coordinada polo CONCELLO, aos efectos das súas autorizacións, co obxecto de poder desenvolver as obras de edificación e urbanización de forma simultánea, tida conta da urxencia existente

Oitava. Prazo mínimo de vixencia da actividade empresarial.

A modificación puntual do PXOU 93 realízase por causa da urxente necesidade empresarial polo que a súa vixencia atópase vinculada o desenvolvemento da actividade empresarial de forma continuada e por un prazo non inferior a dez (10) anos contados dende a aprobación definitiva da modificación do planeamento, garantindo así mesmo, o mantemento e ampliación dos postos de traballo existentes.

Novena. Cesión dos efectos derivados do Convenio.

O GRUPO PRECISGAL renuncia á facultade de ceder ou transmitir os efectos derivados do presente Convenio a favor doutras persoas físicas ou xurídicas con excepción daquelas que nun futuro se integren no Grupo e que persigan idénticos fins.

O GRUPO PRECISGAL obrígase a comunicar tal decisión ao Concello con anterioridade acompañada da conformidade explícita do novo adquirente nos efectos e obrigas resultantes do presente documento. O Concello manterá os compromisos asumidos no presente Convenio co adquirente.

Décima. Tramitación do Convenio.

O presente Convenio, de carácter administrativo, aprobarase previamente á modificación de planeamento que propón e conforme ao disposto nos artigos 401 e

seguintes do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia. Carecerá de efectos en tanto en canto non sexa aprobado definitivamente polo Pleno municipal e asinado posteriormente. No caso de que non se aprobe a modificación do planeamento nel prevista entenderase automaticamente resolto.

Undécima. Xurisdición competente.

Os litixios que puideran xurdir como consecuencia da formalización, cumprimento, interpretación e extinción do presente Convenio someteranse á orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

Doudécima. Documentación que integra o Convenio Urbanístico.

Forman parte integrante deste Convenio e do réxime de reciprocidade convido polas partes a proposta de ordenación que se incorpora a este Convenio reflexada nos seguintes documentos:

Anexo nº 1. Delimitación do sector propósito e localización das parcelas de propiedade de PRECISGAL.

Anexo nº 2. Ficha urbanística do sector, memoria xustificativa da proposta de ordenación, planos de clasificación e de ordenación pormenorizada do sector.

Así mesmo intégranse no presente Convenio os seguintes documentos:

Anexo nº 3. Informe do IGAPE e resto de organismos que avalan o interese público da actuación pretendida.

Anexo nº 4. Informe da Xefatura de Montes.

Anexo nº 5. Notas simples do Rexistro da Propiedade xustificativas da titularidade dos terreos do ámbito.

En proba de conformidade, as partes, perante min, secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, asinan o presente Convenio por triplicado exemplar, en tódalas súas follas, no lugar e data sinalados no encabezamento de todo o cal dou fe.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## **MOCIÓNS:**

**6(232).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á REBAIXA NUN 50% DA PEAXE DA AUTOESTRADA AG-57 ENTRE VIGO-BAIONA, QUE PERMITA UN MAIOR EMPREGO DA MESMA E A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E O DESCONXESTIONAMENTO DOUTRAS VÍAS. REXISTRO PLENO 1940/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de decembro de 2018, número 1940/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

### **MOCIÓN**

“A autoestrada de peaxe entre Vigo e Baiona AG-57, é competencia da Xunta de Galicia.

O alto custo da peaxe suón un baixo emprego desta autoestrada no tramo importante de conexión entre Vigo e os municipios da contorna e tamén de acceso á cidade de Vigo desde as localidades dos arredores.

A baixada do custo da peaxe á reclamada pola cidadanía e tamén por empresas e concellos da nosa área metropolitana.

Corresponde á Xunta de Galicia facilitar, cunha baixada substantiva da peaxe, que o emprego desta autoestrada se incremente notablemente e con isto mellore a seguridade viaria e o desconxestionamento de outras estradas hoxe saturados de tráfico.

E por iso propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte,

### **ACORDO:**

Instar á Xunta de Galicia á rebaixa nun 50% dos importes da peaxe da autoestrada AG-57 entre Vigo e Baiona, que permitan un maior emprego da mesma e a mellora da seguridade viaria e o desconxestionamento de outras vías.”

### **DEBATE:**

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Con esta iniciativa o que queremos é poñer de manifesto e necesidade dunha vía estruturante tan importante como a autovía Vigo-Baiona

para mellorar a mobilidade da área, máis aínda pois cando os cidadás de Baiona, Nigrán, Gondomar para ter acceso aos servizos básicos como é sanidade, a educación na Universidade de Vigo ou tamén por suposto todo o tecido industrial pero incluso a propia residencia porque hai moitos cidadáns que traballan en Vigo habitualmente e que logo volven a súa casa ou pola contra moitas empresas que teñen os seus clientes en Vigo ou viceversa polo tanto, tanto polo seu acceso ao Porto, ao Aeroporto, Ferrocarril, tanto para persoas particulares como para empresas é fundamental que esta autovía sexa referente, sexa realmente unha alternativa de uso máis porque o que estamos a observar é que é unha vía que ten un nivel de tráfico por debaixo do que debería ter ou podería ter, sobre todo tendo en conta o nivel de saturación que teñen as vías alternativas, en particular a estrada de Camposancos ou a alternativa da estrada da vía, unha estrada que por outro lado ten outras formas de mobilidade que fan que diminuír o número de vehículos delas pois é algo desexable para todos porque melloraremos a seguridade, polo tanto, a vía que ten máis potencialidade de captación de tráfico, a vía máis segura, a vía na que distribuír tráfico cara ela significa mellorar a seguridade nas vías alternativas onde se producen como dicía diferentes formas de mobilidade non só en vehículo privado, polo tanto, potenciar esa utilización é algo que nos permitiría gañar en calidade de vida a todos, por outra banda nesa mellora desa calidade de vida, dado que a Xunta de Galicia ven anunciando pois dende hai un tempo unha rebaixa da peaxe para unha xornada, para unha franxa horaria concreta entre as 12 da noite e as 6 da mañá nesa autovía, nós entendemos que non é o tráfico maioritario que vai por esa autovía e que ademais non só é que sexa maioritaria senón que é máis dependente da utilización da autovía porque como dicía o tráfico máis habitual é a dos cidadás privados que veñen día a día para poder utilizar o hospital, para poder estudar na Universidade de Vigo, para poder coller un barco, un avión ou ir a estación de ferrocarril e a partir de aí comunicarse con toda Galicia e con toda España.

Polo tanto entendemos que esa rebaixa debe producirse de xeito xeneralizado para toda a franxa horaria diaria, de tal xeito que potenciemos a utilización desa vía especialmente naqueles momentos ademais onde a hora punta fai que as vías alternativas estean máis saturadas e polo tanto cos problemas de seguridade se afianzan, non sei se hai vías onde esta alternativa de redución de prezo para nas

franxas da noite digamos, cando hai un uso absolutamente intensivo de camiións, facilita a mobilidade pero dende logo nesta vía en concreto, neste caso en concreto parece que ideal sería estender esa redución e facelo xa a todo o ámbito horario, por non dicir eliminar esa peaxe porque obviamente estamos a reclamar por parte da Xunta de Galicia tamén rebaixas de peaxes noutras contornas e o Concello de Vigo e o goberno municipal tamén as reclama pero parece paradoxal que reclame unha rebaixa dunha peaxe cando por outra banda, da súa competencia porque a Vigo-Baiona é competencia da Xunta de Galicia, sen embargo non faga ningunha actuación deste tipo, de eliminar as peaxes que ata o de agora non o fixo a Xunta de Galicia en ningún treito. O Alcalde do Concello de Nigrán, o Sr. Juan González, fixo unha petición explícita neste ano, o título era "Nigrán reclama o fin da peaxe da autoestrada ata Vigo", precisamente para buscar esta mellora da mobilidade nas vías alternativas e ademais por un tema de xerar como non, a área metropolitana, relacións, etc. e non encarecer especialmente o uso da sanidade para os cidadás que xa bastante dificultade teñen cos seus problemas e as súas doenzas, por iso pedimos o apoio do resto do grupo municipais para este iniciativa que cremos é de xustiza para a área metropolitana.

SR. PÉREZ CORREA: Estamos ante as mocións que tanto lle gustan a este grupo municipal que son as mocións substanciadas, aquilo de Franco que dicía "pertinaz seca" pois as mocións substanciadas pola pertinaz precampaña que de aquí as municipais do ano que ven que xa estamos a vivir, e as peticións van cambiando nos grupos ademais na correlación de forzas ou nos gobernos do estado ou nas administracións van cambiando os partidos, nos estamos de acordo, como se se eliminan tódalas peaxes que digamos que o que substancia a posición de Marea de Vigo que sempre dixemos que nin sequera a solución eran os trasposos que acaban de aprobarse para o caso da AP-9 senón a nacionalización dese infraestruturas unha vez amortizada, pero nese debate nós nos preguntamos é certo, estamos de acordo que se rebaixe un 50%, que se rebaixe cos sistemas ademais factibles pois o Vía T se o traxecto se produce no mesmo día que como se fai no traxecto a Pontevedra se poida bonificar un dos dous traxectos, estamos de acordo, a pregunta é por que curiosamente da AG-57 e vostedes non citan o tramo

da AP-9 que vai a Tuy que iso si que é unha verdadeira barbaridade a tarificación que hai, que é máis do 100% desa tarificación, a única explicación é que ese tramo da AP-9 depende do goberno socialista e por iso non está nesa moción, porque se gobernara o Partido Popular teño claro que ese tramo da AP-9 estaría nesa moción, vostedes buscaron algunha autoestrada de peaxe que estea en mans do Partido Popular e propoñen isto. Nós estamos de acordo, pero isto obviamente tería que ter un retorno análogo a unha vía si de alta necesidade para a comarca de Vigo que é a AP-9, certo que hai un acordo do Congreso dos Deputados de transmitir esa infraestruturas ao conxunto da comunidade autónoma pero por agora só é a intención do Congreso dos Deputados e terá que converterse en lei, certo que o Partido Popular que fai esa lectura igual que nós pois aproveita tamén a súa lectura política e presenta a solicitude de instar ao Ministerio de Fomento a implantar a gratuidade no tramo da AP-9 entre Vigo e Redondela, o tramo Puxeiros a Tuy, é dicir, é lóxico o tramo de Puxeiros a Tuy é exactamente 2,6 euros para o caso dos turismos e 5,6 euros para o caso dos camións e estamos a falar na vía que pretendía ser alternativa a autovía que está completamente saturada, ademais de ter un dos tramos máis perigosos nos trazados viarios do conxunto do estado. Nós estamos de acordo pero nos gustaría que dunha vez por todas non presentáramos mocións dependendo das cores políticas dos concellos do arredor, dependendo das cores políticas no Goberno do Estado, das cores políticas na Xunta de Galicia, e buscáramos certo tipo de consensos, porque todo o que son demandas á AP-9, dende que goberna o Partido Socialista, desapareceron deste Pleno, que curioso, dende que hai un cambio de goberno a AP-9 que era un problema central, era a fin do mundo e pois agora xa non é tanto problema e por exemplo reivindicar cousas incluso que se votaron como houbera un pago do IBI da AP-9 polo tránsito na cidade de Vigo, como están a pasar con moitas infraestruturas e moitas autoestradas de pago no conxunto do Estado, pois iso xa non é unha demanda, polo tanto, si que é certo que estas cousas cambian a medida que vaíamos chegando a maio do ano que ven vai ser bastante habitual pero a nós nos gustaría que se tivera en conta a emenda que propón o grupo do Partido Popular porque estamos a falar doutra vía que ten un custe de peaxe brutal, que é unha vía que se fixo disuasoria precisamente para desatascar a autovía que transcorre polo término municipal de Mos e Porriño e ademais porque

son dúas infraestruturas análogas que dan complemento. Si que estamos de acordo nunha cuestión e ademais cremos que non é de recibo que se consideramos que os concellos que limitan Vigo se considera como unha vía de circunvalación, non ten sentido que por unha vía de circunvalación se pague un 1,60 un vehículo, cando na maior parte das grandes cidade do estado Español as vías de circunvalación incluídas as que transitan pola autoestradas de peaxe son gratuítas, polo tanto, estando de acordo nos gustaría que se incluía tamén o que é a sangría que supón para un vehículo desprazarse dende o Alto de Puxeiros ata Tuy, que estamos a falar de case 5 euros ou máis de 5 euros por traxecto de ida e volta.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que esta é unha das mocións, como dicía o voceiro de Marea de Vigo, que son típicas súas, sinceramente, a verdade que o leve vostede Sra. Caride é evidente que vostede está a todo menos a facer o novo Plan Xeral de Vigo que é o que os vigueses necesitan, está a todo, todo lle vale con tal de non ocuparse do que realmente se ten que ocupar, que os vigueses teñamos un novo Plan Xeral e así temos 3 anos en branco sen Plan Xeral cun plan do ano 93, pero este é a típica moción que presentan vostedes e que demostra unha vez máis que vostedes non se moven polo interese nin dos vigueses nin dos veciños da área metropolitana, se moven polo seu único interese electoral e agora a súa consigna electoral é loitar día si, día tamén contra a Xunta de Galicia, entón viron vostedes que peaxes levaba a Xunta de Galicia e elixiron esta peaxe, a peaxe de Baiona, de verdade que é lamentable, eu creo que se debería informar un pouco máis, claro como está a medias entre o urbanismo e todo o que saia e todo o que xurda non se estudan ben os temas, e que xusto elixiron vostede ese tramo de autoestrada que é ademais a autoestrada máis barata de España ou unha das máis baratas, e non é que o diga o Partido Popular é que saía na prensa que reflectía que Vigo contaba á vez coa autoestrada máis barata e máis cara de España ou curiosamente a máis barata de España é a que traen vostedes agora para que se quite a peaxe pero a autoestrada máis cara de España, a peaxe máis caro de España que é o tramo de Vigo-Redondela, ese vostedes agora non se atreven a reclamar a súa supresión porque vostedes son o partido da dobre moral, do dobre discurso, da hipocrisía, vostedes reclaman cando non gobernan e cando



governan se esquecen desas reclamacións e así vai o noso Sr. Alcalde a entrevistarse co presidente do Goberno de España, co Sr. Sánchez, a facerse unha bonita foto e por certo, tamén a trasladarlle o seu apoio ao que está facendo en Cataluña e aquí quero dicir que o que lle dixo o Sr. Alcalde de que apoio ao Sr. Pedro Sánchez do que está a facer en Cataluña non representa á maioría dos vigueses que estamos horrorizados, escandalizados do que se está a facer con Cataluña, cos partidos independentistas e como está este goberno de España axeonllado fronte aos independentistas e aos que queren romper España, que é lamentable pero esa é a súa cara, a cara dos Socialistas, aos que todo lles vale con tal de permanecer no goberno e neste caso permanecer no goberno de España, e mentres vostede falan doutras cousas resulta que non falan do que lle interesa aos vigueses, do que lle interesa ás empresas viguesas que é a supresión da peaxe de Rande, da peaxe de Vigo-Redondela nin a supresión da peaxe da autoestrada da Vigo-Porriño mentres non se fai a alternativa a A-55, si esa obra que xa estaba comprometida, xa estaba metida nun plan de infraestruturas por parte do goberno do Partido Popular e cando chegou o goberno do Partido Socialista de repente a elimina dun plumazo e onde estaban antes as súas reclamacións agora se esquecen delas. Miren, dende o Partido Popular somos coherentes, pedimos a supresión da peaxe Vigo-Redondela cando gobernaba o Partido Popular e seguimos pedíndoo agora cando goberna o Partido Socialista, seguimos pedindo unha alternativa á autovía Vigo-Porriño que é o outro día saían uns datos que non só é perigosa senón que é máis perigosa de toda España, onde está morrendo xente, pero claro agora a vostedes iso non lles importa porque gobernan en España e xa non llo queren reclamar ao Sr. Pedro Sánchez que está a outras cousas e levan vostedes e traen vostedes aquí esta moción que é unha moción sinceramente da hipocrisía, parecen que vostedes toman aos vigueses por parvos e non son parvos, e moito menos cando se lle escoita a vostede Sra. Caride falar da área metropolitana, acabáramos, iso xa é de traca, que defendan vostedes a mobilidade na área metropolitana cando están boicoteando o transporte metropolitano, cando están boicoteando a tódolos veciños da área metropolitana e cando están poñendo tódalas pedras posibles no camiño. Mire, se de verdade están preocupados pola peaxe, se de verdade están preocupadas polas empresas e polas veciños aceptarán a emenda de adición que presentamos para sumar a súa reclamación,

a reclamación da gratuidade da peaxe Vigo-Redondela e gratuidade da peaxe Vigo-Tuy, se realmente a presentan polo ben dos vigueses, se a presentan por interese electoral rechazarán esa emenda e entón como se soe dicir habitualmente se lle verá a vostedes o plumeiro.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu creo que deberíamos debater sobre as cuestións que afectan ao Concello de Vigo, xa que vostede eleva a vista sobre outros ámbitos, para vergoña o pacto do seu partido, do Sr. Casado, con VOX porque creo lembrar que o están metendo nas institucións, paréceme lembrar que VOX está precisamente agora pechando un acordo para entrar na mesa do Parlamento andaluz, grazas ao voto do Partido Popular, ten delito, xa postos a comparar o seu ten delito, pretendemos non molestala moito. Vostede di isto é oportunista, pois eu creo que si pero no senso de oportunidade e a oportunidade de traelo, sabe por que? Porque xa estamos acostumados a ver que o Sr. Feijóo de vez en cando reclama algunha competencia especialmente cando diante atópase cun goberno distinto, e agora reclama que lle cedan a AP-9 e parece que incluso iso pode prosperar polo tanto, os cidadáns galegos necesitamos saber que cando a Xunta de Galicia teña a AP-9 vai a facer cousas como está a facer nas autovías ou autoestradas da titularidade da Xunta de Galicia, polo tanto, o normal é comezar arranxando a casa dun, perdoe, máis barato é ir de Vigo a Moaña ou a Cangas sen pagar nada, iso é barato, é gratuítu, por certo eu tiven bastante que ver nesa situación como tamén na que non exista peaxe, como o Partido Popular tiña previsto, entre Dozón e Ourense, polo tanto, eu nas miñas costas teño nin un quilómetro de autoestrada de peaxe, o Partido Popular en Galicia ten todas as autovías de titularidade da Xunta de Galicia e entre Vigo e Baiona e entre A Coruña e Carballo porque non ten máis.

Polo tanto, o máis barato é o que non custa e como teñen vostedes exemplos, é que parece mentira ademais que digan que están propoñéndonos que se rebaiñen 50% entre as 24 horas, as 0 cero horas e as 6 da mañá, isto me prece unha medida novidosa, pero a quen beneficia, se nos queremos que beneficie ao máis importante que temos que son os cidadáns que se trasladan na área metropolitana que se quixera a Xunta de Galicia estaría funcionando senón a boicoteara e pagara o que quere que pague Vigo invitando a tódolos cidadás da área metropolitana sen

compensación, se realmente vostedes queren apoiar a área metropolitana e aos seus cidadáns apoiem esta iniciativa, eu non acepto a emenda que vostedes propoñen, sabe por que? Porque xa a votamos neste Pleno e seguimos na mesma posición.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).*

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.12.2018 (Rex. Nº 1940/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**7(233).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO O PRESIDENTE DA XUNTA A POR FIN A SÚA ESTRATEXIA POLÍTICA DE CONFRONTACIÓN COA CIDADE E DE BOICOTEAR TÓDALAS INICIATIVAS PROPOSTAS POR ESTE GOBERNO, ASÍ COMO OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1941/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de decembro de 2018, número 1941/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“Os anos de goberno de Núñez Feijoo convertéronse nun ataque permanente á cidade de Vigo e nun intento de paralizala.

Mentres esta cidade avanza grazas ao goberno municipal, todo o que depende ou teña que ver coa Xunta de Galicia convértese nun camiño de dificultades, obstáculos e boicots.

Este xeito de actuar converteuse nunha estratexia política de Núñez Feijóo contra esta cidade.

A lista de agravios e impresionante: o proceso de fusión das caixas de aforro, un hospital privado cuxo aparcadoiro deben pagar os usuarios da sanidade, boicotear a área metropolitana e intento de que os vigueses paguen o transporte público dos cidadáns do resto dos concellos... etc.

Todo isto comporta unha longa serie de ofensas contra esta cidade a que se uniu a campaña sistemática de insultos á cidade cando Núñez Feijóo asise a actos electorais do seu partido en Vigo.

E por iso que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte.

### ACORDO:

- 1.- Instar ao presidente da Xunta de Galicia a por fin a súa estratexia política, coa complicidade do PP de Vigo, de confrontación coa cidade e de boicotear todas as iniciativas propostas polo goberno municipal.
- 2.- Instar ao presidente da Xunta de Galicia, de forma singular e urxente, a retirar a candidatura que integra ás Cíes con outras illas para Patrimonio da Humanidade da Unesco.
- 3.- Ao señor Nuñez Feijóo a non insultar a esta cidade cando asiste aos actos electorais para darlle cobertura a súa candidata.Ç”

### DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Estimado compañeiro Sr. Rodríguez Escudero, parabéns pola súa intervención e toca outra vez falar do emperador en bañador, o que pasa é que

agora eu vou falar de cando adopta esa actitude de guerreiro e a realidade é que o Sr. Feijóo, nos seus anos de goberno dende o primeiro momento confrontou con esta cidade naquelas cuestións que dependían do goberno galego e tratou de paralizalas, así mesmo nos oitos anos de goberno do Sr. Rajoy, boicoteou tódalas cuestións pedidas por esta cidade, a diferenza mal que lles doa se comprobou coa chegada do goberno do Sr. Pedro Sánchez, os temas que tiña esta cidade se desbloquearon con compromisos concretos e sobre todo en temas importantes, inclusive ata a xubilación anticipada dos policías locais tivo que chegar o goberno do Sr. Pedro Sánchez para que isto se solucionase, a lista dos agravios do Sr. Feijóo a esta cidade é certamente numerosa e é tan numerosa como importante no cualitativo porque se puidera poñer moitos exemplos vou a poñer os máis significativos dende o punto de vista cualitativo, o Sr. Feijóo deixou a esta cidade sen caixa de aforros, ensaiou o modelo de sanidade privada e nos quedamos nesta cidade co único hospital privado de Galicia e ademais cun copago no aparcadoiro, rebentou, el, como presidente da Xunta de Galicia a Área Metropolitana e intentou que os vigueses paguemos o transporte de tódolos cidadás da área metropolitana e de Galicia, pero tamén intentou pechar o Aeroporto, tamén intentou deixarnos sen auga e fixo un papelón tremendo intentando boicotear un edificio singular da biblioteca do Estado para esta cidade, a todo isto cualitativamente importante podería engadir a falla de compromiso en educación, na cubrición de patios de colexios, a falla de compromiso con esta cidade en política social, en emprego, en vías dependentes da Xunta de Galicia, no enlace coa Avenida de Buenos Aires prometido, todas reiteradas peticións que foron obxecto de aprobación neste Pleno, relatalas sería moi extenso e por iso dicimos na nosa moción que con carácter xeral cese a estratexia de confrontación, porque habela haina, e aquí é onde entra o emperador intentando ser guerreiro e confrontando con esta cidade, e por iso dicimos que cese o boicot aos temas que propoñemos porque aquí tivemos e seguimos tendo paralizado por Patrimonio obras moi importantes para esta cidade tanto no plano cualitativo como no plano cuantitativo en canto ao que son inversións millonarias, iso si cun tratamento absolutamente diferente a outras localidades de Galicia como puxemos de manifesto. Isto é un conxunto de xeneralidades e por iso propoñemos na nosa moción tamén un tema singular, un tema que se debe abordar por parte da Xunta de Galicia con carácter inmediato

que é a inmediata retirada da candidatura da Xunta de Galicia polo tema do parque de Illas Atlánticas, esta cidade ten un proxecto, esta cidade ten o proxecto de converter en Patrimonio da humanidade as Illas Cíes e é obvio e todo o mundo sábeo, comezado polo goberno da Xunta de Galicia que o Patrimonio da humanidade pola UNESCO só se conseguirá pola singularidade das Illas Cíes, non como parque das Illas Atlánticas, todo isto xa digo comporta unha estratexia de confrontación con esta cidade, unha estratexia de intentar paralizala pero a todo isto, que era como dicía o cuantitativo debemos engadir algo que ultimamente indigna a esta cidade e de que maneira, son as aparicións do Sr. Feijóo iso si, en sitios pechados, non paseando por esta cidade porque é consciente do rexeitamento que provoca, esa frustración de non sentirse querido por esta cidade lle leva ao insulto dende a covardía política e dous, dos últimos actos políticos do seu partido foron unha vergoña porque convertéronse en insultos ao Alcalde, nun mitin contra os cidadás desta cidade e polo tanto tamén debe de cesar nesa estratexia.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: En outubro do ano pasado xa debatíamos aquí sobre as Illas Cíes e naquela altura xa este grupo municipal intuía e expresaba no Pleno que seguramente estábamos ante un tema que ía ser recorrente, algo avanzamos dende entón, o plan reitor de usos e xestións está na fase inicial, hai que dicir que con algunha decepción xa expresada polos grupos ecoloxistas, como a falla de prazo para as primeiras alegacións e a falla de ferramentas que permitan o seguimento dos obxectivos máis tamén con algún elemento positivo, o límite de acceso ás Cíes cun máximo para visitas diarias e un primeiro paso para a protección das Illas, o cupo é excesivo para os obxectivos prioritarios dun parque nacional, lembremos que esta figura de protección non pode ser obxectivo dun parque natural o fomento de turismo extractivo, e fraco favor lle faríamos ao futuro se continuamos fomentando o turismo de sol e praia nunha contorna que debe ser de máxima protección.

Agrádanos que quede fixado tamén o cupo para o resto das Illas, lembremos que o escándalo por exceso de cupo nas Cíes veu acompañado dunha situación de sobre carga da Illa de Ons que por primeira vez tamén hai un cupo, tamén excesivo de momento, igual o empresario que explota case en exclusiva os servizos da Illas ten

algo que ver.

En Sálvora e Cortegada podemos dar por bo o límite 250 persoas diarias sempre que se aumente o persoal de control, cousa que non vai ser posible sen unha política de investimento decidida e moito nos tememos que o goberno actual da Xunta de Galicia non vai actuar decididamente neste senso, é moi decepcionante o apartado de control de pesca, finalmente non haberá no parque nacional zonas de exclusión de pesca e noutros espazos de protección marítima os estudos demostran que crear zonas de exclusión ao pasar un tempo prudencial aumenta moi significativamente as capturas fora destes espazos, xa que se crean zonas de alto valor ecolóxico para a reprodución das especies, sen embargo a Xunta de Galicia non foi quen de chegar a acordos coas confrarías, asunto que foi central no atraso que sofre este plan. Exprésase nesta primeira fase do Plan que haberá un programa de seguimento e control e será elaborado unha memoria biolóxica ano a ano, reflectindo a evolución dos recursos, zonas explotadas e cotas aprobadas, unha declaración de intencións aceptable que non pode ser cumprida sen compromiso orzamentario, xa que non foron posibles a zonas de exclusión e o control nas outras por falla de capacidade negociadora da Xunta de Galicia que menos que esixir puntualmente o cumprimento dos escasos e pouco ambiciosos obxectivos que si veñen no Plan, o obxectivo do programa Patrimonio da Humanidade é catalogar, preservar e dar a coñecer lugares de importancia cultural ou natural excepcional para a herdanza común, baixo certas condicións pódese obter incluso financiamento para a súa conservación. Non se entende entón dende este grupo a obsesión deste goberno por excluír as Ons, Cortegada e Sálvora deste programa, dixémolo xa noutras ocasións, o Parque Illas Atlánticas é un todo que non se pode cortar en anacos aínda máis cando non existe motivo lóxico algún, non se pode afrontar o proceso de catalogar as Illas Atlánticas como Patrimonio da Humanidade dende a confrontación entre administracións, por moito que as illas máis coñecidas sexan as Cíes, que o son, a conservación ten que ser integral e o recoñecemento ten que contribuír a que todo o conxunto sexa unha herdanza que legar as que veñen detrás, sen estar satisfeitas en absoluto co inicio do Plan de Xestión é certo que supón un pequeno avance e a declaración integral do parque pode supoñer outro avance máis para mellorar a conservación do espazo natural que boa falla lle fai e non se pode por responsabilidade, tratar de excluír a parte

deste espazo ademais sen motivo algún ou máis ben, sen motivo lóxico algún. Manifestámonos pois en contra do segundo acordo que expresa esta moción. Moi brevemente sobre os outros dous acordos que contén a moción. En canto ao primeiro acordo non nos parece que o goberno da Xunta de Galicia teña unha estratexia de confrontación coa cidade de Vigo, en todo caso o que hai é un modelo de país, conservador e neoliberal que é totalmente contrario á medidas progresistas que un modelo que vai en contra da maioría social e en contra da sustentabilidade ambiental, calquera proxecto de esquerdas é necesariamente contrario ás formulacións políticas do Sr. Feijóo, podería valernos sen entrar en profundidade este punto dos acordos aínda que insistimos, non é unha cuestión local senón unha cuestión de país. En canto ao punto 3 consideramos que PSOE volve a mesturar a crítica ao Alcalde e as súas políticas coa crítica á cidade, cousa que parte da estratexia comunicativa deste goberno e que nós nos compartimos. Polo tanto, pedimos a votación por puntos conforme ao artigo 64 do Regulamento do Pleno, onde especifica que o grupo proponente concluirá o debate pronunciándose sobre se acepta ou non unha votación por apartados se así é solicitada.

SR. GAGO BUGARÍN: En fin, pois xa puideron escoitar o contido da moción, invito aos medios de comunicación e invito tamén ao público presente a que lean o contido da moción, a verdade que nós cando a vimos nos propuxemos a posibilidade de levantarnos e non formar parte deste circo asoballante pero despois chegamos á conclusión de que debemos situar ao personaxe político e esta forma de facer política no seu espazo correspondente, e chegamos á conclusión tamén de que vostedes non son dignos, con este tipo de mocións, de representar aos vigueses/as no máximo órgano de expresión cidadá que é o Pleno municipal e esta moción non está á altura nin dun catedrático de teoría económica nin está á altura de absolutamente ninguén que intente representar aos cidadáns con dignidade e por suposto os vigueses non merecen que nós empreguemos, como dicía, o Pleno municipal para establecer debates e discusións como esta, e esta moción é un perfecto resume do que vivimos durante estes últimos anos que é mofas, insultos, descualificacións e expresións vulgares impropias do rexedor dunha cidade como a nosa, e por iso cada vez máis os que están aí afora



manifestándose e cando saímos a rúa, os cidadáns din e lle chaman o pequeno Nicolás, e lle chaman o pequeno Napoleón polas súas actitudes ditatoriais porque estás con el ou estás contra el, e porque escondes a cabeza e actúas segundo os seus intereses ou non tes nada que facer durante o tempo que foi Alcalde, esa é a realidade, da igual que sexa unha institución como a Universidade de Vigo, da igual que sexa un dos principais motores económicos máis importantes da cidade, da igual ou agachas a cabeza ou estás en sintonía cos seus intereses políticos ou non tes nada que facer nesta cidade, da igual que sexa unha asociación veciñal, comercial, cultural, deportiva sen ánimo de lucro, asociativa, da igual que representen a centenas ou a miles de vigueses/as, da igual, ou vas a favor e en liña cos seus intereses políticos ou non tes nada que facer, literalmente te quedas sen subvención e por suposto que non permitan á voceira da oposición, do Partido Popular, falar nun acto público porque entón literalmente se quedan sen subvención e como nos suban a un escenario nun acto asociativo, en seguida ao día seguinte chama o concelleiro de quenda para avisar que é o que están facendo, esta é a forma, esta é a auténtica e a verdadeira forma de facer política que ten este Alcalde de Vigo e que están vostedes seguindo a mesma liña de ditadura que este home está impoñendo na cidade.

Fíxense, difícil en política non é chegar, o difícil en política é manterse, manter o crédito maioritario dos cidadáns durante tempo e ao Alcalde de Vigo lle custou 70 anos da súa vida, repito, ao Alcalde de Vigo lle custou 70 anos da súa vida gañar unhas eleccións políticas e cando o logrou endiosouse e a personaxe comeuse á persoa, isto é auténtica realidade e vostede viviu durante estes catro anos, catro procesos electorais, o primeiro que ganaran con folgura e lles permitiu estar aquí e logo tres veces que visualizaron como o Partido Popular gañou nesta cidade e entre elas como gañou con folgura a quen vostedes hoxe denigran nesta moción, xa que vostedes están denigrando constantemente, tres eleccións gañadas dende que vostedes están aquí sentados, e ademais é que teñen a desvergoña política, a desvergoña de incluír nesta moción exemplos que vostedes utilizaron de forma única e exclusivamente partidista e electoralista e non pensando no interese xeral dos cidadáns, boicoteando o hospital máis importante construído durante a época da crise económica no noso país, boicoteándoa, primeiro negando os terreos, despois negando a accesibilidade de luz e agua, despois impedindo humanizar a

rúa Clara Campoamor, despois introducindo o maior bulo da historia da democracia que é dicir que se ía morrer xente neste hospital e despois enganando á xente e sacándoa a rúa que hasta na terceira ocasión xa non foron nin a súas familias, ou citando tamén a candidatura ás Illas Cíes Patrimonio da Humanidade que agora resulta que nos veñen a dicir aquí, a enganar a tódolos vigueses, que fraccionar o Parque Nacional é mellor para lograr o obxectivo da candidatura á Patrimonio da Humanidade, eso é soste ignorancia supina e ignorancia manifesta e nin sequera os técnicos e os expertos que vostedes están agora mesmo pagando para que manteñan unha candidatura que non vai a ningunha parte, nin sequera eles son incapaces de recoñecer publicamente que fraccionar un parque nacional que as Illas de Ons e o resto illas Atlánticas non contribúen e non favorecen a que as Illas Cíes e non complementan que as Illas Cíes sexan unha candidatura máis potente, están facendo o ridículo cando temos unha candidatura que xa está na lista tentativa e que xa ten opcións de ser patrimonio da humanidade, esa é a auténtica realidade ou falando da área metropolitana cando vostedes a asinaron primeiro, a bloquearon despois e fan que tódolos vigueses/as que nos están escoitando paguen o maior transporte público de España a diferenza do que se paga en A Coruña, Santiago de Compostela, en Ferrol ou en calquera outra das cidades de España, esa é a realidade, esa estratexia de baixura política, cortoplacista, demagóxica, de inimigo exterior, esa é a realidade, a ditadura dun Alcalde que boicotea, o Alcalde tapón, que taponan todos e cada uns dos proxectos importantes para esta cidade pero queda pouco tempo para que os cidadáns expresen o que realmente senten e se impulsará sen dúbida a actividade política deste país.

SR. LÓPEZ FONT: Eu creo que vostede se confundiu na crítica cara o personaxe do Alcalde porque certamente o relato que fixo é o que corresponde ao Sr. Feijóo con respecto a esta cidade, é certamente o que corresponde e me gustaría que entrara vostede no contido desta moción, non me estraña o que estiveran a punto de levantarse porque aquí nesta cidade o Sr. Feijóo non ten defensa, porque aquí ni el ni vostedes loitaron polo beneficio desta cidade, porque vostedes estableceron unha estratexia de confrontación durante 4 anos, 3 anos e medio que sabe cal é o problema desa estratexia? Que xa non teñen solución, que xa os vigueses lles

viron a vostedes cales eran as súas intencións e todo o que dixen dende querer pechar un aeroporto a quedarnos sen unha caixa de aforros a intentar que nos quedásemos sen auga, esa é unha realidade que ten unha personaxe política concreta que é ese emperador en bañador ao lado dun narcotraficante, e é así, e esta é realidade do presidente da Xunta de Galicia, polo tanto, aquí o único que denigrou a esta cidade foi o Sr. Feijóo cando veu a insultar nun acto de partido ao Alcalde da cidade a aos vigueses, cando aproveitou dous actos de contido político para insultar a estes cidadás, para insultar a alguén que tivo o 52% dos votos escasamente hai tres anos e medio e 17 concelleiros, porque Sr. Gago, os proxectos, a representatividade e o que significamos cada un se mide cando se vai ás eleccións e vostede foron ás eleccións e son 7 aí e nós somos 17 concelleiros e efectivamente o 26 de maio está tan cerca como que só falla 5 meses e cando o Sr. Feijóo aparece querendo axudar á candidata o único que fai é afundila máis pero aquí o importante en política son os xestos e as actuacións e a política que vostedes marcaron durante 3 anos e medio foi de absoluta confrontación con esta cidade, foi unha política de paralizar.

PRESIDENCIA: Sra. González, creo que vostede debe de medir moito as súas palabras, este é o Pleno da Corporación, creo que iso está fora de lugar e que debe recapacitar e pedir desculpas polo que dixo.

Señora concelleira quere sentarse e esperar.

Sra. González creo que vostede algunhas veces non é consciente nin do que di, dígollo moi en serio, creo que non é consciente nin do que di, iso é un tema grave para dicirillo a alguén e ademais nun tema que non ten nada que ver e sen sentido, apague o micrófono.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Non me da a gaña igual que a Sra. Alonso.

PRESIDENCIA: Voulle instar a que abandone o Pleno, apague o micrófono. Recapacite un pouco sobre as expresións que di que non ten ningún sentido iso que di, debería desculparse é o primeiro que tería que facer pola gravidade do que dixo, do insulto que dixo.

SR. LÓPEZ FONT: Quedábame aproximadamente medio minuto o que pasou é a mostra do que ven facendo o Partido Popular, o que pasou é a mostra clara da estratexia de insulto fronte ao debate político e evidentemente que é moi grave, os meus compañeiros de grupo dinme que deberíamos abandonar este Pleno e teñen toda a razón, non se pode consentir, eu estaba intervindo e non oín a frase, se a frase foi así haberá que tomar as medidas oportunas pero sobre todo, dende o punto de vista político son vostedes uns alumnos avantaxados do Sr. Feijóo, son vostedes uns concelleiros que o único que pretenden é vir aquí ao insulto que nos rexeitamos.

PRESIDENCIA: Sra. González creo que debe recapacitar moi en serio, o que dixo é intolerable nun Pleno desta cidade, como non dixo? O que non oíu vostede non o oíría, pero díxoo e está rexistrado e gravado e é intolerable.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Unha cuestión de orden, este grupo municipal solicitou unha votación por puntos.

PRESIDENCIA: Ten razón, presentou unha votación por puntos que se acepta. Votamos por puntos.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).*

PRESIDENCIA: Prócedese á votación independente por puntos.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 1: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique

Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 2: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 3: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.12.2018 (Rex. Nº 1941/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **PARTE DE CONTROL**

**8(234).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 491/1102 (REXISTRO PLENO 1936/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 491/1102.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**9(235).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 492/1102 (REXISTRO PLENO 1937/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 492/1102.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**MOCIÓNS.**

**10(236)- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CONVOCAR A COMISIÓN DE VIXILANCIA DA CONTRATACIÓN E CUMPRIR CO OBXECTIVO DO ACORDO PLENARIO DE XANEIRO DE 2016 E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1935/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de decembro de 2018, número 1935/1101, o concelleiro do grupo municipal de Marea,

Sr. Jácome Enriquez, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“En setembro e decembro do 2015, apenas sen previo aviso, pechaban os aparcadoiros da Porta do Sol e da Praza de Portugal respectivamente, deixando a once familias na rúa e cun futuro laboral moi incerto. No propio mes de decembro dese ano, o Grupo municipal da Marea de Vigo rexistraba unha moción que ía ao Pleno no mes de xaneiro do 2016, na que se pedía que se respectara o dereito de subrogación da totalidade do cadro de persoal de ambos centros de traballo en base ao convenio colectivo de aplicación, o artigo 44 do ET e un acordo plenario do ano 1996, no que xa daquela altura quedaba aprobada a imposición da subrogación en dereitos e obrigas coas adxudicatarias de servizos municipais. A moción da Marea de Vigo, aprobada por unanimidade en xaneiro do 2016, garantía que, con independencia do tempo que pasara, este persoal volvería aos seus centros de traballo cando estes foran concesionados de novo.

Finalmente, nos pasados días, o aparcadoiro da Praza de Portugal volveu abrir as súas portas tras un proceso de contratación no que quedou como empresa adxudicataria Dornier-Empark, a mesma empresa que ten o contrato da Xestión de Estacionamento Regulado, cuxo persoal, de non mudar nos próximos días a situación, levará xa nunha folga indefinida 117 días na data de celebración deste Pleno. Mais o persoal asociado ao aparcadoiro continúan na mesma situación, a pesar de todos os acordos plenarios que lles terían que ter garantido o seu posto de traballo, e a pesar de figurar como persoal asociado a ese centro de traballo na propia documentación pertencente ao expediente do recente proceso de adxudicación do devandito aparcadoiro.

Somos conscientes de que pasados estes anos, e pasados os varios procesos xudiciais aos que se tivo que enfrontar o persoal, resulta moi complexo que se poida dar unha situación de subrogación nos termos nos que tería que ter sucedido na súa altura, mais tamén somos conscientes da existencia de alternativas cuxo resultado é a contratación destas persoas no aparcadoiro, e é por isto que, do mesmo xeito que o mesmo partido que hoxe está no goberno da cidade, no ano 1996, desde a oposición, presentaba unha moción pola garantía de subrogación do persoal das concesións de servizos públicos que era rexeitada polo Goberno, naquela altura do Partido Popular, para, un mes máis tarde, asumila desde o propio Goberno nunha correcta rectificación. Polo tanto, entendemos que, con vontade política e coherencia por parte do Goberno do PSOE cara a un colectivo de traballadores especialmente prexudicado baixo a responsabilidade deste Concello, poderemos atopar solucións.

Do mesmo xeito, e como ferramenta cara a mellora do control das concesións

públicas e mellora das condicións laborais dos seus cadros de persoal, sobre as que existe unha grande e evidente eiva neste Concello, desde a Marea de Vigo reiteramos a necesidade da convocatoria da Comisión de Vixilancia da Contratación, obrigatoria segundo o Regulamento do Pleno pero que xamais se convocou no que levamos de lexislatura.

Polo exposto, e en base o artigo 35.2 do Regulamento Orgánico do Pleno, instamos a esta Corporación municipal a tomar o seguintes

#### ACORDOS:

1. -Convocar de xeito inmediato a Comisión de Vixilancia da Contratación segundo o artigo 34.3 do Regulamento do Pleno, especialmente xustificada agora á vista da impiedade coa que están actuando empresas como Dornier-Empark, adxudicataria da XER e do aparcadoiro da Praza de Portugal.

2. -Cumprir co obxectivo do acordo plenario de xaneiro do 2016 e a propia documentación do expediente de contratación do aparcadoiro da Praza de Portugal levando a cabo todas as accións encamiñadas á contratación do persoal asociado aos aparcadoiros por parte da empresa adxudicataria."

#### DEBATE:

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: A finais do 2015, practicamente sen aviso, pechaban os aparcadoiros de Porta de Sol e Praza de Portugal, deixando a 11 familias cun futuro laboral incerto, en xaneiro do 2016 debatíase neste Pleno unha moción da Marea de Vigo na que se pedía que se respectara o dereito de subrogación da totalidade do cadro de persoal, en base ao convenio colectivo de aplicación e o artigo 44 do Estatuto dos traballadores. A moción aprobada por unanimidade garantía que con independencia do tempo que pasara este persoal volvería aos centros de traballo cando estes foran concesionados de novo, o aparcadoiro de Praza de Portugal volveu abrir as súas portas tras un proceso de contratación na que quedou como adxudicataria a empresa Dornier Empark a mesma empresa que ten o contrato de xestión da XER, máis o peor é que o persoal asociado ao aparcadoiro continúa na rúa, a pesares do acordo plenaria que lle daba garantía ao seu posto de traballo e a pesares de figurar como persoal asociado a ese centro de traballo na documentación pertencente ao proceso de adxudicación, como conscientes de que



o proceso legal de subrogación deste persoal resulta moi complexo a esta altura, máis toda a situación laboral que viven estas persoas é responsabilidade deste goberno municipal, polo tanto, a solución a este conflito laboral ten que saír necesariamente deste goberno. Moitas veces temos escoitado aquí que este Pleno é o máximo órgano de representación da cidade, afirmacións que dende este grupo municipal sempre foron tomadas cun estrito sentido de precaución, a pesares de ser precavidos con este tipo de afirmacións grandilocuentes, nós queremos que así sexa, queremos que efectivamente este Pleno represente á cidadanía da nosa cidade e que todas/os teñan meridianamente claro que as decisións que se toman nesta sala representan confidencialidade ao seu voto, concedido ás respectivas forzas hoxe aquí representadas en base a uns principios ideolóxicos e programáticos, ou así debería ser.

Polo tanto, os acordos tomados nesta sala teñen que ser de obrigo cumprimento ou teremos que explicar con claridade que aquí estamos a pasar un chisco do noso tempo, para que a xente poida ter a sensación de que este Pleno serve para algo cando a realidade sería moi diferente. Vivimos ademais tempos no que a acción política está nunha situación de descrédito permanente, máis que nunca a responsabilidade de devolver a confianza nas institucións está nas mans das que hoxe estamos aquí sentadas e o primeiro paso, o paso imprescindible é cumprir cos acordos que aquí se toman e coas promesas que fan aos representantes políticos á cidadanía.

Non está demais rescatar parte do debate que se daba naquela altura, o grupo socialista representado neste debate en concreto pola concelleira Sra. Marra dicía entre outras cousas, “como vostedes saben no propio anexo do prego de condicións administrativas inclúese de acordo co artigo 120 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, a relación de traballadores que actualmente prestan o servizo xa que procede conforme á lexislación laboral a subrogación do persoal, polo tanto, non propio prego xa se recollen esas condicións pero incluso imos máis alá, polo tanto, sería conveniente que se deixaran de demagoxias e de asustar ás persoas de feito este Concello e en concreto esta concelleira leva traballando xa durante moito tempo dende o primeiro momento para dar unha resposta e unha solución non só aos traballadores senón para que tamén canto antes se volva adxudicar a unha nova concesionaria estes dous aparcadoiros

mostra deste traballo, desta vontade, deste compromiso e responsabilidade que asume esta concelleira e que neste momento propoñemos unha emenda “in voce” na que garantimos que esta corporación aprobe que os cadros de persoal do aparcadoiro da Porto do Sol e de Praza de Portugal sexan subrogados nas novas adjudicacións, independentemente do tempo transcorrido. Polo tanto, o noso compromiso é máximo e a nosa responsabilidade tamén para garantir os postos de traballo”.

Isto dicíase en xaneiro de 2016 e agora en decembro do 2018, onde está a demagogia e o alarmismo do que se acusaba a este grupo municipal, dicían que asustábase á xente, si, tivemos incluso a oportunidade de estar no xuízo e de escoitar a argumentación do avogado deste Concello, hai xa anos que o grupo do Partido Socialista presentaba neste Pleno unha moción dirixida ao goberno municipal naquelas alturas do Partido Popular no que se pedía que fose garantida a subrogación dos/as traballadoras das concesións municipais, esta moción foi rexeitada e meses despois o mesmo goberno do Partido Popular presentaba outra moción onde os acordos eran exactamente os mesmos e foi apoiada polo Partido Socialista. Isto non é un problema nin moito menos de aparcadoiros senón de xestión e os motivos sempre teñen o mesmo releve, priorizar criterios económicos que acaban sempre cos/as traballadores prexudicados nas súas condicións laborais ou como no caso dos aparcadores ou a XER na rúa, incluso con episodios de persecución sindical.

Polo tanto, o que pedimos é, primeiro, que se cumpra o acordo plenario aprobado por unanimidade e segundo, que se convoque de forma inmediata a Comisión de Vixilancia de Contratación, segundo o artigo 34.3 do Regulamento do Pleno, comisión considerada obrigatoria neste mesmo Regulamento.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que esta é a típica moción e neste caso tráea a Marea de Vigo na que se pode dicir que somos inalcanzables ao desalento os que estamos na oposición nesta Corporación municipal porque traemos propostas, cuestións, incluso cando a lei nos respalda, como neste caso a constitución da Comisión de Vixilancia da Contratación non é unha cuestión de oportunidade, non é unha cuestión de vontade por parte do goberno local, non, é unha cuestión de obrigatoriedade legal porque o Regulamento dio claro, que a Comisión de

Vixilancia da Contratación hai que constituíla e esa obriga legal estase a incumprir por moitas mocións que presentemos no Concello, por moitas mocións que presentemos no Pleno, está se incumprindo de forma reiterada e teño que recordar que era este propio grupo municipal do Partido Popular no que no mes de abril deste ano que agora acaba, volvíamos a traer aquí unha moción pedindo que se constituíra esa comisión porque que a contratación que fai este goberno local cheira mal, iso sábeno tódolos vigueses pero non só é que o saiban tódolos vigueses é que ata o propio Consello de Contas recoñeceu e escribiu nun dos seus informes que a contratación do Concello de Vigo é unha área de risco e iso o dixo literalmente o Consello de Contas, a contratación do Concello de Vigo se configura como unha área de risco de xestión da entidade do Concello e ademais advirte que se pode incorrer en infraccións moi graves. Polo tanto, que están vostede no ollo do furacán é evidente que vostedes están a negar reiteradamente a ser controlados tamén é máis que evidente porque non só non constitúen esa comisión que, insisto, é de obriga legal constituír a Comisión de Vixilancia da Contratación, é que tampouco queren someter a ningunha concesión a auditorías como tamén propuxemos neste Pleno e tamén o negaron de forma reiterada. En definitiva, sempre están vostedes intentando eludir o control, non lles gusta que lles controlen e cando a alguén non lles gusta que o controlen pois por algo será, porque claro vendo o seu expediente ao longo desta lexislatura non podemos máis que recoñecer o despropósito e a calamidade desa contratación pública, aquí hai abuso de contratos menores, o 97% dos contratos do ano 2007 foron menores, 97%, contratos que son a dedo se publicidade e sen concorrència pero aquí non pasa nada e vostede miran a outro lado, aquí non hai ningún contrato de relevancia e importante que saquen vostedes sen problemas e hai que recordar o contrato de parques e xardíns con ese baile de empresas adxudicatarias e ese despropósito no que se converteu esa contratación, o contrato do lixo pero estamos escoitando outro exemplo e outro exemplo de que a súa irresponsabilidade e a súa incapacidade á hora de xestionar os contratos deste Concello ao final quen o pagan son as persoas, ao final quen o pagan son os traballadores e así estamos a escoitar aos traballadores da ORA como dicía eu antes, protestar que levan máis de 3 meses en folga sen cobrar, que son 40 familias que están neste momento nunha situación límite e que non tiñan que

terse atopado nesta situación se vostedes fixeran o contrato e a contratación como tiñan que tela feita porque vostedes se empeñaron en adxudicalo a unha empresa cando xa se vía dende o primeiro momento que ese contrato non tiña ningunha viabilidade, cando a oferta económica desa empresa non chegaba para pagar o custe dos salarios, nalgún momento se tiñan que producir despedidos e iso foi advertido por este grupo municipal, foi advertido polo grupo municipal de Marea de Vigo, pero como sempre vostedes non escoitan a ninguén, fixeron o que quixeron, adxudicaron a esta empresa e as consecuencias desgraciadamente as están a pagar estes traballadores, igual que están pagando as consecuencias do aparcadoiro da praza de Portugal os traballadores que traballaban nese aparcadoiro pero vostedes a pesares de traer estas mocións, a pesar de que aínda trouxéramos 100.000 mocións seguirían facendo exactamente o mesmo porque vostedes non queren escoitar a nada nin a ninguén, vostedes só se queren escoitar a si mesmos e o que é moi triste é que non teñan a decencia nin sequera de escoitar a estas familias que tamén son vigueses, que tamén teñen Alcalde e que tamén necesitan o apoio real do goberno local.

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: Sra. Muñoz, está moi ben que vostede faga demagogia, eu creo que era unha moción que falaba da Mesa de Contratación, o primeiro que hai que preguntarse é por que non acoden á Mesa de Contratación? Por que non se cobra? Esa é a realidade, por que non acoden cumprindo coas súas obrigas e expoñen alí, por certo, a Mesa de Contratación coa Asesoría Xurídica do Concello, cos altos funcionarios do Concello, cos servizos e os grupos municipais poden acudir, o que pasa é que os grupos municipais o que queren é que unha vez que se sacan o temas despois facer demagogia e apuntarse ao carón mellor, esa é a realidade de que están convocados a todas e é obriga para acudir, agora teñen a costume de poñer en entredito aos funcionarios.

O segundo punto, Sr. Jácome, quero lembrarlle que os traballadores e se aprobou neste Pleno e dentro da intervención da Sra. Marra, falaba que de acordo co artigo 120 do Texto Refundido da Lei de contratos, a relación de traballadores que prestaban servizo no aparcadoiro porque se procedese conforme a súa lexislación laboral, a súa subrogación de persoal xa se incluía no prego pero tamén dixo a Sra. Marra que “garantimos que esta Corporación sempre que dea cumprimento da

legalidade da normativa do convenio de aplicación deste sector, aprobe que os cadros de persoal do aparcadoiro sexan subrogados nas novas adxudicacións” quero lembrarlle que os traballadores decidiron acudir a vía laboral para presentar demandas e este Concello ante iso, todo o mundo ten dereito a acudir, e foi moi respectuoso igual que sempre este goberno cando hai un recurso ante a xustiza e se esperou a que saíra a sentenza e que dixo a sentenza Sr. Jácome? Vostede sábeo que este Concello non tiña nada que ver e instou á empresa a pagar ou indemnizar ou readmitir noutros postos de traballos aos traballadores, iso é o que dixo a xustiza, iso foi o que fixo, fixar indemnizacións ou readministración por parte da empresa, excluindo de responsabilidade ao Concello porque o Concello cumpriu, cando saíron os pregos e puxo a relación de persoal enteira nos pregos para a subrogación e sempre facendo a salvidade de que o diga o convenio colectivo e que se aplique a lexislación laboral vixente, como en tódolos convenios Sra. Muñoz e agora o tema de Axier, de calquera empresa se está a esperar de que se pronuncie si Sra. Muñoz, pero vostede non foi a Mesa de Contratación a expoñelo, por que non foi a Mesa, e a Marea de Vigo por que non foi? É que van só cando interesa. Mire, a Mesa de Contratación é transparente e todo o mundo pode recorrer as súas decisións, todo o mundo pero por certo, dende o ano 2006 Sr. Jácome o Tribunal de Asuntos Contractuais de Galicia e de España, 31 asuntos, 5 estimados e 26 desestimados, un 85% de acordos e cando ven un asunto estimado por parte dun recorrente por se a súa oferta non foi estimada, se acepta ao momento o que di o recurso, iso é a realidade do que hai, o demais estamos a falar de demagogia de non querer asumir responsabilidades, son vostedes concelleiros, teñen a obriga de acudir ás mesas, expoñan nas mesas o que queren e faise constar en acta e se toman as decisións alí e discutan vostedes cos técnicos que son os que fan as propostas, por certo, se acatará o que a xustiza diga e sempre se actúa dentro da norma, en tódolos procesos que houbo de empresas e de adxudicación sempre levaban a relación de tódolos traballadores, sempre, por parte dos pregos deste goberno, entón o demais demagogia non, acudan e traballen un pouco alí.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: En primeiro termo, non recoñecemos as Mesas de Contratación deste Concello, non as recoñecemos, non recoñecemos ademais un

acto administrativo que non dura máis de 5 minutos, non o recoñecemos, non lembro eu que nunca interrompese a ninguén neste Pleno.

PRESIDENCIA: Ten razón.

SR. JACOME ENRÍQUEZ: Se para vostedes un acto administrativo de 5 minutos é traballar, madre de Deus que concepto máis erróneo teñen vostedes de traballo.

PRESIDENCIA: Permítame só que lle interrompa, as Mesas de Contratación teñen unha media entre dúas e tres horas.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Por outra banda, non recoñecendo as Mesas de Contratación por que demos non convocan a Comisión de Vixilancia que é obrigatoria? Porque aquí parece que as veces se cumpren as cousas que conveñen e outras veces non, esperemos que sexan igual de áxiles no cumprimento de tódalas sentencias porque tamén hai outras sentencias que viñeron moi en contra deste Concello ou de nomeamento de xefaturas. Quen redacta os pregos de contratación neste Concello? Quen aproba as condicións de contratación? Quen aproba a contratación? Non é este goberno municipal? Evidentemente, é este goberno municipal, polo tanto, o goberno municipal é o responsable da situación tanto dos traballadores dos aparcadoiros como dos traballadores da XER, e reitero, efectivamente estivemos nese xuízo e efectivamente tivemos vergoña de escoitar a argumentación do avogado deste Concello porque dicir nun Pleno xa o que antes comentei que dicía a concelleira do Partido Socialista e despois escoitar ao avogado do Concello dicir que os acordos plenarios “que eran orientativos” foi vergoñento para min como concelleiro ter que escoitar iso do avogado do Concello de Vigo.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).*

VOTACIÓN: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e máis do membros do grupo

municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 19.12.2018 (Rex. Nº 1935/1101), polo concelleiro do grupo municipal de Marea, Sr. Jácome Enríquez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**11(237).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A INCORPORAR AO CONCELLO AO “PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS”, ASÍ COMO A AXILIZAR OS PRAZOS DE TRAMITACIÓN DA RISGA. REXISTRO PLENO 1938/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de decembro de 2018, número 1938/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Fai apenas tres meses este goberno municipal sorprendía a propios e estraños presumindo sobre o cheque social. Parecíalle unha moi boa noticia que as axudas para evitar desafiuzamentos en Vigo ou pagar servizos básicos como a luz e o gas se incrementasen un ano máis ata bater todos os récords. Algo increíble e difícil de comprender.

Pero o certo é que, aínda que non sexa para presumir -alo menos este grupo municipal así o pensa- a realidade social de Vigo deixa estas e outros cifras francamente moi preocupantes.

Así, Vigo é a cidade máis pobre de Galicia en inversión social, con 42,16€ por habitante -a media en España é de 60,15€-, ou o municipio con máis paro, 3 puntos por riba da media galega. Un de cada 50 vigueses pasa fame e ten que pedir axuda ao Banco de Alimentos. Os tempos de tramitación da RISGA son os máis elevados de Galicia, superando os 5 meses de espera, o dobre que en A Coruña ou seis veces máis que en Pontevedra; ademais de concentrarse na nosa cidade o 50% dos perceptores desta Renda.

Pero non remata aquí a cosa. En Vigo, preto de 63.000 persoas viven baixo o limiar da pobreza; e tamén Vigo rexistra a taxa de risco de pobreza máis elevada de Galicia, con máis dun 18%. E por desgraza, non podemos esquecer que Vigo é tamén a cidade con máis desafuzamentos da Comunidade, con un cada dous días.

Esta situación amosa un executivo que vive de costas á pobreza, como ten volto a demostrar recentemente cunha muller vítima de violencia machista á que o Concello negouse a darlle unha vivenda. E agora, nunha operación de lavado de cara, outorgan dous pisos a familias necesitadas.

Unhas vivendas que desde este grupo municipal levamos tres anos denunciando que estaban completamente baleiras desde que o IGVS as cederá no 2012, namentres que numerosas familias de Vigo tiveron que abandonar a cidade e aceptar pisos que lle ofrecía a administración autonómica noutros concellos da área porque aquí o alcalde, por motivos políticos, négase a asinar un convenio coa Xunta.

Pero para atender estas e outras necesidades fai falla traballar. E o traballo comeza por mellorar o departamento de político social, con só 16 traballadoras sociais cando debería sumar alo menos 30, unha cada 8.000 habitantes, como establece a lei.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

#### ACORDO:

- Instar ao Goberno municipal a incorporar ao Concello de Vigo ao programa de Vivendas Baleiras, para dar cobertura as persoas que sofren desafuzamentos.
- Instar ao Goberno municipal a axilizar os prazos de tramitación da RISGA, contratando o persoal necesario no departamento de política social.”

#### DEBATE:

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Hai uns días neste Concello houbo unha disputa entre vostede da que nos culpan como sempre a nós, de repente a responsable de Benestar Social comezou a falar de vivenda e comezou a falar de mulleres



maltratadas, que raro, a verdade é moi curioso que se levanten vostedes, vivendas baleiras que as tiña vostede Sr. Alcalde, eu lamento que vostede faga de Alcalde, agochadas non se sabe para quen e para que e por que, gracias a descubri-lo nós hai dúas persoas que viven nesas casas nas Roteas, queda unha por adxudicar, Sr. Alcalde por que non soporta vostede a pobreza? Por que consinte que 63.000 persoas desta cidade estean na pobreza máis severa? Por que necesita demostrar ese poder enfermizo sobre todo ou que non lle gusta? Por que permite que sexamos a cidade galega con máis desafuzamentos? Por que presume dunha cidade fermosa cando cada tres portais está unha persoa tirada no chan pedindo? Por que permite a máis de 50.000 persoas que viven soas nesta cidade que se lles estea roubando no recibo da auga e se lle roube no recibo do lixo? Gobernaron é verdade, o Partido Popular, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, é verdade que tampouco avanzaron moito pero ningún deles subiu os impostos como os subiu vostede, nin ningún deles mandaba a Policía o día da Noiteboa aos barrios a multar para recadar cartos, este ano o Sr. Alcalde felicítounos en Coia a Noiteboa mandando ás 8 da tarde á Policía a multar ás familias que veñen a comer cos seus pais, por que necesita demostrar ese poder enfermizo Sr. Alcalde? Tendo na porta, pasando fame e frío durante dous anos as únicas persoas que realmente fan algo polo tema dos sen teito? Por que permite que estean persoas aí afora facendo este ruído que non nos deixan falar e fan moi ben, por que o permite na súa casa porque é vostede quen ten a solución para todos eles.

A verdade é que me da moita pena todo isto, moita pena, faga caso, non ten vostede un proxecto, non ten un plan de reinserción, de integración, o Orzamento mingou un 15%, o cheque social non aumenta, pero os que o necesitan si que aumentan, non se evitan os desafuzamentos, non ten vivendas baleiras, non ten un lugar onde os sen teito morran con dignidade e non tirados na rúa, é necesario investir nas necesidades dos máis necesitados, repito, A Coruña con 1.400 RISGAS gasta 5,2 millóns de euros, Vigo con 3.172 gasta 2 millóns e pico, debería darlles un pouco de vergoña, pregunto simplemente, a Xunta de Galicia da 52 millóns á cidade de Vigo en política social, onde mete vostedes o resto, onde, esa é a pregunta que nos facemos dende o Partido Popular e eu quero explicarlle á xente o das vivendas baleiras porque ten dúas avantaxes moi grandes, para o desaloxado e para propietario, o desaloxado porque simplemente ten onde vivir e o propietario

dos pisos porque a maioría das persoas non poden alugar por falla de seguridade e ese propietario a Xunta de Galicia lles facilita e lles asegura un aluguer e lles asegura que esas vivendas van estar en condicións perfectas cando acabe o aluguer, págalles un seguro todo o ano por que se negan vostedes a axudarlles aos propietarios de pisos baleiros desta cidade a poder alugar con seguridade, por que teñen tanto interese en que a pobreza se estenda, por que non solucionan dunha vez as necesidades das persoas soas desta cidade, de verdade non teñen a máis mínima vergoña e non son capaces de reunir á xente que sabe para facer un proxecto social importante nesta cidade, de verdade, hai que ser moi mala persoa para poder facer iso, aparte de moi mal Alcalde.

SR. PÉREZ CORREA: Nos imos a cinguirnos ao contido da moción, entre outras cousas porque con esta moción non estamos nada de acordo e porque ademais hai que ser rigorosos coas cuestións que se poñen nas mocións porque se falamos de pobreza, cargar sobre os concellos a responsabilidade de loita contra a pobreza cando os concellos só recadan un de cada catro euros que logo van destinados á política sociais, pois cando menos nesta moción debería figurar que se hai unhas administracións e unha responsabilidade na existencia de grandes bolsas de pobreza na nosas cidades é unha responsabilidade case exclusiva do Partido Popular e a súa xestión porque ademais da constitución se podía ter reformado ao requirimento, moitas veces da esquerda, precisamente para blindar o gasto social que non figura blindado, nin sequera queda claro cales son as competencias que teñen os concellos e cales son as competencias que teñen as administracións autonómicas ou centrais, pero é que ademais foi o Partido Popular o que fixo unha reforma da Lei de bases eliminando un artigo esencial que dicía que os concellos podían asumir máis competencias en materia de servizos sociais, máis competencias en materia de vivenda e foi o Partido Popular o que eliminou ese artigo da Lei de bases, establecendo un criterio que en caso de concorrencia de competencias entre as dúas administración tiña que haber un informe vinculante e neste caso da administración autonómica, como iso é información pública que calquera persoa pode facer, o artigo 28 da Lei de bases que establecía competencias para os concellos foi laminado polos gobernos do Partido Popular, por certo, non emendando por agora polo Partido Socialista e esperamos que así o

faga para recuperar non só competencias que poden asumir os concellos senón tamén recursos para facelo, e dígoo porque nós estamos rotundamente en contra do Plan de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia porque é mentira, é absolutamente mentira, só hai que ler as bases que unha persoa que sofre un lanzamento hipotecario, unha persoa que sofre un desafuizamento pode ir a unha desas vivendas, porque esas vivendas entran no rexistro de vivendas baleiras cando unha persoa propietaria quere facer unha reforma a cambio de 3.000 euros de reforma, introducen á vivenda e a persoa que accede a esa vivenda ten que estar no rexistro demandante de vivenda pública e ten que ter un nivel de renda porque vai baremado, unha persoa no Concello de Ourense ou en calquera dos concellos de aquí que asumiron o Plan de Vivenda da Xunta de Galicia a unha familia que se queda na rúa como o foi o caso que se cita aquí nesta moción, non ten acceso a esa vivenda. Nós defendemos que os concellos si poden facelo a través do mecanismos que xa dixemos, dun plan municipal de vivenda e cos recursos públicos temos 5 millóns de euros metidos nun caixón despois de liquidar moitas vivendas públicas, de valores catastrais de 200 e 300.000 euros case, pois con iso intentar buscar polo menos valores catastrais ou polo menos o prezo final de venda, con iso buscar un pequeno parque de vivenda municipal como están facendo moitos concellos en cada UVA de servizos sociais teñen asignadas tres, catro vivendas por cada distrito de Vigo para eses casos de emerxencia pero o que non podemos e descargar sobre os concellos que teñen solventar a cuestión da vivenda e a administración que recada a pasta para facelo agora mesmo di que en Vigo non ten ningunha vivenda, a Xunta de Galicia non pode dicir que en Vigo non ten ningunha vivenda porque entre outras cousas a maior parte dese 42% do gasto orzamentario que é gasto social, son cartos que recada a administración autonómica que non transfere neste caso ao concello. Polo tanto, aquí, este grupo municipal levou unha moción na que pedía colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello para asumir as debilidades en materia de servizos sociais das dúas administracións e tentar facer un Plan contra a falla de vivenda e a pobreza que nin a Xunta de Galicia foi capaz de facer.

Programa da Xunta de Galicia en Ourense 80 solicitantes, cero vivendas, porque os propietarios a cambio de 3.000 euros que lle pode custar dentro dese custe global dunha reparación teñen que meter durante dous anos a vivenda no programa e

agora mesmo está practicamente paralizado no conxunto dos concellos que a asumiron, hai unha oportunidade que é o novo Plan de Vivenda Estatal que vai a ter unha transposición económica para a Xunta de Galicia, pois que o Partido Popular lles permita aos concellos xestionar eses recursos, nós pedimos que o Plan Estatal de Vivendas vaia directamente do Plan Estatal aos concellos, que ao Concello de Vigo se lle dea a oportunidade de ter un parque municipal de vivendas con eses recursos, seguramente solventariamos gran cousa, e ademais porque a RISGA, o problema non é a tramitación só, o problema é o importe da RISGA o problema é a cantidade, agora temos que contratar máis traballadores sociais se van facer eliminando prazas por desgracia da Oferta Pública pendente é porque durante anos a taxa de reposición chegou a ser cero.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Sra. González, eu creo que o primeiro que debería vostede coñecer é o que di o Estatuto de Autonomía de Galicia, que dentro do seu capítulo I no artigo 27 pon que “no marco do presente estatuto corresponde á comunidade autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias” no punto 3 “ordenación do territorio, do litoral, urbanismo e vivenda” e no punto 23 “asistencia social”, todo isto que estamos a falar é competencia da Xunta de Galicia, das comunidades autónomas, non a vin a vostede reclamar nunca diante da Xunta de Galicia, nunca pero nin agora nin antes, nunca a vin reclamando. O certo é que este Concello dende que ven gobernando o Sr. Caballero no ano 2007, comezou con 4.267.000 euros nesas orzamentos de axuda sociais, estamos no ano 2018 con 16.258.000 euros iso é un 280%, unha labor que esta a facer este concello que lle correspondería facer á Xunta de Galicia e que non fai nada, non fai nin un só investimento nesta cidade, quero recalcar aí un tema que pola premura de tempo si que me preocupa porque o outro día deuse unha situación bastante lamentable, por certo, do grupo Popular e do grupo da Marea de Vigo, o uso dunha persoa de violencia de xénero, unha exposición pública dun tema así é teñan coidado que as vivendas son de protección, son para mulleres maltratadas, o desvelar as ubicacións é un problema, é de legalidade, da ubicación desas vivendas non o esquezan que é un problema serio.

Temos, Sra. González, máis de 17 millóns de euros este ano que se fixeron nun orzamento de 257 millóns neste ano son 17,7 millóns de euros para axudas

sociais, subimos 2,7 millóns de euros o que supón un incremento do 22,31% con respecto ao ano anterior, nós estamos a cubrir as carencias da Xunta de Galicia, nós estamos atendendo á toda a xente, cos programas escolares, cos comedores, co albergue, lle quero recordar que hai un albergue construído nesta cidade en época de crise, o único de Galicia, para atender á xente de toda Galicia, tamén transeúntes, non o esquezan, non crean todo o que din os que avogan representación que un día os ilumina Deus e creñse que representan a alguén, a representatividade dáse aquí, no Pleno e presentándose ás eleccións e que a xente vote, iso é o que da representatividade non un que se ilumina un día e está aburrido e se avoga en representación de Deus, esa é a realidade de onde está a representación, os centros de día, déixanme continuar.

Sra. González, todo isto coa cofinanciación dos centros de día, con 50.000 asociacións, con toda a xente que necesita axuda nesta cidade, toda a xente atendida e se fala, e se atenden aos desafuizamentos, e o departamento de Benestar Social ten xente de sobra, mire, non é certo que poñen no seu escrito de que hai 16 traballadores, miren a RPT, hai 24 traballadores, 23 e unha xefa de servizo, nas ofertas de emprego hai sacados 8 prazas, hai quitadas na oferta a interinos na oferta do 2014, 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019 Sr. Pérez, sabe que pasa? Eu estou contento de amortizar prazas sabe por que? Porque non se podían ocupar, é que están vostedes pensando que ocupar prazas é como están baleiras se poden ocupar todas, non, pódense ocupar as que se xubilan nese ano, non todas as que hai, por certo, a taxa de reposición dende o ano 2010 co mesmo goberno, de acordo, pois iso é o que teñen que lembrar e hai que protestar onde toca e a competencia quen a ten que iso é o primordial, quen ten a competencia que a exerza, o demais todo é este concello a maiores.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: A competencia tena pero delegada no Concello, non ten ningunha competencia extraparticular senón delegada, de todas maneiras non vou perder o tempo en contestarlle, estou cansada, son moi vella xa, sabe, levo defendendo moito tempo o social e como son moi vella xa non aguanto estupideces, entón, primeiro, non sabería a quen contestar primeiro se a un xornal se a vostedes cando fixen a moción e que xa non o sabía, eu xa sei que os cartos teñen moito poder pero eu creo que polo menos hai que ir ás hemerotecas e hai

que saber o que se fala, xa todos sabemos nesta cidade que non todo o que poñen os xornais é verdade unha parte pero a outra pois está toda moi condicionada, entón imos ver, no tema dos cuidadores de barrio poderían ir a hemeroteca calquera deles e ver que foi un tema presentado por min, pola Federación, e que ademais agora queren exportar a toda España, dígalle ao Sr. Alcalde por favor que cando eu presentei xa eu tiña toda España, non fagan o parvo máis porque de verdade que levan facendo o parvo “tela marinera” nesta cidade. Señores de Marea de Vigo, vostede que pretende que os que están agora desafuizados tarden tres anos en ter un piso? Eu non digo que sexa unha solución as vivendas baleiras da Xunta de Galicia, digo que é un parche perfecto mentres non se constrúe vivenda, si poden acceder, vostede que visita tanto por aí por que non vai visitar á oficina que está na Xunta de Galicia e preguntar, non, e hai axudas da Xunta para pagar o aluguer, non non é así, si que ten que ver coas vivendas baleiras, non estou a falar da RISGA, estou a falar de pagar o aluguer, é vostede o que non se decata.

Despois de todas esas historias que simplemente non sei o que entenderon ou o que non entenderon do todo o de antes, non o sei, cando queiran podo explicarllo ao Partido Socialista en particular porque dáme vergoña falalo en alto, entón cando queiran eu explícolle por que dixen o dos nenos non o que vostedes tratan de entender.

E dicirlle simplemente Sr. Alcalde que son a oposición, vostede é o Alcalde desta cidade neste momento e entendo que terá a alguén que me poida contestar. Remítome e ratifico todo canto dixen na primeira parte sobre a pobreza, son vostedes uns impresentables no tema da pobreza, de verdade que si, uns impresentables, simplemente é o resume do ano.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).*

**VOTACIÓN:** Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dúas abstencións dos

membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 19.12.2018 (Rex. Nº 1938/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**12(238).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REALIZACIÓN DUNHA AUDITORÍA EXTERNA SOBRE O CONXUNTO DO ESTADIO BALAÍDOS, ESPECIALMENTE GRADAS DE MARCADOR E GOL, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1939/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de decembro de 2018, número 1939/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“As obras de remodelación e mellora do Estadio Municipal de Balaídos téñense convertido dende o seu comezo nunha inesgotable fonte de conflitos debido aos continuos retrasos, sobre custes e carencias nas mesmas.

Unhas obras que segundo declaracións do alcalde de Vigo tiñan que estar rematas completamente a mediados do ano 2017, seguen sen rematarse. A grada de marcador aínda non foi dotada de novos asentos, mantén graves carencias de iluminación e as medidas de accesibilidade á mesma teñen sido grandemente criticadas por colectivos con diversidade funcional, todo isto unido a un sobre

custe das mesmas de mais de 5 millóns de euros, o que constitúe unha mostra clara do desastre de xestión do goberno municipal.

Polo que respecta ás gradas de Marcador e Gol, seguimos a esperar por un proxecto cuxa redacción foi adxudicada no mes de xuño deste ano cun prazo de execución de 8 meses, que debía ser entregado en varias fases segundo consta nos pregos do concurso, e do que, á data de hoxe, nada se sabe mais aló das múltiples infografías e anuncios publicitarios do goberno de Abel Caballero.

Mais aínda dubidamos da intención do goberno local de levar adiante este proxecto para as gradas de Gol e Marcador cando os orzamentos para o ano 2019, tanto do Concello de Vigo como da Deputación de Pontevedra, non recollen partida algunha para estas obras.

Recentemente numerosos afeccionados, socios do Real Club Celta, e incluso as Peñas do Celta, teñen alertado de graves deficiencias na grada de Marcador que poderían comprometer a integridade dos ocupantes da mesma, e mesmo están a solicitar cambios de ubicación dentro do estadio porque desconfían do estado da mesma, sen que desde o Concello de Vigo, propietario e responsable do Estadio Municipal, se teña demostrado fehacientemente que a grada está nas debidas condicións de acoller aos afeccionados.

Todos lembramos as grandilocuentes declaracións de Abel Caballero respecto da necesidade de garantir a seguridade dos afeccionados cando o desprendemento dunhas chapas metálicas obrigaron a suspender o encontro RC Celta - Real Madrid, e que contrastan grandemente coas actuais nas que se remite a unha "inspección visual" e a amosar uns documentos que non permite ler para afirmar que a grada de marcador non supón perigo para os usuarios. Todos lembramos o ocorrido no Marisquiño, resultado da derradeira "inspección visual" realizada polo Concello.

Do mesmo xeito seguimos sen resolver a concesión do Estadio Municipal de Balaídos tras varios contratos para os estudos sobre o canon que se manteñen ocultos, e case un ano despois do compromiso de Abel Caballero de chegar a un acordo co RC Celta. Así, semella que a intención do alcalde e expulsar ao RC Celta de Balaídos como xa pasou no caso da cidade deportiva.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

- Instar ao goberno municipal a realización dunha auditoría externa independente sobre o conxunto do Estadio Municipal de Balaídos, especialmente das gradas de Marcador e Gol, así como a facelo público unha vez rematado para coñecemento de todos os afeccionados que acoden a Balaídos e tomar mentres tanto as medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios.
- Instar ao goberno municipal a rematar as obras na grada de Río completando o alumeado pendente, renovando os asentos e mellorando a accesibilidade a dita grada.
- Instar ao goberno municipal a presentar de forma inmediata unha proposta de concesión administrativa do Estadio de Balaídos de xeito público e transparente.



- Instar ao goberno municipal a abandonar a súa política de boicot ao RC Celta de Vigo de xeito que se garanta a permanencia do clube en Vigo.”

#### DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: A reforma de Balaídos é un dos grandes fracasos do Sr. Abel Caballero xunto con outros moitos que poderíamos enumerar e non nos daría tempo ata á hora de comer, sería o Plan Xeral, o rescate do Auditorio etc.

A reforma de Balaídos converteuse polo tanto, nun pesadelo que ninguén sabe nin cando nin como acabará se que é que algún día acabará, unha enorme chapuza que pode levarse por diante o goberno populista do Sr. Abel Caballero, unhas obras de reforma que se converteron nunha fonte inesgotable de conflitos debido a moitas causas, principalmente as súas continúas improvisacións, atrasos nas obras, sobrecustes e carencias despois das obras, unhas obras que en 2014 durante a precampaña das últimas municipais o Alcalde prometeu que estarían totalmente rematadas para o inicio da tempada 2017-2018 e estamos a metade da tempada 2018-2019 e nin sequera finalizaron as obras na grada de Río porque aínda non se substituíron as bancadas, sen embargo si se eliminaron bancadas e se fixeron escaleiras e hai decenas de abonados afectados porque teñen o seu abono en asentos que non existen porque a grada non cumpre cos parámetros de iluminación que esixe a liga de fútbol, polo que está multando ao Celta de Vigo, polos problemas de accesibilidade a grada, que foron duramente criticada por colectivos con diversidade funcional e por non ter non ten nin liña de televisión para ver as repeticións, nin wifi porque a empresa construtora desmontou a infraestrutura e non a volveu a repoñer, os xornalistas que cobren os partidos súfreno e sábeno, tamén lles prometeron aos xornalistas que os levarían outra vez a Tribuna cando remataran as obras para non ter que dar toda a volta ao Estadio ata chegar a sala de prensa que como todo o mundo sabe está debaixo da grada de Tribuna.

En resumo, un envoltorio moi bonito por fora pero un mero lavado de cara que nos custou aos vigueses máis de 15 millóns de euros, puro subrealismo, un absoluto sen sentido a cargo dos impostos dos vigueses cuxo responsable é o Alcalde de

Vigo porque encontrou unha institución que non se prega aos seus intereses. Polo que respecta ás gradas de Gol e Marcador nada se sabe, seguimos esperando por un proxecto cuxa redacción foi adxudicada no mes de xuño, que debería ser entregado en varias fases, segundo consta no prego do concurso, pero que parece ser que polo que vemos nos orzamentos de 2019 que non hai ningunha partida para a reforma do Estadio, entendemos que non se vai facer, normal que teñamos dúbidas porque se houbera algunha intención de rematar este chapuceiro lavado de cara pois vería algo reflectido nos orzamentos do Concello ou incluso na Deputación, institución que preside a Sra. Silva, unha vez máis ausente neste Pleno porque non lle interesa, lle queda pequeno, non se rebaixa a vir aquí ao Pleno municipal, non lle interesa o que aquí debatemos, igual que o Alcalde que tamén se marcha porque non lle gusta escoitar o que di a oposición sobre a realidade do estado da cidade e do Estadio de Balaídos.

Recentemente numerosos aficionados, socios do Real Club Celta, incluso a peñas do Celta, alertaron das graves deficiencias e gretas na grada de Marcador que están a poñer en serio perigo a integridade dos usuarios e por iso moitas deles optaron por non acudir ao campo ou por solicitar un cambio de ubicación no mesmo, por que? Porque desconfían do seu estado de conservación, o Concello de Vigo responsable e propietario do Estadio Municipal non deu ningunha solución, nin unha resposta que tranquilice aos aficionados. Todos nos lembramos das grandilocuentes declaracións do Alcalde respecto de garantir a seguridade dos aficionados cando polo desprendementos dunha uralita o día anterior a un partido contra o Real Madrid obrigou a suspendelo e en cambio agora se remite a unha inspección visual e a dicir que a grada de Marcador non supón ningún perigo. Todos tamén nos lembramos do que pasou con O Marisquiño, resultado da última inspección visual do Concello e por iso traemos esta moción ao Pleno, traémola para instar ao goberno municipal a que faga unha auditoría urxente, externa e independente sobre o Estadio de Balaídos especialmente as gradas de Marcador e Gol, rematar as obras da grada de Río e unha serie de acordos que logo volverei a detallar.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: En cada ocasión en que este goberno municipal ten que acometer un proxecto que precisa da colaboración con outras institucións ou

outras entidades, saltan problemas e o estadio é un exemplo máis de desencontros que xa fan dubidar moi seriamente da posible recuperación do enorme investimento público que se está a facer nesta infraestrutura municipal. Asinaba o Sr. Louzán, no seu momento no ano 2015 o primeiro convenio entre a Deputación e Concello para a reforma desta infraestrutura, valorada naquela altura en 15 millóns de euros cada administración, isto ante de sobrecustes, claro. Non tardou moito despois deste convenio en emigrar o Sr. Louzán a outro emprego aínda que continúa compatibilizando con certos cargos de responsabilidade, xa se deron diversas datas para o remate das obras, agosto do 2017, febreiro do 2018, máis estamos onde estamos e non sabemos nin cando vai a rematar a obra nin como vai ser o convenio de uso, nin canto tempo vai durar ese convenio, e ademais é evidente que as palabras do presidente do Celta respecto a todo este tema non chamas á tranquila precisamente. Cando este grupo fala de tranquilidade nos referimos á recuperación duns fondos públicos que foron soterrados nunha reforma que tamén como é habitual tiña que converterse nun edificio único e singular, expresión que xa estamos habituadas e escoitar neste Pleno e na prensa. Non sería unha reforma funcional e de seguridade, habería que facer un investimento millonario e agora corremos o risco de quedar cun estadio no que estamos soterrando millóns sen saber o compromiso, nin temporal nin económico, que vai facer a sociedade anónima que está chamada a facer uso da infraestrutura en practicamente réxime de monopolio, e claro que todas estas declaracións do presidente da sociedade anónima poden ser só un teatro dunha empresa chamada a reducir o canón e a aumentar os beneficios, pero isto non saca a responsabilidade que ten o Concello neste asunto, tíñase que ter asinado o convenio non despois do remate da reforma senón que todas estas cuestións, canón e tempo de permanencia, tiñan que estar xa clarexadas dende hai tempo e dende logo nós podemos entender certo atraso nas obras, máis problemas como o de iluminación, problemas de accesibilidade, os atrasos na redacción dos proxectos non son tolerables cando hai en xogo tantos cartos públicos. Lembremos tamén que o convenio inicial indicaba que se outras administracións entraban no financiamento da reforma do estadio, tanto Concello como Deputación, aminorarían os seus investimentos na mesma cantidade, gustaríanos saber que se vai facer a este respecto.

Respecto da cidade deportiva este grupo municipal xa se expresou con claridade, se o Celta pode construíla sen superficie comercial, adiante, ben sexa a través da modificación do PXOM actual ou a través da ferramenta legal que se considere máis áxil. Discrepamos evidentemente do proxecto en Mos e discrepamos en coherencia coa nosa posición política, sempre dixemos non ao espolio do monte e dende logo sempre dixemos non a grandes superficies comerciais ás aforas da cidade que matan ao pequeno comercio, da igual que sexa en Mos ou a mil metros dentro do noso termo municipal.

Referíndonos en concreto aos acordos que ten esta moción estamos a favor desa auditoría externa e urxente que se propón das gradas de Marcador e Gol, unha inspección visual e insuficiente e sen entrar en colapsos estruturais é claro que a seguridade está comprometida. Nós, se non hai certeza da seguridade nestas gradas pedimos a reubicación dos/as aficionados por principio de precaución e por responsabilidade, nin que fora a primeira vez neste estadio dende o comezo da obra que se pechase unha grada e se trasladase ao público, non é unha medida nin excepcional nin alarmista, xa se fixo noutras ocasións e non pasa nada.

A proposta de concesión, instar ao goberno municipal a presentar a proposta de concesión administrativa de forma inmediata, para nós xa tiña que estar feito, queremos saber canto vai ser o canon, por cantos anos e cantos cartos públicos van ser recuperados e canto tempo vai xogar o Celta con total seguridade neste estadio, outros estadios da Galicia foron reformados en tres veces menos tempo, por menos dun terzo do investimento que se vai facer aquí e dende logo con menos dun terzo dos problemas que estamos a ter en Vigo.

Agardamos que todo este gasto de administracións públicas que se está a facer sexa para algo máis que para que unha persoa chegue a presidente da Federación Galega de Fútbol.

Debemos dicir que o último acordo e para nós dubidoso, non queremos un boicot do goberno municipal ao Celta, témome aquí o Partido Popular deixouse levar por unha linguaxe que non por ser común neste Pleno está dentro da realidade, pedimos pois a votación por puntos conforme ao artigo 64 do Regulamento do Pleno.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Eu alégrome, de verdade que é unha ledicia para min ver

que o grupo da Marea se preocupa polo Celta, o fútbol, o estadio de Balaídos e tal, normalmente dicían que era unha empresa privada, que había que pasar e punto, iso era unha realidade.

Pero miren, se queren traballos serios en outubro do 2003 a empresa G. O. C. unha empresa de control de calidade certificada no ano 2003, co goberno do Sr. Ventura, xa se fixo un estudo e realizou unha auditoría técnica co obxectivo de analizar o estado da estrutura de todo o estadio de Balaídos, inspección visual, estudo esclerométrico do rebote do formigón, por certo, nos puntos onde estaba visualmente peor o formigón, no ano 2013 dez anos despois, Galaicontrol xa fixo un estudo informativo de recoñecemento da estrutura de formigón armado do Estadio de Balaídos, tamén con diferentes testemuñas, mostras de laboratorio e todo iso, e todo isto que nos levou foi que no ano 2018, hai un informe dun enxeñeiro, que por certo está aquí, de Zubia Ingenieros, de visita e informe inspección visual previa das gradas de Gol e Marcador, xa o Concello está preocupado e está atendendo e traballando nas obras e pequenas reformas que hai que facer nese estadio porque a grada de Río está practicamente rematada, por certo, o que o Concello non vai facer son os caprichos doutros, o Concello colocou todo o que retirou, nin máis nin menos, colocou o que se comprometeu, igual que na grada de Tribuna e na grada de Río hai unha accesibilidade moi mellorada o que non saben é que o proxecto dos ascensores está previsto facelo co proxecto da reforma das pistas que hai debaixo da grada esa é a realidade, e se fai dentro da obra dos pavillóns, por certo, xa que tanto falan do Celta e da comunicación que teñen, saíu en prensa tamén unha noticia do mantemento do ascensor que non funciona ben Río, o mantemento lle corresponde ao Club, non se esquezan e no proxecto deste Concello feito para a grada de Río, Gol e Marcador hai 19 ascensores para que non teñen dúbidas do que é a accesibilidade e mobilidade, iso que lles quede moi claro. En canto ao alumeadado o Celta é o responsable do espectáculo e o Celta o que ten que facer se quere optar a premios a grandes logros da liga de fútbol profesional ten que investir, nós parece moi ben, nós estamos de acordo pero o que se retirou de cableado, de luces, de iluminación é o mesmo que se colocou, o mesmo, non quedou nada polo camiño, non pensen que ao final houbo cousas que non se puxeron, se puxo todo o que se quitou.

En canto ao convenio ou ao tema da concesión non se preocupen que

proximamente estará ao caer, vaise quitar, sabe que pasa? Que ao mellor o que non lle gusta é que haxa un club que teña que pagar un canón, eu lembro que a Marea de Vigo estaba nesa postura, estaba polo postura de que había que pagar un canon, que era iso de darlle libremente a un equipo privado, e todo o que fixo este goberno do Concello co tema de Balaídos foi reformar por seguridade un estadio que non tocou ninguén, pero por certo non tocaran nin para quitar o óxido cun bote de minio, ninguén, pero o saben o principal? Vostede falou de O Marisquiño Sr. Fidalgo, quero lembrarlle que en todo este proceso de O Marisquiño só hai un auto dictado pola xuíza o 29 de novembro que di, escrito dirixido a Autoridade Portuaria de Vigo onde lle di “le hago saber que dicha zona no ofrece garantías de seguridad, debiendo permanecer la limitación del cese, por lo que usted deberá dotar las medidas que considera oportunas para garantizar en la zona, procediendo si así lo estima conveniente a su derribo y nueva construcción, quedando por tanto dicha zona a la libre disposición de la Autoridad Portuaria al tratarse de una zona que se encuentra dentro del dominio público”, por certo, se tódalas previsións súas son así os seus amigos que vaian escapando. E só unha última cousa, mire, eu comparto sempre a proposta que a concelleira de Urbanismo deixa moi claro que os terreos de Mos e tal, saben o principal? Os grandes clubs do mundo foron coñecidos polo fútbol, ningún por un pelotazo urbanístico, esa é a realidade, eses son os grandes clubs, díxoo a concelleira sempre e para este Concello e este goberno calquera club recibe apoio, recibe atención igual que o Celta recibiu no seu día, apoio, atención e segue recibindo, pero dentro da legalidade e se eu quero comprarme unha casa terei que pagala, digo eu, está moi ben que os trámites sexan áxiles e todo iso pero terei que pagala.

SR. FIDALGO IGLESIAS: É moi triste escoitar ao Partido Socialista falar de Balaídos e do Celta porque se lles nota o rencor, o odio, o resentimento que teñen contra o Celta que é unha das institucións máis importante da cidade, que estaba antes que estiveran vostedes e estará despois de que se vaian vostedes, non sei que lles fixo o Celta para que falen así con tanto rencor, con tanto odio, resentimento contra o Celta, igual é porque é unha das causas polas que se van a ir á oposición dentro de 5 meses porque non se pregaron aos seus intereses, mire, dende o

Partido Popular, como sempre, queremos manifestar a noso apoio aos proxectos estratéxicos de Vigo e sabemos que o Celta é un dos nosos principais activos e por iso o Partido Popular de Vigo vai estar sempre como estivo e estará sempre co Celta porque apoiar ao Celta señores socialistas é apoiar a Vigo e vostedes están empeñados en botar ao Celta de Vigo e ata que boten ao Celta de Vigo non van parar, que vai a pasar co Celta-Bilbao? Están nerviosos.

PRESIDENCIA: Por favor imos rematar que xa queda menos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Que vai pasar? Por que non nos contestou a nós, pedimos o informe ese que teñen de seguridade sobre a grada de Marcador tamén pediuno o Celta por burofax, haberá un partido dentro de poucos días Celta-Bilbao, que vai pasar aí? Poden ir os aficionados con tranquilidade? Por que se está a ocultar á oposición esa concesión que xa levamos tres estudos distintos, un de Idóm, outro de Garrigues, de Nostrum pagados polos vigueses, tres estudos, vostede di que proximamente, nos nosos cines estará ao caer, a saber que cae, a saber que nos cae pero ademais é moi forte as súas acusacións contra o Celta, falando de pelotazo urbanístico, vostede está acusando ao Celta de intentar facer un pelotazo urbanístico, é increíble como tratan de tapar as súas vergoñas por non ter dado unha solución ao Celta e por non darlle resposta a un club, orgullosos estamos os vigueses.

PRESIDENCIA: Se pronuncia sobre a votación por puntos?

SR. FIDALGO IGLESIAS: Non temos ningún inconveniente en votar por puntos.

PRESIDENCIA: Esta ao caer é o bo que ten que os tempos os marcamos nós que para iso nos elixiron os cidadáns, iso é o bo.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).*

PRESIDENCIA: Procédese á votación por apartados.

VOTACIÓN PARÁGRAFO 1: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia,

VOTACIÓN PARÁGRAFO 2: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia,

VOTACIÓN PARÁGRAFO 3: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia,

VOTACIÓN PARÁGRAFO 4: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, dúas abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez



Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 19.12.2018 (Rex. Nº 1939/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**13(239).**- Non se formularon.

#### **FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

**14(240).**- **PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, REFERENTE ÁS CLASES DE LUTHERÍA DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.**

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Nós queríamos, como dixo o meu compañeiro que esta cidade estivo antes de vostedes e continuará despois, queremos manter o legado de García Barbón e queremos preguntarlle se vai manter, este goberno municipal, a clase de luthería na Escola Municipal de Artes e Oficios.

PRESIDENCIA: As ofertas de emprego xa están comunicadas cas prazas que se convocan.

**15(241).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, REFERENTE ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE BÉISBOL.**

SR. GAGO BUGARÍN: Quería saber cal vai ser o futuro deportivo dos clubs de béisbol dos Halcones e do Trasnos, porque o outro día nos atopamos ao presidente e nos dixo que non teñen campo como vostedes saben, nós o denunciámos en varias ocasións, que alí.

PRESIDENCIA: A pregunta cal é?

SR. GAGO BUGARÍN: A pregunta é cal é futuro das instalacións deportivas que o Trasnos e os Halcones de béisbol van a ter para poder disputar os seus encontros.

PRESIDENCIA: Contestáraselle por escrito.

**16(242).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE ÁS PRAZAS PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL FRONTE AO CENTRO DE SAÚDE DE SÁRDOMA.**

SR. PÉREZ CORREA: Nós queríamos preguntar se vai a acometer a instalacións de prazas para persoas con diversidade funcional en fronte do centro da saúde Sárdoma que xa o pedimos varias veces pero que xa é unha necesidade importante.

PRESIDENCIA: Contestáraselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte e nove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.